

ESTRATEGIA
GALEGA
ACUICULTURA



PRÓLOGO

Galicia posúe un contorno mariño privilexiado, que nos ten dado camiños non só físicos, senón tamén económicos e sociais. Neste senso, o océano Atlántico e o mar Cantábrico teñen sido xenerosos na súa entrega de bens e riqueza, para o que as galegas e galegos viñemos desenvolvendo unha loita intensa ao longo de séculos, forxada no saber facer, no sacrificio e no esforzo do traballo de mariñeiros, pescadores e mariscadoras.

Este labor dedicado tense estendido nas últimas décadas cara a un proceso que nos leva a afianzar o espazo da pesca e do marisqueo mediante a incorporación de traballos e procesos produtivos ligados aos cultivos mariños, facendo que os vínculos económicos e sociais do eido marítimo–pesqueiro galego se reforcen no marco xeral das nosas actividades produtivas.

A pesar do parón sufrido pola acuicultura europea e española, que acada tamén á galega, parece que as novas tendencias e apostas do marco comunitario atinxen na prioridade do desenvolvemento da acuicultura, para o que se promove un relanzamento que leve de novo ao dinamismo produtivo. Para tal fin Galicia quere servir de exemplo ao desenvolver unha ampla e aberta aposta pola acuicultura no seu territorio. Agora ben, isto non supón

novidade algunha, xa que simplemente se está a traballar na recuperación do pulo que sempre amosou o eido acuícola galego, e que nos levou á proa do avance deste sector no marco nacional e internacional en tarefas coma a mitilicultura ou a piscicultura de especies diversas.

A panca sobre a que mover este impulso é a Estratexia Galega de Acuicultura (ESGA), que vén a establecer os seus piares sobre unha xeira de principios, coma a cohesión interna, a conexión con todos os eidos e facetas da actividade ou a coherencia co disposto noutras ferramentas de ordenación. A consecución dun equilibrio e viabilidade da acuicultura en termos ambientais, sociais e económicos é o cerne dos obxectivos desta ferramenta, cuxo carácter integral fai que se consiga avanzar en todos o campos que manteñen ligazón coa actividade acuícola galega.

Pero o futuro que buscamos xa empezou, e non agarda, polo que deberemos traballar arreo para que, no horizonte de 2014 e por diante das demais comunidades e rexións europeas, teñamos todos os puntais desta planificación establecidos e se permita á acuicultura evolucionar de forma ordenada cara ao destino fixado no 2030. Para iso precísase de moitas mans boas e xenerosas que estimen sumarse a este proxecto. Administración, científicos e sector xa están niso. A todos eles, no nome de Galicia e do seu futuro acuícola, moitas grazas.

PRESENTACIÓN

1. DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA GALEGA DE ACUICULTURA 8

1.1. Definición 10

1.1.1. Natureza e definición 10

1.1.2. Idoneidade 13

1.1.3. Alcance 16

1.2. Obxectivos 24

1.2.1. Xerais 24

1.2.2. Específicos 25

2. O MARCO DA ACUICULTURA28

2.1. Antecedentes..... 28

2.1.1. Marcos normativo e administrativo anteriores a 2005 29

2.1.2. Plans sectoriais de acuicultura en terra..... 32

2.1.3. Plans estratéxicos sectoriais 35

2.2. Bases de impulso 36

2.2.1. Nova proposta da Política Común de Pesca..... 37

2.2.2. Comunicacóns públicas da Unión Europea..... 38

2.2.3. Asociacións e entidades representativas do marco acuícola..... 40

2.3. Bases de desenvolvemento..... 47

2.3.1. Integración das Directrices de ordenación do territorio e Plan de ordenación do litoral 47

2.3.2. Declaración de interese público de primeira orde 58

3. O CONTEXTO ACTUAL	51
3.1. Descrición do contexto	51
3.1.1. Mundial	51
3.1.2. Europeo	52
3.1.3. Español	53
3.2. Descrición do contexto galego	54
3.3. Análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO)	55
4. AS ACCIÓNS.....	59
4.1. Novo marco normativo.....	59
4.1.1. Lei Galega de Acuicultura.....	60
4.1.2. Decreto de ordenación de parques de cultivo	62
4.1.3. Reforma da Lei de Confrarías de Pescadores	63
4.2. Novo marco organizativo.....	64
4.2.1. Reorganización interna da desaparecida Consellería do Mar	64
4.2.2. Órgano centralizado de tramitación.....	65
4.2.3. Redefinición de funcións e competencias das agrupacións de mariscadores	66
4.2.4. Órganos de consulta.....	67
4.3. Aposta pola planificación integral.....	70
4.3.1. Plan Director de Acuicultura Litoral.....	71
4.3.2. Plan de Ordenación dos cultivos en zona marítima	73
4.3.3. Plan de Ordenación dos cultivos en zona marítimo - terrestre	75
4.3.4. Plan Estratéxico do Mexillón.....	77

4.4. Aposta pola calidade 4.1. Novo marco normativo	80
4.4.1. Guía de boas prácticas en acuicultura	80
4.5. Aposta pola investigación e a innovación.....	81
4.5.1. Panorama xeral da I+D+i en acuicultura	81
4.5.2. Evolución e contexto mundial da I+D+i en acuicultura.....	82
4.5.3. Evolución e contexto galego da I+D+i en acuicultura.....	84
4.5.4. Plan Galego de I+D+i en acuicultura	93
4.6. Marco formativo	94
4.6.1. Estrutura formativa e de asesoramento.....	95
4.6.2. Accións a futuro	97
4.7. Consolidación do marco financeiro.....	98
4.7.1. Fondo Europeo da Pesca (FEP).....	98
4.7.2. O marco financeiro na nova PPC (2014-2020).....	103
4.8. Comercialización e mercados	105
4.8.1. Aspectos positivos e negativos da situación comercial para os produtos de acuicultura.....	106
4.8.2. Necesidades de actuación: Plan Estratéxico da Comercialización dos Produtos Acuáticos.....	110
5. DESENVOLVEMENTO E PARTICIPACIÓN.....	112
6. PLANIFICACIÓN TEMPORAL E CRONOGRAMA	113
7. BIBLIOGRAFÍA.....	122
7.1. Documentos administrativos.....	122
7.2. Publicacións e libros	123
7.3. Ligazóns web	124

Galicia aposta por ser a primeira comunidade ou rexión europea que recolla a proposta da Comisión Europea e realice un plan estratéxico para a acuicultura tendo como horizonte o 2030. Un plan que dea cobertura aos retos establecidos, mellorando a competitividade, a sustentabilidade e a gobernanza deste sector



PRESENTACIÓN

Galicia, ao amparo das propostas formuladas pola Comisión Europea para a nova Política Pesqueira Común, e atendendo á plena coincidencia de criterios e propostas, estimou pór en marcha o proceso de elaboración dun marco estratéxico para relanzar a actividade acuícola no territorio galego cun horizonte situado no ano 2030.

Este feito segue a tendencia xeral de apoio ao desenvolvemento da acuicultura establecida no espazo da Unión Europea. Así, esta proposta continúa pola senda aberta por diferentes ámbitos político-administrativos da Europa unida, tales como a propia Comisión Europea, o Parlamento Europeo ou o Comité Económico e Social Europeo.

Galicia aposta por ser a primeira comunidade ou rexión europea que recolla a proposta da Comisión Europea e realice un plan estratéxico que dea cobertura aos retos establecidos, mellorando a competitividade, a sustentabilidade e o goberno deste sector.

A este respecto, esta estratexia estará integrada en coherencia coa planificación territorial implantada en Galicia polas Directrices de Ordenación do Territorio e, en particular, permitirá colaborar co desenvolvemento da establecida para o espazo costeiro galego polo Plan de Ordenación do Litoral. Doutra banda, será a ferramenta que aproveitará a aposta e o apoio da acuicultura establecida pola recente Declaración, por parte do Consello da Xunta, do interese público de primeira orde da actividade acuícola.

Así, esta Estratexia Galega da Acuicultura, dende unha perspectiva holística e integradora da acuicultura, dará novos pasos e avanzará de forma cualitativa e cuantitativa en referencia aos marcos normativo e administrativo establecidos en anteriores plans sectoriais de acuicultura, tales como o Plan de Parques de Tecnoloxía Alimentaria, aprobado en 2005, ou o Plan Galego de Acuicultura, do 2008.

Este documento realizará unha contextualización da acuicultura nas esferas mundial, europea, española e galega e analizará as debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades que se abren ante o sector acuícola galego. A partir deste punto, e unha vez considerada a súa necesidade, explicárase o alcance das súas disposicións, recomendacións e obxectivos á vez que se abordarán as necesarias medidas nos ámbitos político e administrativo. Tamén se determinarán e delimitarán, mediante os seus instrumentos de desenvolvemento, os espazos físicos sobre os que se implantarán estas actuacións.

As accións a desenvolver alcanzarán un ámbito integral, que vai dende a modificación e complementación do marco normativo, con medidas como a aprobación da Lei Galega de Acuicultura, o Decreto de ordenación de parques de

cultivo ou a reforma da Lei de Confrarías de Pescadores de Galicia, pasando por abordar a mellora da estrutura organizativa con competencias na acuicultura con accións como a reorganización interna da desaparecida Consellería do Mar, a creación dun órgano centralizado de tramitación ou a redefinición de funcións e competencias de agrupacións de mariscadores. Neste apartado, aproveitaranse as sinerxías de colaboración con foros de consulta existentes como poden ser o Consello Galego de Pesca ou o Comité Científico Galego de Pesca, á vez que se crearán outros novos e específicos como o Comité Técnico de Acuicultura ou o Observatorio de Comercialización da Acuicultura.

Así mesmo, e de maneira conexas, levarase a cabo a planificación integral do sector acuícola promovéndose a redacción dun Plan Director de Acuicultura Litoral, dun Plan de Ordenación dos Cultivos na Zona Marítima e outro para os cultivos en zona marítimo-terrestre, sendo estes complementados, á súa vez, pola continuidade do Plan de recuperación de zonas marisqueiras improdutivas.

Nunha clara aposta pola calidade, elaboraranse diversas guías de boas prácticas en acuicultura e fomentaranse a I+D+i co establecemento de liñas estratéxicas de actuación. Tamén a creación de marcos de colaboración que permitan o aproveitamento dos recursos técnicos e humanos dos que está dotada a importantísima infraestrutura que, con esta función, se sitúa en Galicia. De modo coincidente, seguiranse vías semellantes no marco formativo.


Estableceranse as fórmulas para aproveitar as diferentes fontes de financiamento xeradas en favor da acuicultura e ditaminaranse os mellores sistemas para a articulación de axudas e subvencións para o desenvolvemento deste sector.

Ademais, e vista a importancia clave que a comercialización dos produtos do mar ten sobre a viabilidade da actividade acuícola, prevese a adopción de medidas que aseguren unha correcta venda dos produtos obtidos, de cara ao seu incremento de valorización e á coordinación e adecuación da oferta á demanda deste tipo de bens de consumo, facendo especial fincapé na coordinación cos procesos de comercialización e transformado dos peixes e mariscos procedentes da actividade extractiva.


En adición, postularanse as vías de participación cidadá e de promoción da acuicultura, ben sexa esta entendida como mellora da visión social ou de valoración dos seus produtos.

Por último, establecerase unha planificación temporal de actuación con prazos definidos para a elaboración e aprobación das ferramentas a desenvolver no contexto desta Estrategia, de modo que a súa formulación siga un proceso coherente e conexo de elaboración. Este proceso, que se ultimarán no horizonte de 2014, contará tamén con instrumentos de avaliación continua que permitan redefinir e axustar a Estrategia en cada momento de evolución da actividade acuícola en Galicia.

Levarase a cabo a planificación integral do sector acuícola promovéndose a redacción dun Plan Director de Acuicultura Litoral, dun Plan de Ordenación dos cultivos na zona marítima e outro para os cultivos en zona marítimo-terrestre, sendo estes complementados, á súa vez, pola continuidade do Plan de recuperación de zonas marisqueiras improdutivas.



A Estratexia Galega da Acuicultura é un documento de articulación e planificación de todos aqueles elementos que interveñen no devir diario da actividade acuícola en Galicia, constituíndose como a ferramenta básica que ha de guiar a dirección da xestión e ordenación da acuicultura no territorio da comunidade autónoma galega.



1. OS FINS DA ESTRATEXIA GALEGA DA ACUICULTURA

1.1. DEFINICIÓN

A **Estratexia Galega da Acuicultura** constitúese como o documento de articulación e organización que rexerá a planificación e xestión da actividade acuícola en Galicia cara ao horizonte de 2030. Está impulsada pola Xunta de Galicia e foi elaborada en conxunto con técnicos e expertos coñecedores do sector acuícola galego. O seu obxectivo fundamental é o relanzamento da acuicultura de forma que esta xere emprego e riqueza dunha forma equilibrada co respecto e a integración ambiental. A súa base de impulso é a aposta unánime dos marcos decisorios e consultivos europeos pola acuicultura, e dará resposta no marco autonómico galego á necesidade, marcada para a reforma da Política Pesqueira Común, de dispor dun plan estratéxico plurianual para a actividade acuícola antes de 2014.

1.1.1. NATUREZA E DEFINICIÓN

¿Que é?

A Estratexia Galega da Acuicultura é un documento de articulación e planificación de todos aqueles elementos que interveñen no devir diario da actividade acuícola en Galicia, constituíndose como a ferramenta básica que deberá guiar a dirección da xestión e ordenación da acuicultura no territorio da comunidade autónoma galega.

A ESGA constitúe o marco conceptual e metodolóxico, a folla de ruta que ha de guiar a acción de goberno e das administracións e organismos relacionados de maneira directa e indirecta coa acuicultura. Aínda que a súa natureza non é estritamente vinculante por tratarse dunha formulación estratéxica, é importante recoñecer o seu valor como marco de referencia que deberá guiar e racionalizar as actuacións nesta materia co obxectivo de acadar os resultados nela previstos así como favorecer a coordinación, coherencia e eficacia de cada unha das actuacións a adoptar.

¿Que pretende?

A Estratexia Galega da Acuicultura está orientada cara a un obxectivo fundamental e básico, como é a definición e implantación dun modelo acuícola dinámico, sostible e equilibrado nos aspectos ambientais, sociais e económicos, nunha clara aposta pola calidade e a integración da acuicultura na planificación da Comunidade Autónoma. A Estratexia Galega da Acuicultura persegue a xeración de riqueza e emprego nas áreas costeiras e fluviais galegas en harmonía cos seus valores naturais, culturais e paisaxísticos.



Embarcacións tradicionais no porto de Carril

¿Como se fará?

Esta actividade ha de promoverse dunha forma planificada nos seus termos e cun moi elevado nivel de detalle nas súas formas; integrada nas súas diferentes tipoloxías produtivas e ámbitos espaciais; coherente e conexa nos seus vínculos con outras planificacións e de maneira complementaria e coordinada con outras actividades marítimo-pesqueiras. Neste sentido, a Estratexia Galega da Acuicultura estará vinculada e conexa ás liñas xerais establecidas noutras ferramentas da planificación estratéxica do territorio galego, tales como as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral.

O ámbito físico da ESGA recolle todos os espazos do territorio galego vinculados coa actividade, dende o marítimo, o marítimo-terrestre, o litoral e o interior.

Este documento e a súa planificación de desenvolvemento está impulsada pola Xunta de Galicia e constituirase nun vínculo fundamental entre o labor do executivo autonómico en materia acuícola e a súa estrutura administrativa.



¿Cal é o seu horizonte temporal?

O deseño de accións e a súa implantación práctica estenderase ata o ano 2030, vinculando a elaboración e aprobación das diferentes medidas a un prazo non superior á finalización de 2014.

¿Por que se elabora?

A Estratexia Galega da Acuicultura nace da necesidade de relanzar esta actividade no territorio galego, recuperando o seu dinamismo e puxanza social e económica. Ademais, vese auspiciada pola liña xeral de aposta pola acuicultura marcada polas institucións europeas, xa que tanto a Comisión Europea, como o Parlamento Europeo e o Comité Económico e Social Europeo expuxeron xa as súas posturas favorables ao desenvolvemento acuícola no territorio da Unión Europea.

Neste sentido, faise especial mención á resposta que esta ferramenta supón tanto á Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello titulada Novo Impulso á Estratexia para o desenvolvemento sostible da acuicultura europea (COM(2009) 162 final) como á proposta que realiza a Comisión Europea para a reforma da Política Pesqueira Común, e na cal, referendando o seu apoio á acuicultura, establece a necesidade de que cada Estado Membro elabore a súa planificación estratéxica plurianual antes de 2014, feito que Galicia, como comunidade punteira neste ámbito, quere cumprir, de forma pioneira entre as comunidades e rexións europeas, de forma análoga no prazo sinalado e cos fins postulados.

¿Quen a impulsa?

Este documento e a súa planificación de desenvolvemento está impulsada pola Xunta de Galicia e constituirase nun vínculo fundamental entre o labor do executivo autonómico en materia acuícola e a súa estrutura administrativa, que será a encargada de pór en práctica as medidas e accións contidas nesta ferramenta baixo o impulso e dirección do Goberno autonómico e en coordinación e colaboración con técnicos e expertos coñecedores do sector acuícola galego.

A súa redacción correspondeu a un grupo de técnicos constituído por iniciativa da Consellería do Medio Rural e do Mar, composto por expertos coñecedores do sector acuícola galego e técnicos en materias vinculadas á actividade acuícola nas súas dimensións territoriais, paisaxísticas, técnico-productivas, de investigación e innovación, formativas, organizativas, comercializadoras e económico-financeiras.

1.1.2. IDONEIDADE

A presente Estratexia Galega da Acuicultura lévase a cabo baixo a adecuación ao impulso outorgado á actividade acuícola no ámbito europeo, sendo o seu contido coherente coa proposta efectuada pola Comisión Europea para a formulación da nova Política Pesqueira Común, así como coas opinións e criterios emanados dende os órganos lexislativo e consultivo do marco europeo.

É destas apostas de onde sae o impulso definitivo que leva á Xunta de Galicia a elaborar e redactar esta ferramenta, sendo esta idónea para avanzar en aras dun sector acuícola galego máis dinámico e de desenvolvemento de maneira coherente e acorde coas posturas europeas respecto da acuicultura.

Ademais, a Estratexia Galega da Acuicultura recolle os fundamentos e obxectivos postulados noutras actuacións realizadas pola Xunta de Galicia en relación coa actividade acuícola, tales como a declaración desta como sector de interese público de primeira orde, ao mesmo tempo que integra outras accións levadas a cabo na liña de medidas concorrentes no obxectivo de dinamizar a acuicultura galega, como foi a reorganización interna da desaparecida Consellería do Mar.

Este documento mantén unha coherencia plena cos instrumentos de planificación territorial establecidos pola Xunta de Galicia, en especial coas Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral, cos que se complementará ao dirixir de forma coordinada o desenvolvemento dos seus postulados e indicacións en relación ao marco sectorial da acuicultura.

Do mesmo xeito, postúlase a coherencia e conexión desta estratexia con outras ferramentas autonómicas de planificación do ámbito económico, como o Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 horizonte 2020, e no cal se establece que a acuicultura debe partir da consolidación da produción e dos coñecementos actuais, segundo os métodos tradicionais, para potenciar novos sistemas e fórmulas produtivas. Ademais, apóstase por transformar a actividade de marisqueo nunha verdadeira actividade de acuicultura, que abranxa a totalidade das funcións do ciclo de explotación de cada especie. Así sinálanse 14 obxectivos que, directa ou indirectamente, se recollen nesta Estratexia Galega de Acuicultura.

Neste sentido, considérase idónea esta estratexia en canto ao órgano impulsor, xa que a Consellería do Medio Rural e do Mar dispón entre as súas competencias aquelas de ordenar e xestionar adecuadamente a actividade acuícola, ademais de posuír ampla experiencia no exercicio práctico desta competencia. Doutra banda, este departamento mantén unha importante liña de apoio e diálogo co sector acuícola galego, así como coas administracións de diferente ámbito que desenvolven funcións ligadas a esta actividade, feito que reforza a aptitude e capacidade como promotora desta ferramenta.

Este documento mantén unha coherencia plena cos instrumentos de planificación territorial establecidos pola Xunta de Galicia, en especial coas Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral, cos cales se complementará ao dirixir de forma coordinada o desenvolvemento dos seus postulados e indicacións en relación ao marco sectorial da acuicultura.



Faise necesario establecer unha planificación da evolución acuícola para dotar dunha folla de ruta o exercicio político e administrativo de xestión da acuicultura en Galicia.



Por último, considérase a idoneidade temporal da elaboración do documento tendo en conta que xa se efectuou a proposta da Comisión Europea que ha de rexer a Política Pesqueira Común a medio prazo e que se postulou o apoio á acuicultura sen que se percibise ningún posicionamento en contra por parte do sector, dos Estados Membros ou dos actores fundamentais do ámbito acuícola europeo. Pola contra, as respostas coñecidas foron todas de sentido positivo. Así, unha vez coñecidas as propostas, recomendacións e obrigas que postula a nova liña europea para a acuicultura e vendo as súas posibilidades reais de plasmarse na normativa e praxe administrativa europea, considérase idóneo o momento para aprobar esta Estratexia Galega da Acuicultura co fin de manter unha posición vantaxosa en canto ao comezo da aplicación práctica da citada liña.

Consideracións de necesidade

A Estratexia Galega da Acuicultura ten a súa orixe na necesidade de contar cunha ferramenta que permita pór en contacto todos os ámbitos e facetas da actividade acuícola galega, xa sexan estas administrativas, normativas ou de ordenación. Neste sentido, faise necesario dispor dun documento estratéxico que recolla estes aspectos, coordine a relación entre eles, os dote de coherencia e planifique a súa evolución en termos organizativos, temporais e espaciais co fin básico de conseguir dinamizar a produción acuícola.

Doutra banda, e derivado da análise DAFO elaborada en relación ao sector acuícola galego, estímase a necesidade de elaborar esta planificación en canto a que se fai inescusable dar resposta ás debilidades e ameazas que o acucian, potenciando e poñendo en valor, para este fin, as fortalezas e oportunidades que se abren ante o sector e a actividade. Ademais, esta planificación estratéxica tamén responde á necesidade de dar aplicación práctica ás propostas europeas, á vez que permita desenvolver a actividade en coherencia coas liñas fundamentais de ordenación que dite ou recomende o marco europeo.

Por último, faise necesario establecer unha planificación da evolución acuícola para dotar dunha folla de ruta o exercicio político e administrativo de xestión da acuicultura en Galicia, de tal modo que se organicen e prioricen as actuacións e medidas a adoptar, se coordinen e doten de coherencia entre si e se establezan as canles de colaboración co sector a fin de dotar as actuacións de adecuación ás demandas e necesidades do mesmo.

Evolución previsible da acuicultura en Galicia

Esta Estratexia Galega da Acuicultura ten, entre os seus fins, facer previsible a evolución da actividade acuícola en Galicia, así como dotala dunha guía para avanzar nos diferentes campos sobre os que se desenvolve.



Bateas na Ría de Arousa

Neste sentido, faise necesario expor a determinación dos resultados a acadar no horizonte temporal da Estratexia, que se establece en 2030, de tal maneira que sexa posible determinar unha referencia da evolución acuícola e as necesarias correccións e reformulacións que sexa preciso acometer no desenvolvemento desta Estratexia.

Así, e en canto a que estas referencias se marcan no plano cuantitativo e cualitativo, desenvolverase un instrumento prospectivo baseado na estimación das previsións de evolución de diversos parámetros significativos e representativos da actividade, que se porán en relación coa situación actual mediante o establecemento de indicadores claros e adecuados a estes parámetros. Neste sentido, esta ferramenta será elaborada de maneira inmediata á súa constitución polo Comité Técnico da Acuicultura en colaboración coa administración e co sector.

Esta ferramenta determina as medidas e vías de traballo a establecer para o avance da acuicultura, de forma que o Goberno galego poida dispor dunha guía de traballo ambiciosa, coherente, eficaz e coñecida polo sector e a sociedade na cal se integran e dotan de coherencia as actuacións a executar en materia acuícola.



1.1.3. ALCANCE

O alcance desta Estratexia Galega da Acuicultura atenderá ás implicacións e vínculos establecidos para a súa planificación e posta en práctica, xa sexan estes nos ámbitos políticos, administrativos ou físicos. Neste sentido o seu desenvolvemento determina pautas de organización, coordinación e planificación que deberán pór en marcha os ámbitos administrativos e sectoriais competentes, en resposta consecuente coa necesidade de efectuar esta programación.

1.1.3.1. Político

No plano político, a Estratexia Galega da Acuicultura marcará a liña xeral de actuación dos poderes executivos públicos autonómicos con competencias en materia acuícola. Esta ferramenta determina as medidas e vías de traballo a establecer para o avance da acuicultura, de forma que o Goberno galego poida dispor dunha guía de traballo ambiciosa, coherente, eficaz e coñecida polo sector e a sociedade na cal se integran e dotan de coherencia as actuacións a executar en materia acuícola.

Neste sentido, o Goberno galego faise cargo do impulso do cumprimento desta planificación e da súa dirección, determinando a posta en marcha de cada unha das partes que constitúen esta Estratexia, fixando os prazos temporais para a súa elaboración e implantación e encargándose da súa redefinición e adecuación ás diferentes conxunturas e marcos operativos que se expoñan para a acuicultura en cada momento do seu desenvolvemento temporal.

Aínda que non é vinculante, esta ferramenta de planificación ten valor orientativo para manter a coordinación e coherencia de cada un dos pasos a adoptar. É por isto polo que dirixirá de forma preferente a acción político-gobernamental autonómica no campo da acuicultura.

Adicionalmente, preténdese que este documento sirva de referencia para outras administracións autonómicas e Estados Membros da Unión Europea que desexen promover de forma planificada a acuicultura no seu territorio. Galicia quere afianzar, con iso, a súa posición como modelo na vangarda do goberno da acuicultura.

1.1.3.2. Administrativo

A Estratexia Galega da Acuicultura mantén un vínculo fundamental coa estrutura administrativa autonómica galega, que será a encargada de pór en práctica as medidas e accións contidas nesta ferramenta baixo o impulso e dirección do Goberno autonómico e en coordinación e colaboración co sector.



Parque de cultivo de ameixa en Carril

En especial, esta Estratexia establece as liñas xerais sobre as que se orienta a actividade administrativa vinculada á acuicultura, con especial atención á reorganización de tarefas e procedementos e a súa adecuación para mellorar a eficacia da implantación de medidas e o uso eficiente dos recursos existentes. Por último, esta planificación alcanza de forma conexas a outras estruturas administrativas de rango territorial inferior e superior, coas cales se haberán de coordinar as accións e medidas a implementar en base ao desenvolvemento da Estratexia. Neste caso, o seu carácter e vinculación é en consecuencia derivado da execución das tarefas administrativas efectuadas pola estrutura autonómica, non sendo nin vinculante nin orientativa para estes ámbitos administrativos diferentes.

Enlace transversal e cooperación intraadministrativa

Levar adiante esta Estratexia leva a realización de diversas accións que implican a diferentes departamentos do Goberno autonómico, estatal ou da estrutura administrativa europea en función da aplicación das súas competencias no desenvolvemento da planificación ou implantación desta ferramenta.

Isto implica a necesidade de avanzar na coordinación e planificación conxunta de múltiples facetas desta Estratexia, para conseguir dotar de coherencia, continuidade e carácter integral ás actuacións a realizar no relanzamento da acuicultura galega. Así, no tocante á Xunta de Galicia, faise precisa a participación e coordinación dos seguintes departamentos competentes nas seguintes materias e funcións:

- **Medio ambiente:** en canto ao outorgamento de autorizacións para a implantación de instalacións e o exercicio da actividade acuícola e a realización de avaliacións de carácter ambiental das mesmas, con especial relación á xestión hidrolóxica de cara ao outorgamento de autorizacións de uso dos espazos ou do aproveitamento das augas fluviais ou lacustres

É necesario avanzar na co-ordinación e planificación conxunta de múltiples facetas desta Estratexia, para conseguir dotar de coherencia, continuidade e carácter integral ás actuacións a realizar no relanzamento da acuicultura galega.



- **Territorio:** na procura da integración territorial en coherencia con instrumentos como as Directrices de Ordenación do Territorio ou o Plan de Ordenación do Litoral.
- **Sostibilidade e Paisaxe:** na procura da racionalidade, calidade e integración paisaxística dos distintos emprazamentos e actividades.
- **Infraestruturas:** na planificación e desenvolvemento de proxectos en consonancia coas planificacións produtivas.
- **Administración pública:** no tocante á tramitación unificada e a axilización administrativa, tendo en conta a necesidade de articular medidas que implican a varios departamentos e mesmo na relación coas administracións locais en atención ao seu marco competencial.
- **Relacións co exterior:** fundamentalmente coa Unión Europea, xa que esta planificación ha de ser coherente e ha de estar incardinada nas propostas emanadas dende o marco europeo.
- **Enerxía e industria:** na procura da adecuación e coordinación de esforzos en materia de eficiencia e aforro enerxéticos.
- **I+D+i:** baseada na necesidade de coordinación e desenvolvemento coherente e unificado dos apoios ao desenvolvemento da investigación e a innovación no seo da actividade acuícola na procura non só dunha maior competitividade senón dunha mellor calidade.
- **Medio natural:** en consonancia coa necesidade de compatibilizar a protección ambiental dos espazos naturais coa práctica acuícola avanzando no coñecemento profundo das relacións entre a acuicultura e o medio natural.
- **Educación:** no establecemento de liñas de adecuación dos plans formativos e a coordinación das liñas de formación universitaria vinculados á acuicultura incorporando o coñecemento das novas metodoloxías e documentos que xurdan en desenvolvemento da ESGA.
- **Sanidade animal e Saúde pública:** atendendo á necesidade de manter un adecuado control hixiénico-sanitario dos establecementos acuícolas e das súas producións, e de salvagardar de maneira coordinada a seguridade alimentaria.

- **Formación continua e seguridade laboral:** na aplicación de medidas conxuntas de formación continua e a adecuación de accións no desenvolvemento de plans de verificación da seguridade laboral e a aposta por un emprego de calidade no sector acuícola.
- **Facenda:** na adecuada formulación da dimensión impositiva do sector, de maneira que se poidan levar a cabo liñas específicas de fomento da actividade acuícola mediante medidas fiscais.

Ademais, faise necesario, en atención á tramitación dos proxectos de acuicultura, o traballo coordinado con outros departamentos tales como os competentes en materia de patrimonio cultural, promoción turística, xestión hidrolóxica, xestión portuaria, etcétera.

Doutra banda, faise necesaria a colaboración e coordinación co Goberno do Estado en materias como a xestión e ordenación da zona de dominio público marítimo-terrestre, a xestión hidrolóxica nas concas intercomunitarias, a xestión portuaria dos portos de titularidade estatal e de navegación ou a de defensa a fin de respectar os espazos adscritos a usos ou necesidades militares.

No mesmo sentido, cabe dicir que esta coordinación ha de ser extrema no referente ao desenvolvemento das planificacións da actividade acuícola a nivel nacional, así como naquelas materias que se integran nesta Estratexia, tales como a investigación, a formación ou a promoción comercial.

Do mesmo xeito, resulta imprescindible a coordinación e o establecemento de liñas directas de interlocución co marco europeo, fundamentalmente coa Comisión Europea, para harmonizar e compatibilizar os desenvolvementos estratéxicos da acuicultura galega coas directrices fundamentais das políticas e planificacións emanadas deste ámbito. A este respecto, faise indispensable o mantemento dunha colaboración estreita co departamento autonómico encargado das relacións institucionais e co exterior.

Ademais, dada a posición preeminente da Unión Europea na concepción e execución de políticas públicas esenciais para o conxunto do sector acuicultor, é necesario contar cunha infraestrutura permanente ante a Comisión, o Parlamento e o Consello, que sirva de apoio ás accións a desenvolver polos sectores produtivos acuícolas ante as institucións comunitarias.

Por último, ha de establecerse, en coordinación co departamento autonómico competente, unha relación de contacto directo coas entidades municipais por canto manteñen competencias en materias de planificación urbanística e de servizos nas que haberá que integrar os desenvolvementos prácticos de plantas e instalacións acuícolas.

Dada a posición preeminente da Unión Europea na concepción e execución de políticas públicas esenciais para o conxunto do sector acuicultor, é necesario contar cunha infraestrutura permanente ante a Comisión, o Parlamento e o Consello, que sirva de apoio ás accións a desenvolver polos sectores produtivos acuícolas ante as institucións comunitarias.



O desenvolvemento da actividade acuícola no ámbito marítimo xestionarase mediante o Plan de Ordenación dos Cultivos na Zona Marítima (POCUMA), que establecerá a compatibilidade dos usos acuícolas, pesqueiros e marisqueiros e destes coa protección ambiental e a preservación do modelo de explotación social da acuicultura de moluscos actualmente implantada



1.1.3.3. Físico

A Estratexia Galega da Acuicultura establece a dirección e desenvolvemento da acuicultura en todos os ámbitos territoriais galegos susceptibles de acoller o desenvolvemento desta actividade. Así, abranguerá aqueles espazos sobre os cales a actividade acuícola e a súa xestión e ordenación estea baixo competencia autonómica segundo o disposto no artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981 e o Real Decreto 89/1996, de 24 do xullo, de traspasos de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca. Neste contexto son catro os ámbitos físicos nos que esta Estratexia establece que se poderá desenvolver a actividade acuícola:

Marítimo

A acuicultura marítima será aquela vinculada ao desenvolvemento da actividade en augas mariñas interiores e exteriores mediante explotación da lámina de auga ou os seus correspondentes fondos.

Así, no espazo marítimo das augas interiores, especialmente nas rías, preverase a continuidade do desenvolvemento de actuacións de cultivos e actividades tradicionais, tales como os vinculados á mitilicultura e cultivo doutros moluscos. Con todo, e atendendo ás posibilidades de expansión e de equilibrio óptimo de aproveitamento do espazo, estudarase a implantación de novos cultivos que preferentemente se adaptarán ás modalidades de acuicultura extensiva de organismos mariños filtradores ou algas e analizarase a viabilidade da piscicultura naqueles espazos menos saturados. Doutra banda, e de maneira conexas, apúntase tamén a potenciación e priorización da realización de cultivos multitróficos interrelacionando nas mesmas instalacións especies piscícolas con invertebrados e vexetais mariños. Paralelamente proveranse os estímulos necesarios para diversificar o monocultivo de mexillón.

Do mesmo xeito, ampliarase o espazo marítimo actualmente utilizado coa expansión dos cultivos cara a espazos de augas exteriores, onde se experimentará a viabilidade da realización de novos cultivos e/ou novas tecnoloxías, á vez que se potenciará o desenvolvemento das zonas interiores, actualmente reservadas para a acuicultura, que están infrautilizadas.

En todo caso, este desenvolvemento da actividade acuícola no ámbito marítimo xestionarase mediante o Plan de Ordenación dos Cultivos na Zona Marítima (POCUMA), que establecerá a compatibilidade dos usos acuícolas, pesqueiros e marisqueiros e á súa vez a compatibilidade destes usos coa protección ambiental e a preservación do modelo de explotación social da acuicultura de moluscos actualmente implantada en Galicia como principios da súa elaboración e desenvolvemento.

Marítimo-terrestre

As actividades acuícolas no ámbito marítimo-terrestre estarán sometidas ás competencias sectoriais que sobre a actividade ten a Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que se vinculará esta ao cumprimento do establecido nas normativas estatais en virtude da competencia exclusiva que o Estado posúe en materia de ordenación do litoral e xestión do dominio público marítimo-terrestre, incluídos a ordenación dos usos e actividades no mesmo, o outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo-terrestre, a protección e recuperación do litoral e as obras de conservación e mellora do dominio público marítimo-terrestre.

Así, as liñas fundamentais de desenvolvemento da acuicultura neste espazo estarán centradas na potenciación do marisqueo como labor de cultivo promovendo a transformación do marisqueo nunha actividade de acuicultura no sentido estrito ao abranguer a totalidade das funcións do ciclo de explotación de cada especie e velando polo mantemento da actual estrutura de distribución social que caracteriza ao marisqueo galego. Esta transformación, que supón unha novidade, buscará mellorar a eficiencia do aproveitamento do espazo en explotación mediante o reforzo e a independencia das capacidades de xestión e ordenación da actividade por parte das entidades asociativas do sector, especialmente das confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadores e mariscadoras.


Neste ámbito tamén se atenderá á consolidación da actividade de produción de moluscos desenvolvida tradicionalmente nos parques de cultivo, para o que se regulará e ordenará convenientemente a actividade e os espazos ocupados, de acordo coas normativas sectoriais e territoriais.

As principais ferramentas integradas na Estratexia Galega da Acuicultura para desenvolver a actividade acuícola neste espazo serán o Plan de Ordenación dos Cultivos na Zona Marítimo-Terrestre, que acollerá o Plan de Recuperación de Zonas Improdutivas, que se afirmará coa reformulación da normativa sobre confrarías de pescadores. Do mesmo xeito, o novo Decreto de Ordenación de Parques de Cultivo virá a regular e ordenar a actividade, achegándolle a máxima seguridade xurídica.

Litoral

As actividades de cultivos mariños na zona litoral, basicamente no ámbito continental afectado pola aplicación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, estableceranse e desenvolveranse atendendo á repartición e atribución competencial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia sobre as actuacións nas zonas de protección e de dominio público marítimo-terrestre. Neste sentido, a planificación da actividade acuícola nesta zona establecerase e implantarase de acordo co disposto no Plan de Ordenación do Litoral, establecéndose de maneira coherente e

O documento básico que regulará e ordenará a actividade acuícola no ámbito litoral terrestre será o Plan Director da Acuicultura Litoral que terá como obxectivo fundamental delimitar os criterios que fagan compatibles o desenvolvemento da acuicultura mariña en terra coa conservación dos valores ambientais e sociais do noso litoral



O instrumento que guiará a actividade acuícola neste ámbito físico será o Plan Director de Acuicultura, que se aplicará de maneira subsidiaria neste espazo, en tanto non se elabore un plan específico para esta zona



complementaria con esta ferramenta, cuxos ámbitos xeográficos serán coincidentes.

A principal actividade acuícola que se verá estimulada neste espazo territorial será a vinculada aos cultivos de especies piscícolas mariñas en plantas en terra, que se complementarán coas actividades de cría e engorde de moluscos e outros organismos mariños en terra.

A Estratexia Galega da Acuicultura centrará as súas propostas de actuación neste territorio na optimización de uso do espazo e na consolidación dun equilibrio entre os aspectos ambientais, sociais e económicos da actividade, especialmente no respecto ás contornas naturais protexidas, á integración paisaxística e á compatibilización co desenvolvemento urbano dos asentamentos próximos ás instalacións acuícolas.


Ademais, adecuaranse liñas de actuación tendentes ao desprazamento progresivo da actividade cara a espazos plenamente terrestres e, por tanto, máis afastados da liña de costa, que traballarán na mellora tecnolóxica, fundamentalmente en aspectos como a eficiencia do uso intensivo da enerxía e do caudal de auga.

O documento básico que regulará e ordenará a actividade acuícola no ámbito litoral terrestre será o Plan Director da Acuicultura Litoral. Este documento terá como obxectivo fundamental delimitar, con carácter xeral e desde o punto de vista científico, os distintos criterios que fagan compatibles o desenvolvemento da acuicultura mariña en terra coa conservación dos valores ambientais e sociais do noso litoral. Eses criterios derivarán na definición das directrices para a instalación de establecementos de cultivos mariños nesta zona, así como para a ampliación dos establecementos existentes.

Interior

A acuicultura terrestre en Galicia, realizada fóra da zona litoral regulada polo Plan de Ordenación do Litoral, desenvolverase basicamente ao amparo do establecido nas normativas autonómicas e estatais vixentes en materias urbanísticas e reguladoras das actividades produtivas. Do mesmo xeito, estará sometida, de forma análoga á realizada no bordo litoral, ao disposto polas Directrices de Ordenación do Territorio e ás súas indicacións, ou outros instrumentos de ordenación territorial e urbanística, especialmente naquelas contornas onde sexa necesario establecer compatibilidades entre esta actividade e o desenvolvemento urbanístico ou o respecto ambiental e a integración paisaxística.

As principais tipoloxías de cultivos desenvolvidos neste ámbito e que serán obxecto de planificación e impulso por parte da Estratexia Galega da Acuicultura serán os piscícolas, tanto de especies mariñas como de especies dulceacuícolas

*Río Ulla*

(a coñecida como “acuicultura continental”). Actualmente estes cultivos efectúanse con especies de auga doce, sendo realizados en espazos fluviais ou lacustres. Neste sentido, potenciarase a expansión da ocupación de áreas afastadas de cursos de auga, promovendo as melloras tecnolóxicas que permitan este desprazamento. Do mesmo xeito esta actividade poderíase ampliar tamén con cultivos de peixes de auga salgada mediante a aplicación de medidas innovadoras no uso intensivo da auga ou na mellora da eficiencia enerxética, de maneira similar ao establecido para a acuicultura a desenvolver na zona litoral. O instrumento que guiará a actividade acuícola neste ámbito físico será o Plan Director de Acuicultura, que se aplicará de maneira subsidiaria neste espazo, en tanto non se elabore un plan específico para esta zona e mentres as circunstancias non o demanden, atendendo ás súas previsións de promoción da realización de cultivos acuícolas terra dentro e na mellora da integración desta actividade en áreas sensibles como poderían ser, por analoxía coas litorais, as fluviais ou lacustres.

A elaboración e desenvolvemento da Estratexia Galega da Acuicultura persigue dotar á actividade acuícola en Galicia dunha folla de ruta e dun modelo de desenvolvemento dinámico, sustentable, equilibrado e de calidade



1.2. OBXECTIVOS

A elaboración e desenvolvemento da Estratexia Galega da Acuicultura ten como obxectivo fundamental e básico dotar á actividade acuícola en Galicia dunha folla de ruta e dun modelo de desenvolvemento dinámico, sustentable, equilibrado e de calidade nos aspectos ambientais, sociais e económicos.

Esta actividade hase de promover, ademais, dunha forma:

- Planificada nos seus termos de forma exhaustiva.
- Integrada nas súas diferentes tipoloxías produtivas e ámbitos espaciais.
- Coherente e conexas nos seus vínculos con outras planificacións.
- Complementaria e coordinada con outras actividades marítimo-pesqueiras.

1.2.1. XERAIS

Os obxectivos xerais que a Estratexia Galega da Acuicultura busca alcanzar poderíanse resumir na aplicación de tres grandes liñas de orientación:

1. Ambiental: para avanzar na sustentabilidade da acuicultura galega con medidas que van dende a preservación da biodiversidade, a integración paisaxística das instalacións ata a redución e mellora dos consumos enerxéticos ou de aproveitamento da auga. Tamén inclúe o reforzo da imaxe positiva da acuicultura como actividade compatible co respecto á contorna, afondando nas medidas que teñan como finalidade garantir o respecto ao medio natural.

2. Económica: buscar o relanzamento produtivo da actividade tras a decadencia progresiva da evolución da produción acuícola galega. Para iso é necesario traballar en todos os ámbitos, resolvendo as dificultades administrativas, legais e técnicas e potenciando as fortalezas da acuicultura galega.

3. Social: orientando a acuicultura cara a un dinamismo social baseado na xeración de riqueza e, sobre todo, de emprego, seguindo o modelo de acuicultura que Europa propón e que se basea na súa capacidade de dinamización das zonas costeiras ou ribeiregas periféricas pouco poboadas e con escasas alternativas de desenvolvemento. Tamén se trata de conseguir establecementos de calidade e o abastecemento de bens de consumo de calidade e seguridade hixiénico-sanitaria garantida. Ademais, considérase o efecto positivo de dinamizar a innovación como fórmula de mellora da calidade do emprego.

1.2.2. ESPECÍFICOS

Os obxectivos específicos marcados na Estrategia Galega da Acuicultura están chamados a desenvolver as liñas xerais de orientación anteriores, tratando de minorar as debilidades e desactivar as ameazas sobre a actividade. Neste sentido, poderíanse agrupar en:

Referidos ao obxectivo ambiental: para asegurar o respecto da actividade co contorno privilexiado que a sociedade vai pór a disposición para o seu desenvolvemento e tamén para obter o xusto equilibrio no actual predominio do aspecto ambiental en contraste coa aposta por unha igualdade entre eixos propugnada pola UE. Desenvolverase baseándose en:

- **A integración territorial e paisaxística:** con especial referencia á minimización dos impactos mediante a adecuada planificación territorial e a realización de establecementos baseados en criterios de sostibilidade e integración paisaxística.
- **A busca da salvagarda e potenciación da biodiversidade:** entendida como a conservación dos hábitats marítimos e litorais, a preservación das especies, etcétera. Neste sentido, velarase por desenvolver a capacidade de apoio que a acuicultura pode ofrecer para reforzar o estado biolóxico e de presenza de especies e hábitats.
- **O respecto ambiental da actividade produtiva:** mediante a mellora das prácticas en ámbitos como o consumo enerxético ou de auga ou a procura de novas formas de alimentación menos intensiva no uso de fariñas procedentes da pesca extractiva ou minimización dos residuos e efluentes xerados e a súa reutilización.
- **O avance na consideración positiva da imaxe, derivada do desenvolvemento práctico, da acuicultura como actividade sostible ambientalmente:** facendo fincapé na posibilidade de levar adiante cultivos en espazos protexidos mediante a adopción de medidas correctoras adecuadas e a planificación territorial que permita conxugar a dispoñibilidade de espazos adecuados co respecto ás peculiaridades do territorio, especialmente na zona litoral.



É necesario a elaboración dun modelo de desenvolvemento dinámico, sustentable, equilibrado e de calidade nos aspectos ambientais, sociais e económicos



Referidos ao aspecto económico: centrado na disposición dun marco produtivo de xeración económica, equilibrado e que permita dinamizar a actividade e relanzala. Desta forma poderíase devolver á sociedade a recompensa pola entrega de espazos privilexiados e comúns. Neste sentido, débese traballar en:

- **Reforzamento das estruturas produtivas:** con especial atención á diversificación de producións cara a outras especies piscícolas, de moluscos e crustáceos, e á incorporación de novos tipos de cultivos como os de especies vexetais. Tamén se potenciará a integración de producións e a implantación de novas tecnoloxías aproveitando o caudal tecnolóxico existente para mellorar o aproveitamento do espazo e dos recursos.

Promoverase a integración e promoción comercial dos produtos da acuicultura utilizando o camiño aberto pola venda dos produtos procedentes das actividades extractivas en particular e da industria alimentaria en xeral e minorando os impactos negativos da competencia exterior, especialmente aquela baseada no aproveitamento de situacións de *dumping* por parte doutros países e sectores.

Acometerase a potenciación da capacidade de I+D+i como elemento de vantaxe competitiva con respecto a outros competidores. Para iso usarase o saber facer existente e a implicación das entidades, administracións e sector acuícola.

- **Reformulación e adecuación de estruturas administrativas e xurídicas:** en busca da adecuada seguridade xurídica dos investimentos e actuacións, xerárase a adecuada formulación de instrumentos legais e de planificación que doten á actividade da necesaria solidez xurídica de cara á consolidación dos investimentos a realizar neste ámbito, especialmente en referencia á integración dos establecementos coas figuras de protección ambiental dos terreos a ocupar.

Procederáse tamén á disposición de medidas que avancen na necesaria axilización da tramitación administrativa dos expedientes de posta en marcha dun proxecto de produción acuícola. Para iso crearanse estruturas únicas e integradas de tramitación e trataranse de reducir os prazos establecidos.

- **Adecuación e reforzo das estruturas asociativas:** aproveitando a base existente e fomentando o asociacionismo como fórmula de defensa dos intereses do sector, así como de articulación de mellores prácticas no ámbito produtivo e comercial.
- **Disponibilidade de financiamento suficiente:** de forma que se promocióne o investimento en proxectos produtivos acuícolas. Estimularase o aproveitamento dos instrumentos financeiros europeos vinculados á Política Pesqueira Común.

*Litoral lucense*

Referidos ao aspecto social: centrados en garantir os beneficios da actividade para a sociedade. Deberase traballar para xerar riqueza e emprego nas zonas costeiras e ribeiregas periféricas non urbanas, na liña do sinalado pola Unión Europea. Para iso débese:

- **Desenvolver liñas de promoción do emprego de calidade no sector acuícola:** aproveitando a estrutura formativa existente para favorecer a especialización laboral como fórmula de xeración de emprego de calidade e estable.
- **Avanzar en sistemas produtivos que acheguen produtos de calidade e garantía hixiénico-sanitaria:** para captar o mercado cedido pola actividade extractiva e atender a demanda europea neste segmento de consumo. Para iso hanse de aproveitar as capacidades de estabilidade na oferta comercial da acuicultura e o desenvolvemento dos sistemas de control sanitario existentes.
- **Fortalecer a capacidade de seguridade alimentaria da acuicultura:** este sector mantivo nos últimos anos un importante papel como fonte sostida de alimentos de calidade e seguros en termos hixiénico -sanitarios. A súa capacidade de soste a oferta, máxime en canto a que é esta sostibilidade a demandada polo mercado, contribúe como estímulo a que se busque o seu desenvolvemento. Ademais, pode constituír un elemento de distinción e achega de competitividade para a acuicultura galega sobre a realizada en terceiros países.

2. O MARCO DA ACUICULTURA

2.1. ANTECEDENTES

A actividade acuícola en Galicia mantivo, durante décadas, un desenvolvemento anárquico, marcado pola escaseza de regulación e ordenación da actividade.

Dende os comezos da actividade a súa implantación careceu dunha planificación estratéxica que agrupase as súas diversas facetas e a especificidade das súas características, ademais de integrar e coordinar as actuacións públicas e orientar as desenvolvidas polas entidades e os promotores privados.

A pesar de todo, déronse pasos cara á consecución dunha estruturación ordenada e harmonizada da actividade acuícola en Galicia, que parte, en 2005, do primeiro plan sectorial de acuicultura. Do mesmo xeito, tamén se deron avances en prol de conseguir unha ordenación produtiva e espacial das áreas marítimas coa reordenación das bateas, primeiro mediante o Decreto 2551/1961, do 30 de novembro, e posteriormente, e xa no ámbito autonómico, a través do Decreto 197/1986, do 12 de xuño (derogado polo Decreto 423/1993, do 17 de decembro), buscando ambos a estruturación espacial que permitise a máxima produción sen comprometer a calidade dos cultivos.



Praia de Razo-Baldaio.

2.1.1 MARCOS NORMATIVO E ADMINISTRATIVO ANTERIORES A 2005

Aínda que Galicia desenvolveu unha ampla actividade marítimo-pesqueira e a organización e regulación da pesca tivo, no conxunto do Estado múltiples exemplos, a acuicultura non posúe unha bagaxe semellante debido, entre outras causas, á escaseza de coñecementos sobre os seus usos e prácticas e á nula concienciación sobre o seu carácter diferencial sobre outras actividades puramente extractivas.

Será ben entrado o século XIX onde se empezan a atopar vagas referencias a unha regulación das actividades asimilables a unha práctica acuícola, así como da ordenación dos seus espazos. Desta forma, na Lei de Augas de 1866 refírese, no seu Título I, unha regulación básica do aproveitamento das augas marítimas, aínda que a Lei de 1879 exclúe xa todo o que comprendía o citado título no relacionado co dominio, uso e aproveitamento das augas do mar e das súas praias, que pasa á Lei de Portos. Doutra banda, o Regulamento de 18 de xaneiro de 1876, sobre cría e propagación e aproveitamento dos mariscos, así como a Real Orde de 28 de xaneiro de 1885 xeran os primeiros trazos normativos sobre a actividade acuícola, sendo esta integrada, aínda que non figura como tal nin se aprecia o seu recoñecemento como actividade, de forma xenérica na práctica marisqueira.

Haberá que esperar ata ben entrado o século XX para atopar referencias consistentes aos cultivos piscícolas ou marisqueiros, aínda que estes están moi lonxe de constituír unha auténtica planificación da actividade en España e, consecuentemente, en Galicia.

A este respecto, a Lei 59/1969, de 30 de xuño, de Ordenación Marisqueira establece unha referencia xenérica e clara a unha práctica de cultivos acuícolas como fórmula de reforzo da produción marisqueira natural. Deste xeito, o texto legal sinala que:

*[...]Os estudos realizados demostran que non é viable o aumento da produción polos sistemas actuais de explotación libre, entre outras causas pola limitada capacidade de reprodución natural das poboacións, sendo indispensable, **para aumentar o rendemento das zonas produtivas, recorrer ás modernas técnicas de cultivo artificial en parques dirixidos e explotados cientificamente con man de obra especializada, para o que é necesario ditar os principios fundamentais que han de servir de base á súa implantación [...]***

Esta referencia era a continuidade da efectuada en 1961 no contexto do Decreto 2559/1961, do 30 de novembro polo que se aproba a nova Regulamentación para a explotación de Viveiros de Cultivo, situados en zona marítima, e no que o artigo 1º sinala que o cultivo total ou parcial de especies mariñas en instalacións apropiadas situadas en zonas





marítimas, constitúen unha actividade pesqueira e ten por obxecto conseguir que as especies cultivadas sexan de mellor calidade e maior rendemento. Isto deixaba a práctica de cultivo nun plano complementario co labor extractivo marisqueiro.

A maiores, cabe apuntar que esta regulamentación viña pór certa orde na progresiva expansión da mitilicultura, pero cun sensible atraso de 16 anos, xa que a primeira batea para cultivo de mexillón fora instalada na ría de Arousa en 1945. Así pois, queda claro que a planificación en materia acuícola non existía como tal, limitándose a actividade a unha mera regulación administrativa e a un control espacial sen máis.

Habería que esperar ata 1984 para que España, e Galicia, se fixesen da primeira disposición lexislativa, a Lei 23/1984, do 25 de xuño, de Cultivos Mariños, que atendía a estes como tal, emancipándose da actividade extractiva e definindo claramente o seu alcance e especificidades da práctica acuícola. Unha vez máis o desenvolvemento dos cultivos na praxe superara amplamente o marco normativo, e era preciso, ademais, incorporar novos usos e dar acollida a especies que ampliaban o monocultivo de moluscos que vían as normas anteriores.

Este texto lexislativo contemplaba xa as prácticas acuícolas en todos os ámbitos territoriais, xa fosen estes marítimos ou terrestres, e mesmo outorgaba referencia á comercialización dos seus produtos e ao control da contaminación. Pero seguía sen existir unha planificación que agrupase os seus diferentes aspectos e que prevese a súa orientación en función das características, situación, retos e oportunidades. Foi en 1982 cando apareceu, de forma parcial e circunscrito á investigación e ao desenvolvemento, un programa especial vinculado á acuicultura e en 1988 xorde a primeira ferramenta neste sentido: o Plan Nacional de Cultivos Mariños de carácter nacional, que veu suplir parcialmente esa demanda. Este plan foi desenvolvido ao amparo do disposto no artigo 25 da Lei 23/1984, do 25 de xuño, de cultivos mariños.

No contexto normativo autonómico galego, desenvolvido desde a aprobación do Estatuto de Autonomía e baseado tamén na asunción de competencias procedentes do Estado, destaca a Lei 15/1985, do 23 de outubro, de ordenación marisqueira e cultivos mariños. Esta norma trataba de compilar e ordenar as disposicións legais existentes sobre as materias citadas, á vez que propugnaba a ordenación das actividades e a dispensa das condicións apropiadas para o seu desenvolvemento.

Neste sentido, facía clara referencia á necesidade de articular unha estrutura asociativa que permitise organizar a produción e aproveitamento dos recursos, así como a xestión das actividades. Hai que destacar que esta norma recollía de forma expresa e directa os cultivos mariños en todas as súas fases.




Bateas na ría de Arousa

A respecto da acuicultura continental, das estatísticas do Monasterio de Piedra (Calatayud, Zaragoza) podemos deducir que a produción de ovos de troita arco iris en España iniciouse na tempada de 1889-90, seguramente trala cría de ovos provenientes do centro ictiolóxico de Alsacia. En pouco tempo convértese na especie máis cultivada de España.

A construción dos centros estatais de repoboación mantense en varias épocas do século XX, ata que na segunda metade do mesmo período o ICONA, Instituto para a Conservación da Natureza, dispón dunha trintena de centros diseminados por toda a xeografía española, dedicados na súa meirande arte á reprodución e cría de salmónidos con fins de repoboación. A pesar do maior interese deportivo e ecolóxico da troita común, as arco iris mantéñense nas estatísticas de repoboacións para tramos medios e cotos intensivos.

En España non xorden as primeiras iniciativas privadas ata 1960. Os pioneiros desta actividade, como xeralmente soe suceder, atopan graves dificultades para a súa iniciación ao non ser compartidas as súas aspiracións coas ideas da administración. Despois de moitas vicisitudes, en 1961 iniciábase en Riezu (Navarra) a construción da primeira piscifactoría industrial privada de España.

A partir da Constitución Española de 1978, as distintas Comunidades Autónomas asumiron as competencias en pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, caza e pesca fluvial (Artigo 148), co que se transferiron ás mesmas as competencias que ata entón tiña o Instituto para a Conservación da Natureza (ICONA).



Galicia, tendo en conta o seu amplo potencial produtivo no ámbito acuícola e os problemas derivados da implantación desta actividade, especialmente no espazo terrestre, elaborou nos anos 2005 e 2008 plans para a instalación de plantas de acuicultura en terra



2.1.2. PLANS SECTORIAIS DA ACUICULTURA EN TERRA:

Galicia, seguindo este ronsel e tendo en conta o seu amplo potencial produtivo no ámbito acuícola e os problemas derivados da implantación desta actividade, especialmente no espazo terrestre, iniciou en 2005 a elaboración dun plan que estableceu pautas a seguir na instalación de plantas realizando unha análise prospectiva das necesidades futuras da actividade.

- **Plan de Parques de Tecnoloxía Alimentaria 2005**

É o primeiro intento de ordenar a acuicultura galega na zona terrestre a longo prazo. Recibiu o visto e prace do Consello da Xunta o 30 de xuño de 2005, sendo publicado no Diario Oficial de Galicia o 20 de xullo dese mesmo ano.

Este documento recollía 21 emprazamentos para levar a cabo a creación de parques de tecnoloxía alimentaria, que se definen como conxunto de terreos delimitados para a instalación ou ampliación de instalacións de acuicultura mariña en terra. Destas localizacións, oito son novos emprazamentos, mentres que os 13 restantes definen as posibilidades de ampliación de plantas xa existentes.

Este plan contempla tamén, de maneira incipiente, a vía de integración das plantas nos diferentes espazos e é un paso coherente coa Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia. A este respecto, 12 das 21 localizacións están situadas fóra de espazos delimitados baixo figuras de protección.

Este documento prevía a ocupación de 2.418.200 m², o que supoñía multiplicar por tres o espazo ocupado nesta actividade naquel momento. Sobre esta superficie prevíanse instalar 21 granxas, cunha produción conxunta aproximada de 19.751 toneladas de peixes no seu desenvolvemento completo. Para iso, prevíase que sería necesario efectuar un investimento global de 291.736.420 euros.

- **Plan Galego de Acuicultura 2008**

En 2008 realízase a segunda revisión da planificación da actividade acuícola en Galicia. Despois dunha primeira modificación, efectuada entre 2006 e 2007, en marzo de 2008 definíase o Plan Galego de Acuicultura, que contaba cun horizonte de aplicación no ano 2020 e que sería aprobado definitivamente o 28 de agosto; á súa entrada en vigor, o 17 de setembro, deixaba sen efecto o aprobado en 2005.


*Ría de Ferrol*

Este novo documento abordaba, tras as modificacións efectuadas nos dous anos anteriores, a supresión de dúas das plantas proxectadas. Tamén reducía a extensión doutras catro e impuña definitivamente un criterio de observancia ambiental que atendía á decisión de evitar, no posible, a ocupación de espazos catalogados dentro da Rede Natura 2000. Así, do total de terreo delimitado dentro do plan, só un 1,8% se situaba en terreos con esta figura de protección ambiental, fronte ao 28% que se recollía no plan de 2005.

Entre outras novidades, o plan instauraba un acceso aos terreos baixo un modelo concesional, sendo os estes de titularidade pública e efectuándose a súa atribución ás empresas mediante un proceso de concorrência. Deste xeito, contemplábase o recurso á expropiación como método único de adquisición de terreos por parte da administración.

O plan dispoñía de 24 parques, dos cales 8 eran novos e 16 procedían do reformado Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria de 2005. Destes 24, 11 emprazamentos referíanse á posibilidade de ampliación de plantas preexistentes.

Este novo plan abranguí a disposición de 2.854.150 m², o que supuña unha ampliación de 24,7 hectáreas sobre o plan anterior. Prevía a instalación de plantas destinadas ao cultivo non só de rodaballo, senón tamén de linguado, orella de mar ou polbo, calculando que todas as plantas poderían achegar un volume de 21.626 toneladas de peixes e moluscos. Ademais, prevíase que a produción obtida achegaría unha cifra de facturación duns 182 millóns de euros por ano. Para chegar a ese desenvolvemento total do plan, establecíase un cálculo que determinaba o necesario investimento de 353.121.730 euros, á vez que se estimaba o emprego a xerar en 1.966 postos directos.



Modificacións

O proceso de planificación da acuicultura experimentou varios cambios. Entre eles poderíanse destacar dous grandes bloques:

- **Por unha banda as Modificacións ao Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria de 2005:** aínda que a súa perda de efectividade tivo lugar ao entrar en vigor o Plan Galego de Acuicultura, este plan foi suspendido parcialmente na súa vixencia por decisión do Consello da Xunta o 22 de xuño de 2006, no seo dun acordo máis amplo que establecía a revisión do plan existente, e que se fundamentaba en:
 - A suspensión e exame de todos aqueles emprazamentos recollidos nel que posúisen terreos catalogados como Rede Natura 2000.
 - A supresión de tres emprazamentos e a inclusión de oito novas localizacións, ata acadar a cifra de 26, contando cunha extensión global de 3.175.150 m², o que permitiría acadar segundo os cálculos asociados a este acordo, unha produción de 23.873 toneladas de peixes de cultivo nun horizonte temporal de 15 anos.

Posteriormente, a aprobación definitiva do novo Plan Galego de Acuicultura procedeu a levantar a suspensión que amparaba a revisión de tres emprazamentos, mentres se renunciaba definitivamente a un dos existentes (situado en cabo Touriñán, Muxía) e procedía a manter a revisión doutro (situado en Foxo Longo, Ribadeo).

- **Doutra banda, as Modificacións ao Plan Galego de Acuicultura, que dende a súa entrada en vigor sufriu dúas modificacións:**
 - A primeira foi efectuada por medio do acordo do Consello da Xunta de 28 de xaneiro de 2010, na cal se modificaba o réxime de acceso á propiedade dos terreos integrados dentro da planificación acuícola. Pasou a efectuarse de forma directa e mediante a iniciativa das empresas ou particulares promotores dos proxectos mediante compra aos seus propietarios. Así mesmo, o método de expropiación relegábase como recurso en caso de non poder acceder á propiedade da totalidade dos terreos.
 - A segunda modificación púxose en práctica mediante o acordo do Consello da Xunta de 10 de marzo de 2011 e provocaba a suspensión do Plan Galego de Acuicultura aprobado en 2008, sometendo a vixencia desta suspensión á elaboración dun plan específico que ordenase a acuicultura mariña en terra. Nese mesmo acto acordábase dar o visto e prace á elaboración e tramitación do citado documento, denominado Plan Director de Acuicultura de Galicia.

2.1.3. PLANS ESTRATÉXICOS SECTORIAIS

Galicia desenvolveu diversos plans estratéxicos no sector marítimo-pesqueiro e na súa cadea mar-industria co obxectivo de avanzar na planificación da actividade e reforzar a súa competitividade.

Algúns destes plans tiveron como obxectivo de análise e definición de medidas actividades de acuicultura, destacando os desenvolvidos para a industria mitilicultora.

Plans Estratéxicos do sector mexilloeiro

O primeiro deles, desenvolvido en 1997, foi definido como “Análise Estratéxica do Sector Mexilloeiro Galego. As bases dun Plan Director”. Foi deseñado en base aos contidos dos Cursos de Formación para a mellora da competitividade do sector mexilloeiro coordinados pola Escola de Negocios de Caixavigo, e contaron coa participación do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, o IGAFA e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Constaba de dúas partes diferenciadas: primeiro efectuábase un diagnóstico da situación do sector, avaliando o negocio e os seus procesos. Posteriormente dábase unha revisión e definición de medidas a futuro, que se contiñan nun Plan Director que abordaba melloras na percepción do produto na sociedade, a captación e apertura de mercados, a internacionalización, a mellora das infraestruturas, a I+D, así como a cooperación e estruturación organizativa. Destacaban, no seo deste plan, as apostas pola formación e avance no soporte administrativo e de xestión.

O segundo plan, denominado Plan Estratéxico do Mexillón de Galicia, comezouse a elaborar en 2006 da man do Centro Tecnolóxico do Mar e da Escola de Negocios de Caixanova, e seguía as mesmas pautas que o anteriormente citado e posto en marcha en 1997. O seu obxectivo fundamental era marcar a folia de ruta que levase á formación dun clúster mexilloeiro galego. O seu horizonte temporal estaba comprendido entre 2009 e 2012.

A súa metodoloxía de traballo baseouse na celebración de mesas de traballo compostas por membros do sector e expertos, a análise de experiencias doutras partes do mundo e a definición dun novo plan de formación e sensibilización no sentido do realizado na década anterior. Aínda que foron presentadas as liñas xerais do plan, a súa finalización e execución práctica pospuxéronse como consecuencia da situación real de desestruturación interna do sector e das necesidades prioritarias de articulación dun sistema de representación do sector.



2.2. BASES DE IMPULSO:

Sen dúbida, a acuicultura veu sufrindo un retraso no marco europeo durante os últimos anos que levou a unha perda da puxanza e á cesión a outras rexións do mundo da primacía neste ámbito produtivo. Neste sentido, a Unión Europea, dende distintos ámbitos, manifestou a súa intención de recuperar o dinamismo da acuicultura a fin de conseguir converter esta actividade nun motor de xeración de riqueza e emprego, especialmente nas zonas costeiras periféricas, así como nun elemento de sostemento ambiental en canto pode contribuír a manter certos espazos naturais.

En definitiva, a Unión Europea pretende impulsar, nas súas propias palabras, unha acuicultura sostible, competitiva e diversificada, para o que considera fundamental o seu sustento na investigación e a aplicación tecnolóxica e a superación dos problemas de acceso ao espazo e dos obstáculos administrativos coa finalidade de xerar uns produtos dotados de calidade e seguridade.

Este feito non é nada novo, xa que no marco europeo lanzouse en 2002 a Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo, de 19 de setembro denominada «Estratexia para o desenvolvemento sostible da acuicultura Europea» (COM (2002) 511 final).

Este documento caracterizaba á acuicultura como unha actividade marcada pola inestabilidade dos prezos, polo que inducía á necesidade de regulala mediante unha lexislación europea adaptada, o que contribuíría a garantir a estabilidade das zonas dependentes da pesca, así como a súa viabilidade económica e autosuficiencia. En particular, propoñía orientar os traballos cara ao mantemento da viabilidade económica do sector, a garantía da seguridade alimentaria e o benestar dos animais, a solución dos problemas ambientais e a estimulación da investigación.

Os últimos anos estiveron marcados por un afianzamento desta mensaxe, o que culmina na emisión de varios documentos que referendan este interese da Unión Europea polo desenvolvemento sostible da acuicultura no seu territorio.



Ría de Ortigueira



2.2.1. NOVA PROPOSTA DA POLÍTICA COMÚN DE PESCA

Malpica

A proposta da Comisión Europea de cara á reforma da Política Común de Pesca, para o período 2014-2020, ten na acuicultura unha das súas máis firmes apostas. Tanto é así que a actividade acuícola dispón do seu propio apartado específico no documento que recolle o relatorio do Regulamento do Parlamento e o Consello sobre a Política Común de Pesca (COM (2011) 425 final), e establécese unha referencia continua a ela ao longo de todo o documento equiparándoa á propia pesca.

Así, a Comisión propónse establecer, no horizonte de 2013, unha serie de directrices que rexerán a evolución da acuicultura e que buscarán promover a competitividade do sector acuícola e apoiar o seu desenvolvemento e innovación, impulsar a actividade económica, promover a diversificación e mellorar a calidade de vida nas rexións costeiras e rurais e garantir condicións equitativas aos operadores acuícolas no que respecta ao acceso ás augas e ao espazo.

Ademais, a propia proposta establece a necesidade de elaborar un plan estratéxico nacional de carácter plurianual antes de 2014 por parte dos Estados Membros, establecendo a obriga de orientar os seus obxectivos cara á simplificación dos procedementos administrativos, en particular no relativo ás licenzas, ao ofrecemento de garantías aos operadores acuícolas sobre a seguridade no que respecta ao acceso ás augas e ao espazo, a definición dos indicadores de sustentabilidade nos ámbitos ambiental, económico e social e a avaliación dos posibles efectos transfronteirizos en Estados membros veciños.

A proposta da Estratexia Galega da Acuicultura supón a culminación dunha tendencia que vén consolidar a aposta da Unión Europea pola acuicultura.



2.2.2. COMUNICACIÓNS PÚBLICAS DA UNIÓN EUROPEA

Esta proposta plasmada na Estratexia Galega da Acuicultura non é máis que a culminación dunha tendencia que vén consolidar a aposta da Unión Europea pola acuicultura, e que se manifesta na sucesión de documentos que viñeron sustentando este camiño dende as máis importantes instancias europeas.

A través das comunicacións fórmulase unha opinión xeneralizada de apoio á acuicultura como elemento de desenvolvemento costeiro equilibrado nos ámbitos ambiental, económico e social que culminou na proposta para a futura Política Común de Pesca.

Comisión Europea

A Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello: “Construír un futuro sostible para a acuicultura. Novo impulso á Estratexia para o desenvolvemento sustentable da acuicultura europea” (COM(2009) 162 final) é o máis claro expoñente das intencións da Comisión de apostar decididamente pola acuicultura e polas súas potencialidades.

Deste xeito, neste documento xa se recollen aspectos que logo se viron referendados na nova proposta da Política Común de Pesca, tales como a necesidade de establecer un equilibrio entre os ámbitos ambiental, económico e social ou a esixencia de dotar de axilidade administrativa e avanzar en termos de potenciación da I+D+i.

Parlamento Europeo

O máximo órgano lexislativo europeo emitiu o “Informe do Parlamento Europeo sobre un novo impulso á Estratexia para o Desenvolvemento Sostible da Acuicultura Europea” (2009/2107(INI)) en coherencia e coordinación co exposto pola comunicación efectuada pola propia Comisión.


Así, o Parlamento Europeo referendou as teses da entidade administrativa, á vez que sumaba outras como a necesidade de financiar adecuadamente o desenvolvemento da actividade acuícola, con especial énfase na investigación, así como a de garantir a formación como bases da competitividade do sector. Ademais, a resposta parlamentaria á Comunicación da Comisión estableceu puntos de desenvolvemento práctico posteriormente recollidos na proposta de reforma da PCP, tales como a necesidade de desenvolver plans nacionais plurianuais de dinamización da acuicultura, ou como a recomendación aos Estados Membros de establecer “xanelas únicas” de tramitación administrativa dos proxectos acuícolas.

*Lonxa de Lira. Carnota*

Comité Económico e Social Europeo

O Ditame do Comité Económico e Social Europeo (CESE) sobre a Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello “Construír un futuro sustentable para a acuicultura. Novo impulso á Estratexia para o desenvolvemento sustentable da acuicultura europea” (COM(2009) 162 final) foi a contribución máis importante deste órgano consultivo e de asesoramento nesta serie de apoios á liña de dinamización da acuicultura europea.

Neste sentido, o CESE foi máis alá que os foros lexislativos e o corpo administrativo europeo ao propugnar a compatibilidade da acuicultura coa protección ambiental, en referencia á Rede Natura 2000, ou o avance no marco comercial mediante a correcta diferenciación dos produtos acuícolas europeos.



2.2.3. ASOCIACIÓN E ENTIDADES REPRESENTATIVAS DO MARCO ACUÍCOLA

Sector acuícola europeo

- **Federación Europea de Empresas Productoras de Acuicultura (FEAP).**

A FEAP é unha organización empresarial internacional de índole representativa composta por vinte e oito asociacións nacionais de empresas pertencentes a vinte e tres países de Europa.

A súa finalidade esencial é a adopción e o desenvolvemento de políticas e liñas básicas comúns en materia de produción e comercialización dos produtos acuícolas, e a representación do sector acuicultor europeo ante os organismos da Unión con competencias nos múltiples aspectos da actividade susceptibles de regulación a nivel comunitario.

- **Plataforma Tecnolóxica Europea da Acuicultura (EATIP)**

A EATIP é a plataforma tecnolóxica específica do sector acuicultor. Constitúese como unha agrupación de entidades multidisciplinar (sector produtor, investigadores e universidades, axencias gobernamentais, autoridades reguladoras, sector financeiro e sociedade civil), que teñen o interese común de afondar na identificación e mobilización dos obxectivos estratéxicos no campo da investigación, o desenvolvemento e a innovación, dirixidos á optimización dos aspectos fundamentais da actividade e da competitividade sustentable a longo prazo do sector.

A EATIP presupón que é a propia industria a que debe desempeñar o papel determinante na concepción, definición e execución dos proxectos de investigación na área tecnolóxica. Como accións inmediatas para o logro dese obxectivo, ha de definir a visión panorámica do futuro do sector acuicultor europeo no horizonte de 2030, establecer a Axenda Estratéxica Común da I+D+i europea, e desenvolver o contido da devandita Axenda a través do Plan de Acción correspondente.

Sector acuícola español

- **Xunta Asesora de Cultivos Mariños (JACUMAR).**

Órgano do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, constituído pola Secretaría Xeral de Pesca e os órganos de goberno da acuicultura das comunidades autónomas, e coa participación das

principais organizacións representativas do sector produtor de acuicultura. O seu obxectivo prioritario é propiciar a coordinación e cooperación en materia de acuicultura mariña entre a Administración do Estado e as comunidades autónomas.

- **Xunta Asesora de Cultivos Continentais (JACUCON)**

Seguindo o exemplo de JACUMAR, este órgano de carácter estatal está composto polas comunidades autónomas competentes nesta materia, o Goberno do Estado e o sector. Reúnese unha vez ao ano e está presidida polo director xeral competente en materia de Recursos Pesqueiros.

Entre os seus obxectivos están os de coordinar e cooperar de forma permanente entre a Administración do Estado e as CCAA, alén do promover e facilitar o asesoramento científico e a coordinación das vías de compilación estatística a nivel estatal da actividade.

- **Plataforma Tecnolóxica Española da Pesca e Acuicultura (PTEPA).**

A Plataforma agrupa a todo o sector do clúster mar-industria: pesca extractiva, acuicultura, transformación e comercialización de produtos de orixe mariña, sendo, por tanto, o seu principal obxectivo agrupar a todas as partes interesadas do sector pesqueiro e acuícola nacional co obxectivo de establecer as prioridades tecnolóxicas e de investigación necesarias nese sector a medio-longo prazo e coordinar os investimentos nacionais, tanto os públicos como os privados, en I+D.

Acorde con isto, a Plataforma desenvolve a formulación dunha estratexia de investigación, desenvolvemento e innovación, a través de actuacións científico-tecnolóxicas relacionadas co sector pesqueiro e acuícola nacional, mediante unha formulación operativa e dinámica na que, participando todos os elementos do sistema ciencia-tecnoloxía-empresa e as administracións, se consiga a coordinación óptima cos demais axentes rexionais e nacionais así como con todo tipo de organizacións internacionais.

- **Asociación Empresarial de Produtores de Cultivos Mariños de España (APROMAR).**

APROMAR é a entidade asociativa empresarial do sector acuicultor de peixes mariños a escala nacional. Constituída en 1986 como Organización de Produtores (OP 30), integra á práctica totalidade das empresas dedicadas á devandita actividade en España.





Segundo a súa propia definición, o obxectivo esencial de APROMAR é a representación do sector empresarial da acuicultura mariña española ante toda clase de entidades públicas e privadas; a realización de estudos e análises dirixidas á mellora da competitividade do sector; a prestación de servizos a asociados e a terceiros no ámbito das súas competencias; e a definición e o impulso de liñas de acción socialmente responsables para unha acuicultura sustentable.

Asociacións de produtores continentais:

A progresiva expansión da produción acuícola en zonas de interior e o crecemento dos intereses comúns das empresas e promotores das instalacións acuícolas nesta áreas fai que se formen diferentes asociacións que vinculan a defensa desa vontade común.

Amais das asociacións representativas, xorden outras como as Asociacións de Defensa Sanitaria que, existentes en diferentes comunidades autónomas, teñen como función fundamental a obtención dunha perspectiva global sobre a situación sanitaria da actividade e un avance nela, así coma unha mellora da coordinación fronte á loita contra as enfermidades.

- **Organización Interprofesional de la Acuicultura Continental Española (AQUAPISCIS)**

A Organización Interprofesional de la Acuicultura Continental Española é a primeira Organización Interprofesional Agroalimentaria, constituída e recoñecida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no ámbito da acuicultura.

Do total do sector da acuicultura continental, Aquapiscis representa a un 87% da produción, un 85% da comercialización e un 91% da transformación. Forman parte da mesma, por parte da produción, a Organización de Produtores Piscicultores (OPP) e a Organización de Produtores de Acuicultura Continental (OPAC); pola rama da transformación, a Asociación de Transformadores de Produtos Piscícolas (ATP) e a Asociación de Comercializadores e Transformadores de Acuicultura Continental (COTRACE); e pola rama da comercialización a Asociación de Comercializadores y Transformadores de Acuicultura Continental (COTRACE) e a Asociación Española de Exportadores de Acuicultura Continental (CEACE).

O seu obxectivo fundamental é o de defender os Intereses sectoriais nun entorno dunha acuicultura sostible e respectuosa co medio ambiente, con vontade de satisfacer unha demanda social tanto Interna como de exportación de peixe, coas máximas garantías na calidade e seguridade alimentaria.

- **Asociación Española de Productores de Acuicultura Continental (ESACUA)**

Creada en 2008, esta entidade asociativa é a primeira organización nacional que tenta xuntar aos produtores continentais, estando composta por 20 socios e 30 piscifactorías, o que representa aproximadamente un 30% da produción acuícola continental de España. Forma parte da Xunta Consultiva da Acuicultura Continental (JACUCON).

Entre os seus obxectivos están os de garantir a máxima calidade dos produtos dos seus asociados, a busca dun maior investimento en I+D+i por parte das administracións, o aumento do coñecemento dos produtos e das súas calidades alimentarias e o aumento do seu consumo. Entre outras accións, ESACUA ten desenvolvido, en contacto con AENOR, varias normas de calidade en materia de acuicultura

- **Organización de Productores de Acuicultura Continental (OPAC)**

Fundada en 1995, esta entidade organizativa agrupa algo máis do 50% da produción nacional de acuicultura continental, reunindo as principais empresas do segmento deste tipo de actividade. Ao igual que ESACUA, forma parte da JACUCON e está recollida como OP-47.


Entre os seus retos atópanse os de traballar para promover un maior grao de automatización da actividade, unha mingua na dispersión e atomización empresarial, así como por continuar fortalecendo a profesionalización e o liderado internacional desta actividade.

- **Organización de Productores Piscicultores (OPP)**

A orixe desta asociación nacional de empresas de piscicultura continental, en 1964, estivo motivada pola necesidade de coordinar a oferta, iniciándose unha comercialización conxunta en mercados referentes de importancia como MERCAMADRID. Desde entón, a OPP e os seus antecesores, con formas xurídicas acordes ao momento, teñen estado presentes no devir sectorial abordando as necesidades de representación.

As actuacións publicitarias e promocionais foron outra das principais ocupacións da OPP, así como tamén a atención ao mercado exterior e á sostibilidade, calidade, seguridade alimentaria, trazabilidade e boas prácticas na realización da actividade.

Efectúan a participación na UE a través do COPA-COGECA como representantes permanentes do Comité





Consultivo de Pesca y Acuicultura e a asociación está integrada na Organización Interprofesional AQUAPISCIS, amais de constituírse como OP-22.

Asociacións representativas do sector da acuicultura galega

O desenvolvemento da produción acuícola en Galicia trouxo consigo a creación dunha estrutura asociativa e organizativa paralela que contribuíu a desenvolver a actividade e a formular accións en diversos ámbitos relacionados directamente coa propia produción, como a comercialización ou o I+D+i.

Neste sentido, a organización do sector estableceu tamén a posibilidade de desenvolver unha canle de comunicación coa administración, así como para canalizar o apoio que esta achegou á actividade e ás súas empresas.

- **CETGA, Clúster da Acuicultura de Galicia-Centro Tecnolóxico Galego da Acuicultura**

O Clúster da Acuicultura de Galicia é a entidade que agrupa o conglomerado empresarial creado arredor da actividade acuícola, e está fundamentalmente vinculado á piscicultura, formando parte del as principais empresas deste ámbito de actividade. Ademais, está apoiado polas áreas sociais das antigas caixas de aforro con sede en Galicia, e polas iniciativas que ten a administración autonómica galega sobre desenvolvemento tecnolóxico e innovador.

Ao abeiro deste Clúster púxose en marcha o Centro Tecnolóxico Galego de Acuicultura (CETGA), que conta coa acreditación ambiental EMAS, e con outras acreditacións de prestixio en termos de calidade. Ademais, baixo o seu impulso desenvolveuse a Plataforma Tecnolóxica Galega de Acuicultura (PTXGA).

- **AROGA, Asociación de Produtores de Rodaballo de Galicia, O.P. nº. 59**

A Asociación de Produtores de Rodaballo de Galicia (AROGA) está formada polo agrupamento asociativo de oito empresas que contan con plantas de produción desta especie en territorio galego. Ademais, AROGA constituíuse como organización de produtores pesqueiros co número 59 no seu rexistro.

Esta asociación agrupa, mediante as empresas formantes, o 85% da produción española de rodaballo, así como o 60% da europea. As plantas que son propiedade das empresas asociadas esténdense por todo o litoral de Galicia.

- **ATRUGAL, Asociación Galega de Piscifactorías de Troita de Galicia.**

A Asociación Galega de Piscifactorías de Troita de Galicia constituíuse orixinalmente como asociación de defensa sanitario-gandeira en 2002, pasando en 2006 a consolidarse ao outorgárselle o rexistro como organización de produtores pesqueiros co número 65.

Na actualidade agrupa a 20 socios e 26 piscifactorías, que xeran o 95% da produción troiteira de Galicia e arredor dun 25% da española. Estas piscifactorías xeran 218 empregos directos e máis de 1.000 indirectos. Entre os seus asociados inclúe tamén a empresas e plantas de produción de ovos, así como a firmas que practican cultivos de maneira artesanal.

- **AGADE, Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos.**

A Asociación Galega de Empresarios Depuradores de Moluscos nace en 1979 e está constituída na actualidade por 37 empresas dedicadas fundamentalmente á depuración e comercialización de moluscos bivalvos vivos, en especial mexillón, ameixas, berberecho e ostras.

Estas empresas empregan prácticas de depuración baseadas en tecnoloxías de uso de cloro, ozono e luz ultravioleta, desenvolvendo a súa actividade nas zonas litorais de Pontevedra e A Coruña. Estas firmas efectúan, de forma xeral, o procesado íntegro do produto dende a súa chegada dos bancos marisqueiros ou bateas ata a súa chegada ao mercado.

- **Asociacións de produtores de mexillón.**

O sector mitilicultor está caracterizado, de maneira xeral e de forma especial na última década, por unha situación de alta atomización. Neste sentido, na actualidade existen máis de 40 entidades rexistradas e dotadas de representatividade no seo do ámbito da produción mitícola.

A súa capacidade de representación maniféstase nun amplo abanico de volume de bateas e empresas agrupadas. A este respecto, existen asociacións constituídas por tres bateas, así como esta capacidade se estende nalgúns casos ata as 1.780 bateas.

A necesidade de canalizar e organizar a súa representatividade levou á desaparecida Consellería do Mar a propugnar a Comisión do Mexillón, órgano conformado por representantes do sector e da administración e no



O POL é unha fonte documental básica para a realización deste Plan, xa que por unha banda establécese como o soporte ou a base dos estudos territoriais analizados e por outra propón un modelo de xestión do litoral priorizando a conservación duns ámbitos fronte a outros ademais de identificando os elementos e sistemas naturais e antrópicos de valor.



cal se establece a designación dun vogal por cada 300 bateas, podendo ser este posto exercido en nome dunha única asociación ou de varias.

- **Agrupacións e asociacións de mariscadores e mariscadoras**

A organización interna da actividade marisqueira en Galicia estrutúrase basicamente arredor das confrarías de pescadores. Neste sentido, no marisqueo a pé consolídanse, de forma frecuente, agrupacións de mariscadores e mariscadoras que funcionan de forma semiautónoma na organización e xestión da actividade. Ademais, as persoas que se dedican a este labor pódense organizar tamén mediante agrupacións ou asociacións profesionais. En canto ao marisqueo a flote, este, ao ser realizado dende embarcación, vincúlase organizativamente de forma directa ás confrarías.

Na actualidade existen 45 entidades de carácter representativo e organizativo no marisqueo a pé, das cales dúas se definen como agrupación de mariscadores e mariscadoras (sen encadrarse no seo dunha confraría), unha como cooperativa, unha como asociación profesional e outra como organización de produtores pesqueiros. As restantes, nun número de 40, vincúlanse ás confrarías, organizando os seus traballos de forma interna.

En canto ás embarcacións con habilitación administrativa (permex) para exercer a actividade de marisqueo, estas agrúpanse en 39 confrarías, onde organizan os seus traballos de forma directa.

- **Outras asociacións de relevancia no ámbito galego.**

Existen, ao abeiro doutras actividades vinculadas á actividade acuícola, outras entidades asociativas ou de representación de relevancia.

Entre estas estaría a Organización de Produtores Ostrícolas de Galicia (OPOGA), creada en 1986 e que aglutina ao 70% dos produtores galegos deste molusco, os cales xeran o 50% da produción nacional das diversas variedades de ostra.

Pola súa banda, tamén se fai necesario citar ás dúas entidades representativas e asociativas dos propietarios de parques de cultivo de Carril, dada a súa importancia económica e produtiva neste ámbito. Así, a Asociación de Produtores de Parques de Cultivo de Carril constituíuse en 1989, mentres que a Asociación de Parquistas “Virxe do Carmen” de Carril creouse en 2007.



Redes. Útiles de pesca

2.3. BASES DE DESENVOLVEMENTO

2.3.1. INTEGRACIÓN NAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

Galicia quere pórse á cabeza do sector tentando superar a parálise sufrida nos últimos anos e aproveitando o seu potencial para recuperar o liderado acuícola perdido. Para iso é necesario integrar o desenvolvemento da acuicultura no novo marco do modelo de ordenación do territorio proposto polas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e o Plan de Ordenación do Litoral (POL) xa que ambos os instrumentos perseguen o equilibrio entre as necesidades de desenvolvemento e mellora da calidade de vida e da competitividade da Comunidade Autónoma de Galicia e a preservación do seu rico patrimonio natural, cultural e etnográfico.

O 10 de febreiro de 2011 aprobáronse polo Consello da Xunta as DOT como instrumento de ordenación do territorio regulado na Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, Lei 10/1995, do 23 de novembro. No marco da Lei de Ordenación do Territorio de Galicia, as DOT son o instrumento que ofrece a visión da ordenación territorial integral da Comunidade Autónoma e que serve como referencia ao resto das figuras de planificación así como ás actuacións que desenvolvan as administracións e os particulares.



Litoral de Viveiro

De conformidade co previsto no artigo 9 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia, as determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio terán a forza vinculante que sexa congruente coa súa función de instrumento directriz. Estas determinacións poderán ser:

- a. **Excluíntes** de calquera outro criterio, localización, uso ou desenvolvemento territorial ou urbanístico.
- b. **Alternativas** entre varias propostas contidas dentro das mesmas Directrices de Ordenación do Territorio.
- c. **Orientativas**, debendo a administración competente concretar a proposta contida nas Directrices de Ordenación do Territorio.

Nas Directrices de Ordenación do Territorio, aprobadas polo Decreto 19/2011, e publicadas no Diario Oficial de Galicia o 22 de febreiro de 2011, establécese como determinación excluínente respecto da ordenación da acuicultura que:

“3.3.20. Os instrumentos de ordenación territorial e o plan urbanístico, na formulación das súas propostas de ordenación, terán presente o valor do litoral e das augas interiores como soporte da pesca, o marisqueo e a acuicultura.

3.3.21. A Xunta de Galicia elaborará un plan específico para a ordenación da acuicultura en terra. Este plan establecerá as previsións e posibles localizacións de plantas de acuicultura a partir da capacidade de acollida do territorio, é dicir, localizacións que cumpran os requisitos de sostibilidade respectando as limitacións derivadas doutras funcións produtivas e turísticas, e da protección dos valores ecolóxicos, paisaxísticos e do patrimonio cultural”.

Dada a especificidade da materia e a súa vinculación co litoral, o instrumento de ordenación territorial que se establece como marco directo desta Estratexia é o Plan de Ordenación do Litoral, aprobado polo Decreto 20/2011, e publicado no Diario Oficial de Galicia o 23 de febreiro de 2011, que ten por obxecto establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación territorial da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e valorización das zonas costeiras.

O POL é unha fonte documental básica para a realización desta Estratexia, xa que por unha banda establécese como o soporte ou a base dos estudos territoriais analizados e por outra propón un modelo de xestión do litoral priorizando a conservación duns ámbitos fronte a outros e identificando os elementos e sistemas naturais e antrópicos de valor.

Doutra banda o POL fixa tamén o comezo dunha nova fórmula de xestión do territorio propoñendo unha aproximación dinámica aos problemas do litoral. A ESGA recoñece que a costa de Galicia é complexa e diversa, así, en continuidade con esta visión sistémica e dinámica do territorio expresada no POL os instrumentos de desenvolvemento da ESGA aproxímanse dende perspectivas sistémicas.




2.3.2. DECLARACIÓN DE INTERESE PÚBLICO DE PRIMEIRA ORDE

O pasado 26 de maio de 2011 o Consello da Xunta de Galicia acordaba declarar de interese público de primeira orde a acuicultura na Comunidade Autónoma de Galicia. O Goberno autonómico procedeu a adoptar esta declaración tendo en conta o marco xeral da actividade marítimo-pesqueira e acuícola nos seus contextos mundial e europeo e a súa afectación sobre a actividade desenvolvida en Galicia, así como das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que a acuicultura posúe a nivel galego.

Para a Consellería do Medio Rural e do Mar, promotora deste acordo, esta declaración era necesaria para manifestar a importancia desta actividade, pola en valor e propiciarlle un futuro sostible. Tras o estancamento que esta actividade padecera nos últimos anos, era necesario actuar e dar un novo impulso que permitise avanzar e crecer neste eido produtivo.

A Xunta de Galicia entende que desenvolver e impulsar a acuicultura require dun esforzo coordinado nos ámbitos normativo, administrativo e económico, que estableza mecanismos que aseguren a implantación de pasos coordinados na adopción de medidas tendentes á ordenación do territorio, protección da contorna natural, xestión e ordenación pesqueira, promoción da formación académica, impulso da I+D+i, etcétera. Por todo isto, a declaración de interese público de primeira orde e de atención social e económica preferente cara á actividade produtiva acuícola en Galicia ten que contemplar, para o seu desenvolvemento normativo posterior, cinco eixos fundamentais ou factores de aplicación práctica. Estes son a afirmación e seguridade xurídica, a axilización administrativa, a continuidade formativa e investigadora, a integración comercial e a dispoñibilidade de fondos para desenvolver na práctica a actividade.

Neste sentido, este documento estratéxico é o paso lóxico que segue á citada declaración e que vén recoller esta necesidade e a definir a planificación e posta en práctica das medidas necesarias para impulsar a acuicultura, de tal modo que se propicie o seu desenvolvemento, de acordo coa declaración, dunha maneira sostible nos aspectos ambientais, económicos e sociais.



Bateas

*Cabana de Bergantiños*

A acuicultura chega en España un total de 6.170 empregos destacando o volume laboral de Galicia que, con 3.974 empregados, xera o 64% do montante do emprego deste sector produtivo

3. O CONTEXTO ACTUAL

3.1. DESCRICIÓN DO CONTEXTO

3.1.1. MUNDIAL


A produción acuícola acadou no ano 2008 os 68,3 millóns de toneladas, dos cales 52,5 son de peixes, crustáceos e moluscos, acadando un volume económico en venda de 105.873.991.000 dólares. A acuicultura no ámbito mundial ten unha taxa de crecemento anual superior ao 6,2%. Asia resalta polo seu enorme crecemento nos últimos dez anos, pasando dunha produción de 26,9 millóns de toneladas en 1999, a 46,6 no ano 2008.

A especie máis cultivada do mundo, cun 39% da produción por volume, é a carpa. Tamén destacan mariscos como ostras, ameixas, mexillóns e vieiras e peixes de auga doce, en especial as tilapias, e ademais sobresaen os camaróns, lagostinos e salmóns.

Entre os aspectos a considerar dentro da actividade acuícola mundial, caben resaltar:

1. As diferenzas entre grandes e pequenos produtores. Un bloque de países, fundamentalmente asiáticos (China, Vietnam, Indonesia, Tailandia ou Bangladesh) destinan a súa produción ao consumo interno e á exportación. Estes países están entre os que achegan maior cantidade de peixe aos mercados europeos. Por outra banda, os países subdesenvolvidos, fundamentalmente africanos, empregan a acuicultura no autoconsumo e abastecemento de produtos piscícolas e marisqueiros.
2. As diferenzas de requisitos e características hixiénico–sanitarias. Destacan as laxas normativas que rexen nos principais países produtores de bens de acuicultura, o que supón un risco na seguranza sanitaria e alimentaria.





Porto de Rinlo

3.1.2. EUROPEO

A produción acuícola xerou en Europa un total de 2.3 millóns de toneladas de peixes, mariscos e plantas, que ofrecen un valor económico de 6.250 millóns de euros. A súa participación na produción acuícola mundial ascende a un 3,4 % en termos de volume, e a un 8,14 % en termos de valor. As empresas acuícolas dan emprego a máis de 100.000 persoas na Unión Europea.

En canto á evolución, as cifras de produción de 2008 son un 12% superiores ás alcanzadas en 1999. Así, o ritmo de crecemento da acuicultura en Europa nos últimos anos é moi escaso. Na última década foi tan só do 1,2% anual, fronte ao 7,2% que se observa no resto do mundo no mesmo período.

As principais especies acuáticas cultivadas no marco da Unión Europea son: o mexillón, que agrupa un 36% da produción continental, a troita arco iris (16%) e o salmón atlántico (11%). A produción acuícola europea está dominada por Noruega, e polo salmón, destinado maioritariamente a exportación. Ademais destaca a produción española, que supón, con 284.982 toneladas, o 21% do total europeo. Séguelle en importancia Francia, co 18%, e Italia e Reino Unido cun 13% cada un deles.

Entre os aspectos a considerar dentro da acuicultura europea, cabe resaltar:

- Diferenzas entre as producións realizadas no norte e no sur de Europa. No norte predomina o cultivo do salmón atlántico. No sur (Mediterráneo) destaca a cría e engorde de especies de augas máis quentes coma a dourada ou a robaliza.
- A necesidade de importación de produtos do mar que ten Europa, quen conta cunha importación de 5,6 millóns de toneladas e unha exportación de tan só 1,7. Isto debe ser compensado, en parte, dende a acuicultura.

3.1.3. ESPAÑOL

España é o estado membro da UE con maior produción de acuicultura en toneladas, con 284.982 toneladas no 2009 (21,79% do total da UE). Non obstante, en valor económico só acada o quinto lugar (cun valor de 280 M€ e un 8,65% do total da UE). Agrupa 5.173 establecementos de acuicultura, dos que 4.979 son de produción mariña e 194 continentais. Nas estruturas de produción mariña destacan as instalacións de cultivo vertical (principalmente bateas) que suman 3.654.

A acuicultura achega en España un total de 6.170 empregos, destacando o volume laboral de Galicia que, con 3.974 empregados, xera o 64% do montante do emprego deste sector produtivo. É de subliñar que o emprego xerado neste segmento foi mingando desde 2007, xa que naquel entón existían en España 7.650 empregos, perdéndose, por tanto, un 19,6% do volume laboral neste bienio.

Entre as principais especies cultivadas atópanse o mexillón, que acadou en 2009 unha produción de 209.633 toneladas e o 76% da produción, seguida da troita arco iris, co 9% da produción, e a dourada, co 7%. En canto ao seu valor económico, é a dourada a que ocupa o primeiro lugar con 74 M€ e un 26% do total do valor dos produtos de acuicultura. Séguea o mexillón, con 53,5 M€ e un 19% do valor total. Por áreas xeográficas, na cornixa cantábrica e rexión do noroeste predomina o cultivo de rodaballo, troita e mexillón. Nas zonas mediterránea e suratlántica, de augas máis mornas, desenvolveron principalmente dourada e robaliza.

Entre os aspectos a considerar dentro da acuicultura española, cabe resaltar:

- Liderado produtivo de Galicia respecto do resto do territorio español, existindo un desequilibrio neste termo, xa que agrupa á práctica totalidade da produción de mexillón (98%) e tamén de rodaballo (88%). Ademais é líder nos restantes moluscos. Este feito non se reflicte de igual modo en termos de valor económico da produción.
- Importantes debilidades de produción, xa que algúns cultivos como o atún vermello, véñse sometidos á necesidade de conseguir o produto de cría mediante capturas extractivas.

¹Medidos en UTA: persoas que traballan a tempo completo todo o ano





Redes

3.2. DESCRICIÓN DO CONTEXTO GALEGO

A acuicultura galega produciu en 2010 un total de 222.783 toneladas de produtos de consumo, xerando un volume económico de 167,4 M€. A produción acuícola xeraba en 2009 un total de 3.974 empregos a tempo completo e durante todo o ano, representando o 64% do total da masa laboral do sector acuícola español.

Galicia ten instaladas, no momento da redacción da presente Estratexia, 3.537 bateas, o 96% do total de España. Delas, 3.388 están dedicadas ao cultivo do mexillón e 149 ao de ostra. Ademais, agrupa 1.192 parques de cultivo e 20 criadeiros, 6 deles de peces e 14 de moluscos. Tamén dispón de 30 granxas mariñas, das cales 19 son instalacións en terra e 11 flotantes. Do total de granxas, 26 están destinadas a engorde de peixes e 4 ao crecemento de moluscos e cefalópodos.

O cultivo do mexillón representa o 95% do total das cantidades producidas con 212.030 toneladas que achegaron un volume económico de 86,6 millóns de euros. Séguelle a ameixa xaponesa, con 1.352 toneladas e 7,8 M€. No grupo dos peixes destaca o cultivo do rodaballo, que aportou 6.652 toneladas cun valor de 57 millóns de euros, as 214 toneladas de ollomol producidas e as 141 de linguado. Por áreas xeográficas, a ría de Arousa acumula o 63% da produción de mexillón de Galicia e a ría de Vigo xera o 26%. En produción de rodaballo, a maioría das 6.652 toneladas xeradas en Galicia pertencen á provincia de Lugo.

Na acuicultura galega, cabe resaltar o desequilibrio entre a produción de mexillón e doutras especies, xa que o mexillón agrupa un 95% da produción acuícola en Galicia e, sen embargo, ten un valor moi inferior (0,41 €/kg) en relación a outras especies coma o ollomol ou o rodaballo.

*Batea*

3.3. ANÁLISE DE DEBILIDADES, AMEAZAS, FORTALEZAS E OPORTUNIDADES (DAFO)

Para permitir planificar a evolución da acuicultura e establecer a súa mellor organización, faise preciso analizar a súa situación actual tendo en conta aqueles factores negativos que é necesario minimizar, amais de ver cales poden ser piares fundamentais desa dinamización no futuro.

Para iso, elaborouse unha análise DAFO na que se teñen en conta todas as dimensións da actividade, indo dende a produtiva ata a comercial, e sen esquecer as disposicións laborais e de investigación.

Debilidades

- Escaso dinamismo da produción da acuicultura galega, española e europea sufrida nos últimos anos. Isto redunda nun estancamento da produción e da I+D+i desta actividade.
- Inseguridade xurídica: debida á xeración de numerosos procesos xudiciais de resolución incerta sobre actuacións en materia de instalación e posta en marcha de proxectos. Isto é froito da aplicación dunha mestura de normativas dende distintas perspectivas e obxectivos.



- Lenta tramitación administrativa: existen experiencias de tramitación de procedimientos administrativos para a instalación de plantas acuícolas que chegaron a máis de cinco anos para a súa culminación.
- Planificación da actividade acuícola cun perfil predominante sectorial e sen unha coordinación total coa súa dimensión territorial, o que supuxo a súa tradución nunha confrontación de dous dos seus compoñentes de desenvolvemento: a ambiental e a económica.
- Escasa ou desigual aceptación social da actividade: a acuicultura, especialmente aquela desenvolvida en terra, viu como a súa consideración social estivo certamente depauperada. Esta visión é tanto así en canto á localización de plantas debido ao seu impacto visual ou territorial, así como tamén na valoración subxectiva da calidade dos produtos obtidos.

Ameazas

- Competencia internacional de países de exportación masiva coma China, Vietnam ou a India cunha produción acuícola sometida a menos controis e requisitos hixiénico–sanitarios, ambientais e laborais, o que, en moitas ocasións, favorece a competencia desleal ou incluso o *dumping* con respecto á produción europea e a galega en particular.
- Dificultade no fornecemento de materias primas para a alimentación da produción acuícola, con especial fincapé no subministro de fariñas e aceites de peixe. Neste caso, a crecente demanda e o control da demanda dos mercados por parte de produtores coma China son problemas a atinxir, ao igual que a flutuación dos mercados debido á competencia doutras producións coma a do biodiésel.
- Facilidades da Unión Europea para a importación de produtos de acuicultura: destacan os acordos cos países de África, Caribe e Pacífico (ACP) e os pactos recoñecidos dentro do Sistema de Preferencias Xeralizadas (SGP, nas súas siglas en inglés).
- Excesiva concentración produtiva no mexillón, que agrupa un 95% da produción acuícola en Galicia.
- Perda de mercado por diminución de pesca: a aplicación dun criterio conservacionista e a aplicación constante do principio de precaución leva a unha rebaixa anual dos Topes Admisibles de Capturas para a flota europea e galega. Isto debilita a capacidade de abastecer os mercados e favorece as importacións dos países competidores.

Fortalezas

- Capacidade innovadora acreditada. A acuicultura en Galicia avanzou en desenvolvemento de coñecementos e na aplicación dos avances tecnolóxicos; ademais, Galicia conta cunha moi importante infraestrutura tecnolóxica en investigadora neste eido.
- Condicións naturais do territorio. Á expansión produtiva da acuicultura en Galicia contribuíron a elevada produtividade primaria das augas, as características físico-químicas das súas augas e a configuración das rías, cunhas mareas que facilitan a circulación da auga e ofrecen abrigo e profundidade axeitada.
- Apertura de mercados grazas á pesca e á transformación. España é o estado membro de maior volume de exportación de produtos do mar a terceiros países, con 568.885 toneladas, conformando un 19% do total de exportacións da Unión Europea neste eido no ano 2008.
- Complementariedade de especies coa pesca e o marisqueo. A capacidade de produción acuícola está basicamente centrada na obtención de especies de alto valor comercial e de escasa captura nos buques pesqueiros, como o rodaballo, o linguado, o ollomol ou a ostra plana.
- Apoio institucional dende a Administración galega. Xéranse investimentos mediante a achega de axudas económicas e foméntase a I+D+i no sector mediante achegas xeradas por medio da coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia. Tamén destaca a oferta formativa impartida no Instituto Galego de Formación en Acuicultura e outras institucións oficiais.
- Capacidade organizativa do sector. Na acuicultura de peixes, destaca o Clúster da Acuicultura de Galicia, que reúne ás principais empresas galegas ou con produción en Galicia e AROGA, Asociación de Productores de Rodaballo de Galicia. O sector mitilicultor conta coa Comisión do Mexillón, integrada por representantes da Consellería do Medio Rural e do Mar e do sector mexilloeiro galego e co Consello Regulador do Mexillón de Galicia.
- Posibilidade de integrar e coordinar as ferramentas dispoñibles para dinamizar a acuicultura. A Xunta de Galicia posúe entre as súas competencias a de xestionar e ordenar o ámbito e a actividade acuícola en todos os ámbitos e ten a firme decisión de desenvolver unha política integrada neste eido, mostra do cal é, entre outras actuacións, o presente documento.





Oportunidades

- Aposta decidida na estrutura administrativa e lexislativa europea: a acuicultura está recollida na proposta do Libro Verde para a reforma da Política Común de Pesca emanado da Comisión Europea, e na proposta regulamentaria para ela e conta cos avais do Parlamento Europeo ou do Comité Económico e Social Europeo.
- Financiamento europeo actual e futuro. Destaca no Fondo Europeo de Pesca (FEP), o “Eixo 2”, onde se atopan as accións neste ámbito, que recolleu un 30% da dotación de 4.304 millóns de euros establecidos para o período de programación 2007-2013. No novo regulamento financeiro para o período 2014-2020 todo apunta a que un dos seus eixos principais será o de potenciar, aínda máis que no anterior período, o desenvolvemento da acuicultura.
- Despegue mercantil como eixo do futuro da produción mariña: aproveitando aspectos coma a capacidade de I+D+i, a calidade dos seus produtos ou a sostibilidade comercial da oferta que é capaz de ofrecer aos mercados a acuicultura.
- Aposta pola acuicultura como eixo de importancia no seo do “Plan Estratéxico Galicia 2010-2014 horizonte 2020”: onde se recolle a premisa que sinala que a acuicultura debe partir da consolidación da produción e dos coñecementos actuais, segundo os métodos tradicionais, para proceder a potenciar novos sistemas e fórmulas produtivas.
- Incremento do consumo de produtos acuáticos: testificada de forma xeral en todo o mundo, e tendo en conta os valores nutritivos e a seguridade alimentaria e de subministro que achega a acuicultura.

Estes condicionantes deberanse pór en relación mediante a redacción dun documento que sirva como ferramenta de coordinación e integración das liñas de actuación necesarias para dinamizar a acuicultura en Galicia, e que, tendo en conta as debilidades e ameazas, achegue a resposta axeitada en base ás fortalezas e oportunidades. Este instrumento é a Estratexia Galega de Acuicultura.

*Vilarrube*

4. AS ACCIÓNS

4.1. NOVO MARCO NORMATIVO

Avanzar no desenvolvemento da acuicultura en Galicia esixe, cando menos, reforzar os alicerces xurídicos sobre os que se asenta e que van marcar, en boa maneira, o discorrer administrativo da actividade acuícola e, especialmente, dos proxectos concretos a executar.

Por iso faise perentorio abordar a definición dun marco normativo que, de forma coherente e relacionado con outros marcos e acorde con esta proposta de ordenación da actividade, alcance un elevado afianzamento da seguridade xurídica e reforce o papel da Comunidade Autónoma de Galicia no exercicio da xestión e ordenación do ámbito acuícola.

A Lei Galega de Acuicultura deberá establecer un sistema regulador pleno para a actividade no territorio galego, e que se basará en el principio estratéxico e de interés socioeconómico preferente que a acuicultura tiene en Galicia.



4.1.1. LEI GALEGA DE ACUICULTURA

A Xunta de Galicia pretende, no marco da Estratexia Galega da Acuicultura, a redacción dunha Lei Galega de Acuicultura que deberá establecer un sistema regulador pleno para a actividade no territorio galego, e que se baseará no principio estratéxico e de interese socioeconómico preferente que a acuicultura ten en Galicia, feito apoiado ademais na tendencia xeneralizada que vén mantendo Europa neste ámbito.

Sobre este principio desenvolverase a redacción e aprobación dunha norma con rango de lei específica para a industria dos cultivos mariños, que, entre outros obxectivos buscará outorgar a indispensable seguridade xurídica no proceso de consolidación e crecemento do sector; concentrar e reforzar a xestión integral do sector acuicultor na Consellería competente en materia pesqueira e de recursos mariños; remover os obstáculos inxustificables para o desenvolvemento eficiente e sostible do sector e, por último, sentar as bases para que poida alcanzar todo o seu potencial.

En especial, esta lei buscará:

- Sentar as bases que propicien o desenvolvemento sostible de todo o potencial da acuicultura galega nas distintas modalidades de cultivos técnica e economicamente viables.
- Prover a subseguinte implantación dunha industria forte e estruturada nas zonas costeiras e contiguas a correntes fluviais aptas para a actividade acuicultora, contribuíndo con iso á cohesión económica nas distintas áreas do país e á fixación de poboación especialmente nas comarcas rurais, sempre en equilibrio coa protección dos recursos e do medio mariño e terrestre.
- Dispor dos instrumentos adecuados para a toma de decisións administrativas baseadas estritamente no estado do coñecemento científico máis solvente e especializado no seguimento da acuicultura mariña e continental.
- Defender a garantía sanitaria das explotacións, cuxa ordenación ten como prioridade garantir o óptimo estado sanitario da fauna, de cultivo e salvaxe, presente nos nosos ecosistemas acuáticos.

Para lograr estes obxectivos, esta norma procederá a atribuír á Consellería con competencias en materia marítimo-pesqueira a facultade de actuar como órgano substantivo e decisorio, concentrando para iso as facultades de establecemento e implantación de medidas para a ordenación do sector na totalidade dos aspectos implicados no desenvolvemento da actividade, con especial atención a:

- A ordenación e regulación integral do sector e a actividade.
- O estudo e planificación do desenvolvemento físico do sector.
- A autorización, seguimento e control da actividade acuicultora.
- A adopción e execución das medidas de conservación, protección e, no seu caso, rexeneración do medio acuático inherentes á resolución administrativa de avaliación ou estudo ambiental.

Esta lei pretenderá, ademais, recoller de forma inequívoca e exhaustiva a definición de todos os ámbitos e facetas da actividade acuícola, tanto dende o punto de vista do substrato da actividade, como do tipo de cultivo segundo ocupación/densidade ou segundo especie e técnica, así como o amplo abanico de conceptualización de establecementos de acuicultura ou a referencia á planificación territorial e produtiva e aos títulos habilitantes.

O texto normativo establecerá liñas de regulación novas dirixidas a amparar as novas tendencias de traballo e os plans contemplados nesta Estratexia, así como aquelas relacionadas coa procura dunha maior seguridade xurídica e de equilibrio entre os aspectos ambientais, económicos e sociais, que se implantará baixo un enfoque ecosistémico da actividade.

Para plasmar estas intencións, procederase a establecer a regulación básica da actividade, con atención preferente sobre as localizacións autorizadas, as especies cultivables permitidas, distancias mínimas entre polígonos ou viveiros e respecto doutros usos, o establecemento de procesos produtivos coordinados, a fixación de densidades máximas de cultivo ou o establecemento dun paquete de disposicións sanitarias e ambientais dirixidas a alcanzar un correcto desenvolvemento da actividade en termos hixiénico-sanitarios e de benestar animal.

Ademais, e en consonancia co exposto na lei, realizarase un desenvolvemento normativo subseguinte para dar cabida aos aspectos detallados en canto a obxectivos e propósitos.

En canto ao proceso de redacción e aprobación, e deixando aparte a necesaria e preceptiva tramitación parlamentaria e coordinación governamental, establecerase un contacto directo co sector na procura da mellor adecuación ás previsións de futuro, a fin de manter a súa vixencia e validez no tempo, de maneira que poida servir como elemento de apoio durante todo o período temporal de aplicación da Estratexia Galega da Acuicultura.

A lei establecerá liñas de regulación dirixidas a amparar as novas tendencias de traballo contempladas nesta Estratexia, así como aquelas relacionadas coa procura dunha maior seguridade xurídica e de equilibrio entre os aspectos ambientais, económicos e sociais, que se implementará baixo un enfoque ecosistémico da actividade.



4.1.2. DECRETO DE ORDENACIÓN DE PARQUES DE CULTIVO

Os parques de cultivo establecidos en zona de dominio público marítimo-terrestre constitúen unha realidade característica de moitas zonas da costa de Galicia, en especial de Carril (Pontevedra), onde se localizan o 90% destes establecementos. Aínda que boa parte destes establecementos de acuicultura derivan de concesións outorgadas en 1975, mantense unha irregularidade xeneralizada derivada da transmisión anómala dos títulos concesionais ou ben da inexactitude e diverxencia dos datos reais de extensión ou situación cos atribuídos legalmente.

Esta situación tratou de corrixirse mediante a aprobación dun decreto, o 158/1991, de 16 maio polo que se regula o procedemento de revisión e reordenación dos parques de cultivo de moluscos de Carril. Neste sentido, 20 anos despois, este texto normativo non alcanzou os seus obxectivos, polo que se fai necesario establecer outra norma actualizada que reinicie e impulse o proceso.

Así, prevese a elaboración dun novo decreto que regule este proceso de ordenación, a determinar no marco competencial autonómico, e en exercicio da facultade para ordenar os establecementos de cultivos nas zonas de litoral asumida mediante o Decreto 169/1982, de 15 de decembro e integrada no ordenamento xurídico galego a través da Lei 15/1985, do 23 de outubro, de Ordenación Marisqueira e Cultivos Mariños.

Este texto normativo estenderá o seu ámbito territorial de ordenación a todos os parques de cultivo existentes na costa galega dentro da zona litoral intermareal e estará vinculado ao establecemento dun proceso de estudo e regularización, fundamentado estritamente en criterios técnicos, científicos e xurídicos, e no que se dea cabida ao sector afectado e se inclúa explicitamente a participación e colaboración do departamento competente en materia de ordenación de costas. Ademais, e como paso final, procederase ao outorgamento dos títulos concesionais definitivos de cada establecemento, de modo que se favoreza e dote de seguridade xurídica a evolución administrativa e produtiva do sector.



Carril

4.1.3. REFORMA DA LEI DE CONFRARÍAS DE PESCADORES

As confrarías de pescadores constitúen o alicerce organizativo básico do sector pesqueiro e marisqueiro galego. A súa representatividade e capacidade de aglutinamento de intereses fanas un elemento fundamental no desenvolvemento de calquera medida de organización e xestión destas actividades. Están reguladas pola Lei 9/1993, do 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia e o Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías e das súas federacións.

En todo caso, e a pesar da capacidade tradicionalmente mostrada por estas corporacións de dereito público de agrupar e velar polos intereses do sector pesqueiro e marisqueiro, os progresivos avances acometidos polas actividades marítimo-pesqueiras fan necesario un cambio e actualización da normativa existente, así como a súa adecuación para determinar e dirixir no futuro os cambios propostos para estas, con particular atención á progresiva tendencia de transformación do marisqueo cara ao desenvolvemento de tarefas de cultivo e comercialización dos seus produtos.

Isto fai que sexa necesario, en coherencia co establecido sobre as medidas a acometer no marco organizativo, o abeiro normativo que vincule o reforzo organizativo destas entidades. Así, e de acordo co establecido na proposta formulada pola Comisión Europea para a nova Política Común de Pesca, é necesario reconducir as potencialidades das confrarías e agrupacións internas cara a un maior e mellor goberno, fomentando as súas capacidades de xestión das actividades de cultivo e formulando os mecanismos legais necesarios para administrar de maneira autónoma, eficiente e eficaz os seus intereses económicos e as funcións de mellora comercial dos seus produtos.

Neste sentido, faise perentorio abordar esta reforma legal e normativa para establecer un marco de garantías que axude e afirme os pasos dados na execución da planificación dos aspectos produtivos e organizativos, así como para actualizar e consolidar a eficiencia interna destas entidades na procura de maior xeración de riqueza e emprego no ámbito marisqueiro da man da incorporación de tarefas de cultivo.

Ademais, e en consonancia co exposto na lei, realizarase un desenvolvemento normativo subseguinte para dar cabida aos aspectos detallados en canto a obxectivos e propósitos. En concreto, procederase a redactar e aprobar un novo decreto relativo ao funcionamento de confrarías e as súas federacións, e que substituirá ao citado Decreto 261/2002, do 30 de xullo.

É necesario reconducir as potencialidades das confrarías e agrupacións internas cara a unha maior e mellor gobernanza, fomentando as súas capacidades de xestión das actividades de cultivo e formulando os mecanismos legais necesarios para administrar de maneira autónoma, eficiente e eficaz os seus intereses económicos e as funcións de mellora comercial dos seus produtos.



Máis axilidade e coherencia na xestión, definición clara de competencias e potenciación da gobernanza son aspectos que se teñen que contemplar cando se trata de deseñar o marco idóneo para o desenvolvemento da actividade.



4.2. NOVO MARCO ORGANIZATIVO

Adecuar o marco administrativo para desenvolver convenientemente a acuicultura require tamén da adaptación da estrutura organizativa, tanto na administración como no propio sector acuícola. Máis axilidade e coherencia na xestión, definición clara de competencias e potenciación do goberno son aspectos que se han de contemplar cando se trata de deseñar o marco idóneo para o desenvolvemento da actividade.

4.2.1. REORGANIZACIÓN INTERNA DA DESAPARECIDA CONSELLERÍA DO MAR

A desaparecida Consellería do Mar tiña reconfigurado a súa estrutura interna no relativo á acuicultura para lograr unha mellor e máis fácil coordinación de funcións e agrupar e integrar as accións administrativas dentro dun só departamento, buscando alcanzar a axilidade de tramitación necesaria para potenciar e dar prioridade á acuicultura.

O Decreto 150/2011, do 21 de xullo, introduce unha serie de modificacións na estrutura competencial en materia acuícola de modo que todas as áreas administrativas relacionadas coa acuicultura se integran dentro dunha mesma Dirección Xeral e, ao mesmo tempo, poténcianse. Así, dentro da Dirección Xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica créase a Subdirección Xeral de Acuicultura, que terá entre as súas funcións a elaboración e desenvolvemento dos instrumentos de planificación para o exercicio desta actividade. Ademais, correspóndelle tamén a ordenación, o fomento e o control da acuicultura, así como o establecemento das condicións para o seu exercicio. Esta Subdirección Xeral estrutúrase en dúas unidades:

- Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura, que cambia de dependencia e que se encargará da xestión dos títulos administrativos habilitantes para a acuicultura, ademais de xestionar as diferentes liñas de axuda destinadas á creación, renovación, modernización e innovación tecnolóxica das empresas de acuicultura mariña e continental.
- Servizo de Planificación e Xestión da Acuicultura, anteriormente denominado Servizo de Acuicultura e que tamén cambia de dependencia, ocupándose do seguimento e control desta actividade, isto é, da planificación, coordinación, execución e control das medidas e actuacións en materia de acuicultura, así como da xestión e desenvolvemento dos instrumentos de planificación e ordenación da actividade da acuicultura.

4.2.2. ÓRGANO CENTRALIZADO DE TRAMITACIÓN

En función do carácter preferente outorgado á acuicultura a través do acordo do Consello da Xunta de 10 de marzo de 2011 polo que se declara de interese público de primeira orde á acuicultura na Comunidade Autónoma de Galicia, sentan as bases para dar cumprimento á necesidade de dispor de mecanismos administrativos deseñados para axilizar e priorizar a tramitación de proxectos de instalacións de produción acuícola, e que deberán ser desenvolvidos normativamente. Estas propostas conducirían á creación de dous órganos ou estruturas administrativas dedicadas integramente á acuicultura:

- Establecemento dunha órgano único de tramitación: de forma que se contemple o traballo coordinado e sincronizado dos distintos departamentos administrativos sectoriais implicados na concesión das necesarias licenzas para a autorización, construción e posta en funcionamento dos establecementos acuícolas.

Neste órgano estarían presentes representantes das administracións e departamentos competentes, efectuándose reunións de carácter periódico que permitan a achega sincronizada de informes e acordos e a determinación inmediata das autorizacións naqueles casos nos que a tramitación non presente excepcións ou reparos.

- Apertura dunha xanela única para a consecución de licenza ou autorización acuícola: a semellanza doutros modelos instaurados en países como Perú (art. 2 do Decreto Lexislativo núm.1032 polo que se declara de interese nacional a actividade acuícola), Noruega (Lei de Acuicultura), Chile ou os Estados Unidos de América, todos eles exemplos de efectividade probada. Ademais, este modelo estaría conforme coa proposta efectuada polo Parlamento Europeo no apartado 28 do Informe sobre un novo impulso á Estratexia para o Desenvolvemento Sustentable da Acuicultura Europea (2009/2107(INI)).

*[...]Convida os Estados membros a establecer unha «planificación urbanística do mar» e unha xestión integrada das zonas costeiras, como o esixe a nova política marítima da UE, en liña coas avaliacións do impacto ambiental, que inclúa as distintas tipoloxías do sector, como o marisqueo, a acuicultura de baixura, a acuicultura en alta mar e de auga doce, así como a **comprometerse a reducir os obstáculos burocráticos actualmente existentes para obter os permisos e as concesións necesarias para o desenvolvemento dunha actividade no campo da acuicultura sostible, no seu caso mediante a instalación de xanelas únicas que permitan centralizar nunha única administración os trámites administrativos esixidos aos operadores**; convida igualmente aos Estados membros a deseñar plans estratéxicos a longo prazo para impulsar o desenvolvemento sostible da actividade, e insta á Comisión a presentar propostas relativas a todas as medidas necesarias para promover a competitividade no sector, tendo en conta as especificidades de cada Estado membro; [...]*





Areal da Illa de Arousa

4.2.3. REDEFINICIÓN DE FUNCÍONS E COMPETENCIAS DAS AGRUPACIÓNS DE MARISCADORES

O progresivo avance da actividade marisqueira cara a unha maior importancia da faceta comercial xunto cun progresivo incremento da organización e planificación das actividades produtivas pola integración de labores de cultivo e semicultivo, demandan un reforzo das agrupacións de mariscadores e mariscadoras amparadas pola Lei 9/1993, de 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia e o Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías e das súas federacións.

Así, faise necesario, de acordo co establecido na proposta formulada pola Comisión Europea para a nova Política Común de Pesca, reconducir as súas potencialidades cara a un maior goberno, fomentando as súas capacidades de xestión das actividades de cultivo, transformándoas progresivamente en procesos de acuicultura en sentido estrito, e formulando os mecanismos legais necesarios para administrar de maneira autónoma, eficiente e eficaz os seus intereses económicos e as funcións de mellora comercial dos seus produtos.

4.2.4. ÓRGANOS DE CONSULTA

A reestruturación da organización interna da administración e das entidades do sector tamén debe ter continuidade naqueles foros ou institucións cuxa misión sexa a xeración e procesado de información e o asesoramento mutuo entre profesionais e administradores. Para iso realizáronse modificacións nalgúns órganos de consulta xa existentes ou se crearán novos órganos de consulta vinculados á acuicultura que xeren marcos de debate en favor do desenvolvemento da actividade dos cultivos mariños.

Consello Galego de Pesca

O Decreto 123/2011, do 16 de xuño, vén reformular a estrutura interna e de funcionamento do Consello Galego de Pesca, que é un órgano colexiado de participación, consulta e asesoramento da administración galega nos asuntos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas. Este organismo adscíbese á desaparecida Consellería do Mar.

O Consello Galego de Pesca estrutúrase en pleno, composto por un presidente, un vicepresidente, un secretario e 52 vogais, e dez comisións sectoriais, das cales unha está dedicada á acuicultura e integrada por representantes da actividade acuícola profesional.


Entre as principais funcións do Consello Galego de Pesca están a de colaborar coa Consellería do Medio Rural e do Mar na elaboración da planificación pesqueira, marisqueira e acuícola, así como na programación de estudos sobre as distintas actividades que poidan favorecer o desenvolvemento do sector. Do mesmo xeito, tamén destinará os seus traballos a estudar e propor as reformas que se estimen necesarias na regulamentación con incidencia no sector, así como propor reformas, canalizar recomendacións e achegar suxestións respecto das políticas que afecten ao sector no seu conxunto.

Comité Científico Galego de Pesca

O Decreto 72/2011, do 31 de marzo, modifica a composición e funcionamento do Comité Científico Galego de Pesca, que é o órgano especializado de consulta e asesoramento de carácter científico e técnico, independente e obxectivo, que depende da Consellería do Medio Rural e do Mar. Está composto por 15 membros, entre os cales existe un presidente, un vicepresidente, un secretario e 12 vogais.

Nesta modificación dispúxose a introdución dun sistema de convocatoria pública para a designación dos vogais, incrementando o seu número coa finalidade de ampliar os sectores representados, polo que se incorporarán, desta maneira, expertos na actividade acuícola, ausentes nos anteriores Comités Científicos.

Crearanse novos órganos de consulta vinculados á acuicultura que xeren marcos de debate en favor do desenvolvemento da actividade dos cultivos mariños.





O Comité Científico Galego da Pesca ten como funcións asesorar científica e tecnicamente á administración galega naqueles asuntos relacionados coa xestión dos recursos naturais vivos das augas de competencia autonómica, así como coa súa transformación e comercialización.

Comité Técnico de Acuicultura

O Comité Técnico de Acuicultura será posto en marcha de forma paralela ao desenvolvemento da Estratexia Galega da Acuicultura e nacerá co obxectivo fundamental de asesorar á administración no deseño e aplicación de medidas vinculadas a este sector, estando o seu ámbito de traballo cinguido especificamente á actividade acuícola.

Este órgano colexiado estará composto, de forma similar ao Comité Científico Galego de Pesca, por expertos de recoñecido prestixio e experiencia procedentes do sector acuícola e das súas entidades representativas e de asesoramento, así como das universidades galegas e organismos científicos relacionados coa acuicultura. Tamén poderá contar co concurso e apoio puntual de especialistas no ámbito acuícola que non formen parte integrante deste órgano.

Entre os seus labores estarán a elaboración, con destino á administración, de ditames sobre materias e accións vinculadas ao desenvolvemento acuícola. Do mesmo xeito, elaborarán protocolos de seguimento e análise da actividade, os cales derivarán na realización, con carácter anual, dun informe da situación e expectativas do sector acuícola galego ao que se acompañarán propostas de medidas e recomendacións. Ademais, e atendendo ao seu obxectivo de consulta, establecerán pautas e medidas para a avaliación e seguimento de accións ou actividades puntuais ou experimentais, tanto nos campos ambientais, como nos económicos e sociais. Por último, e aínda sen pechar a lista de funcións a desenvolver, efectuarán labores de asesoramento e orientación na ordenación dos ámbitos formativos ligados á actividade acuícola.

Observatorio Galego de Mercados

A fin de avaliar en continuo os mercados de forma instantánea e en prospectiva, levará a cabo a creación dun Observatorio galego de mercados de produtos acuícolas a escala global, de modo que poida abordar o estudo dos mercados nacionais e internacionais real ou potencialmente destinatarios dos nosos produtos.

Este Observatorio, integrado por representantes do sector acuícola e comercializador levará adiante a constitución dunha Mesa oficial de seguimento permanente da evolución dos parámetros fundamentais da comercialización do produto acuícola (vendas e prezos), que estará coordinada pola Consellería competente en materia de acuicultura e integrada polas asociacións representativas do sector.

*Ría de Muros*

Comisión do Mexillón

A Comisión do Mexillón foi creada coa finalidade de minorar a fragmentación e atomización asociativa do sector mitilicultor e reforzar a súa capacidade de representación. Creouse mediante a Orde de 28 de decembro de 2010 e trátase dun órgano colexiado e permanente de representación e consulta, sendo dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Componse dun número variable de membros, sendo catro pertencentes á Xunta de Galicia (presidente, vicepresidente, secretario e un vogal) e os restantes ao sector produtor a razón dun vogal por cada 300 bateas, para o que poden representar a unha única asociación ou a varias agrupadas.

A súa función principal é a de realizar un labor consultivo e de asesoramento para a Administración nos diferentes temas administrativos que afectan ao sector mexilloeiro, facilitando así unha canle de comunicación fluída entre sector e administración.



Cantís do Picón. Ortigueira

4.3. APOSTA POLA PLANIFICACIÓN INTEGRAL

No marco da Estratexia Galega da Acuicultura xorde con forza a necesidade de planificar a actividade acuícola mediante a súa ordenación e as orientacións de desenvolvemento que se establezan para cada segmento produtivo contemplado dentro da actividade acuícola.

Esta planificación hase de levar a cabo co sustento do marco organizativo vinculado á acuicultura, así como amparado polo marco normativo para relanzar a actividade acuícola, aspectos cos que debe manter coherencia e conexión. Do mesmo xeito, esta planificación debe contar coa previsión de incorporar o impulso que poidan outorgar os ámbitos da investigación e a formación en materia acuícola, así como incorporar as previsións para acometer os retos derivados do marco comercial internacional.

Por último, esta planificación ha de ser levada a cabo entendendo o seu carácter integral nun dobre sentido:

- Incorporando e ordenando todos os espazos territoriais sobre os cales poden levar a cabo producións acuícolas.
- Participando da súa planificación en todos os aspectos que incumben o desenvolvemento da acuicultura, xa sexan estes o marco normativo, o organizativo ou o produtivo.

4.3.1. PLAN DIRECTOR DE ACUICULTURA LITORAL

A historia de Galicia e a súa costa construíronse a través dunha relación de dependencia dos seus recursos, dando como resultado a paisaxe actual. Paisaxe que ten como soporte un rico e diverso modelado de xeiformas que favoreceron un fértil mosaico territorial non só en canto á súa biodiversidade senón tamén no relativo aos asentamentos e actividades humanas.

O Plan Director de Acuicultura Litoral (PDA) parte do recoñecemento do litoral como unha unidade social, paisaxística e produtiva. Un entendemento do litoral como un ben patrimonial en si mesmo xa que arredor do mar, as rías e a actividade pesqueira hanse ir conformando asentamentos e estruturas económicas e sociais que moldearon a costa de Galicia, en ocasións coa mesma intensidade que as dinámicas naturais.


Por estes motivos, o reto deste Plan Director consiste en coordinar este desenvolvemento co modelo territorial proposto nas DOT e o POL establecendo as condicións para a implantación destas actividades con criterios de eficiencia, sustentabilidade e calidade ambiental e paisaxística.

Para favorecer este proceso o Consello da Xunta, en sesión de 10 de marzo de 2011, acorda *“Iniciar a revisión do Plan Galego de Acuicultura ao ser incompatible cos obxectivos fixados para o futuro Plan Director da Acuicultura de Galicia. E, por tanto, suspender a vixencia do Plan Galego de Acuicultura que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 28 de agosto de 2008”*.

O contido e obxectivo principal do citado Plan Director quedou expresado no Documento de Inicio do procedemento ambiental no que se formula que o seu contido primeiro é o de establecer *“a definición de directrices para a instalación de establecementos de cultivos mariños na zona terrestre, así como para a ampliación dos establecementos existentes”*. O devandito documento recolle ademais que para conseguir ese obxectivo xeral, os obxectivos específicos do plan director son os seguintes:

- *“Inclusión dos criterios e dos contidos do Plan de Ordenación do Litoral á vista das especificidades construtivas que precisan as instalacións de acuicultura.*
- *Enumerar as condicións mínimas que deben cumprir as zonas da costa nas que se poida desenvolver un proxecto de acuicultura intensiva en zona terrestre.*
- *Establecer criterios obxectivos que fagan compatibles as instalacións acuícolas coas actividades tradicionais que se desenvolven no noso litoral, especialmente o marisqueo, a pesca e o turismo.*

O reto deste Plan Director consiste en coordinar o desenvolvemento co modelo territorial proposto nas DOT e o POL establecendo as condicións para a implantación destas actividades con criterios de eficiencia, sustentabilidade e calidade ambiental e paisaxística.



O seu obxecto específico é o de analizar as repercusións económicas e ambientais das posibles localizacións das plantas de acuicultura con criterios de sustentabilidade e en coherencia cos instrumentos de planificación territorial, DOT e POL, aprobados.



- *Inclusión das condicións ambientais que permitan a implantación de plantas de acuicultura sostibles mediante o desenvolvemento, entre outros aspectos, das enerxías renovables.*
- *Programar, no seu caso, as medidas compensatorias mínimas que deben incluír os proxectos de acuicultura que se desenvolvan no noso litoral.*
- *Fixar criterios no que se refire á compatibilidade do desenvolvemento das plantas de acuicultura coas características ambientais, naturais e paisaxísticas e as súas figuras de protección."*

Do citado documento derívase a necesidade de incorporar ao Plan Director unha serie de estudos territoriais que permitan determinar as zonas aptas para realizar acuicultura en Galicia; *"pero deste resultado debe realizarse unha división seguindo a súa protección ambiental, paisaxística ou similar (...)".*

Por tanto, do Documento de Inicio do Plan Director despréndese que o seu obxecto específico é o de analizar as repercusións económicas e ambientais das posibles localizacións das plantas de acuicultura con criterios de sustentabilidade e en coherencia cos instrumentos de planificación territorial, DOT e POL aprobados. Unha vez analizadas tales localizacións existirán algunhas que para a súa implantación non requirirán a aprobación de ningún instrumento de ordenación territorial, posto que o marco territorial e urbanístico vixente xa recolle esa posibilidade.

É dicir, que estamos ante un instrumento planificador de natureza estratéxica específico da acuicultura que se tramitará como un Plan sectorial de ordenación do territorio dos regulados na Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.

O ámbito territorial do PDA circunscríbese ao ámbito de xestión do Plan de Ordenación do Litoral (POL).

Este Plan obtivo con data 11 de maio de 2011 a Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se aproba o Documento de Referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica.

Na actualidade o PDA atópase nun avanzado estado de desenvolvemento concluíndose os traballos relativos á análise da capacidade de acollida e estando en elaboración os criterios de análises da capacidade de carga e do modelo proposto. Do mesmo xeito realizáronse unha serie de estudos encamiñados á xestión e a comprensión do marco territorial vixente no que se encadra a localización de establecementos de acuicultura litoral.

4.3.2. PLAN DE ORDENACIÓN DOS CULTIVOS EN ZONA MARÍTIMA

Nos anos 80 levouse a cabo unha reordenación dos cultivos mariños flotantes, ao abeiro do Decreto 197/86, cuxo desenvolvemento e implantación tivo moitos puntos positivos, fundamentalmente a clarificación da situación administrativa dos viveiros e a colocación correcta e ordenada dos artefactos e, en consecuencia, o uso racional do espazo marítimo, especialmente nas augas interiores das rías.

A pesar disto e tendo en conta a existencia dunha alta densidade de instalacións flotantes en Galicia, a experiencia alcanzada nos últimos anos no relativo aos cultivos mariños e a necesidade de modernizar e adecuar a actual situación, parece conveniente establecer unha adecuada distribución das instalacións produtivas en función doutros parámetros de gran importancia e que non foron tidos en conta na anterior reordenación, entre os que cabería destacar a capacidade de carga de cada zona en cuestión, a posibilidade de albergar novas estruturas e técnicas de cultivo que abran novas posibilidades en espazos diferentes aos actuais, así como a perspectiva de incluír nos cultivos a novas especies de probado desenvolvemento, como por exemplo a troita ou o salmón.

Ademais, é necesario atender á pretensión de buscar as zonas máis idóneas para reducir o tempo de cultivo e aumentar a rendibilidade das instalacións, e para encaixar outros tipos de actividades de gran importancia e que tamén está demostrado que se poden levar a cabo nos polígonos, tales como as prácticas de reparqueo ou a reinstalación de moluscos para a redución de carga microbiolóxica.

Todo isto fai imprescindible establecer, no marco da Estrategia Galega da Acuicultura, os mecanismos de planificación adecuados que permitan a ordenación da acuicultura na zona marítima, evitando que os cultivos supoñan un prexuízo para outras actividades desenvolvidas na zona marítima e litoral, así como que se eviten as interferencias negativas entre as distintas instalacións, ou entre as distintas especies cultivadas, ou entre as distintas actividades relacionadas co cultivo que se realizan na zona marítima.

Parece pois necesario achegar unha solución integral que permita a planificación do medio mariño e dos seus usos e que xustifica a redacción dun Plan de Ordenación dos Cultivos na zona Marítima, como o mecanismo máis eficaz para dar resposta a esta demanda.

Para levar a cabo este Plan de Ordenación será necesario realizar unha análise e diagnóstico actualizado dos distintos cultivos na zona marítima, que permita coñecer detalladamente os problemas anteriormente apuntados, e outros que poidan aparecer, como punto de partida para determinar as súas necesidades futuras e avaliar os puntos de mellora.

Cómpre buscar as zonas máis idóneas para reducir o tempo de cultivo e aumentar a rendibilidade das instalacións, e para encaixar outros tipos de actividades de gran importancia e que tamén está demostrado que poden levar a cabo nos polígonos, tales como as prácticas de reparqueo ou a reinstalación de moluscos para a redución de carga microbiolóxica.





Carril

Así, este plan terá como fin fundamental a ordenación integral da zona marítima destinada ao desenvolvemento da acuicultura mediante a delimitación e caracterización das zonas aptas para os cultivos mariños e outras actividades relacionadas con estes, así como a determinación das especies permitidas, compatibles e prohibidas. Este proxecto tratará, en particular, de establecer unha ordenación e xestión que regularice, no posible, feitos como o cambio irregular de localización de viveiros ou a substitución de especies cultivadas sen autorización, á vez que debería dar resposta á necesidade de identificar e ordenar novas zonas de cultivo. Do mesmo xeito, tamén deberá regular e determinar a fórmula de xestión das autorizacións temporais de carácter experimental e actividades como o reparqueo ou a reinstalación.

A elaboración do Plan de Ordenación contará coa correspondente difusión pública, opinión dos sectores afectados e, durante a súa realización efectuaranse consultas tanto aos distintos sectores como a outros departamentos relacionados, especialmente do ámbito administrativo estatal.

4.3.3. PLAN DE ORDENACIÓN DOS CULTIVOS EN ZONA MARÍTIMO-TERRESTRE

A principal actividade pesqueira desenvolvida na zona marítimo-terrestre do litoral galego é o marisqueo, o cal foi amplamente regulado ao abeiro das competencias exclusivas que Galicia posúe nesta materia. Aínda que tradicionalmente esta práctica produtiva baseouse na acción meramente extractiva, progresivamente evolucionou cara a un labor de semicultivo; considérase que esta evolución debe levar a esta actividade a converterse nunha faceta máis da acuicultura mediante a realización de labores de cultivo, con participación dos mariscadores en todas as fases de produción, entendendo que este tránsito favorecería a obtención de maior eficiencia no uso do espazo destinado a este fin, de modo que se conseguiría un incremento de produción e aumentaríase o número de persoas que se poderían dedicar ao marisqueo.

Neste sentido, este proceso de longo percorrido ha de vir acompañado de medidas a curto prazo como o saneamento das concas fluviais e augas interiores para a mellora microbiolóxica das augas das zonas de produción e a rexeneración das zonas degradadas e que sufriron perdas produtivas, xa en desenvolvemento. Ademais, hase de culminar o tránsito cara a profesionalización dos mariscadores e mariscadoras, mellorando a súa organización interna de forma conxunta á nova determinación da normativa respecto diso.

Este proceso non debe ser alleo ao mantemento da actual estrutura social do marisqueo galego que, modulada, modernizada e optimizada, debe manterse no seo das confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras pero asociada a novas fórmulas de xestión, tanto produtiva como económica e organizativa.

Estas medidas e procesos que deben completar a mellora produtiva e laboral do marisqueo galego desenvolveranse ao abeiro do Plan de Ordenación dos Cultivos na zona Marítimo-Terrestre, cuxo obxectivo será o de ordenar este tipo de prácticas e controlar a súa progresión, traballando de forma coordinada con outros ámbitos como o xurídico, o administrativo e o organizativo. Este plan ha de abranguer, ademais, a ordenación en termos espaciais e produtivos, planificando este último cara ao obxectivo exposto mediante o seu sustento no correcto coñecemento e organización das áreas produtivas.

Neste sentido, dispónse xa do primeiro paso cara á correcta ordenación dos espazos de actividade, pois a Consellería do Medio Rural e do Mar efectuou a xeorreferenciación e cartografiado dos bancos marisqueiros do litoral galego, así como unha avaliación do potencial produtivo, co cal se dispoñen as bases para o seguinte paso a adoptar dentro do plan. Este ha de estar centrado na planificación das tarefas de cultivo ou semicultivo, para o que é fundamental continuar os labores de mantemento do substrato e na mellora da capacidade de subministración de semente de moluscos en calidade e cantidade. Do mesmo xeito, disporanse os procesos de avance na capacidade organizativa

Este plan ten que abarcar, ademais, a ordenación en termos espaciais e produtivos, planificando este último cara ao obxectivo exposto mediante o seu sustento no correcto coñecemento e organización das áreas produtivas.





dos labores a desenvolver polos colectivos profesionais de mariscadores, así como na expansión da potencialidade comercial dos produtos extraídos e cultivados.

Plan de recuperación de zonas improdutivas

As cifras e a experiencia práctica que sobre o marisqueo acumula Galicia determinaron unha diminución progresiva da produtividade dos espazos explotados, os cales tamén se reducen progresivamente na súa extensión. Este feito baséase na afección da presión antrópica que sofre na actualidade o litoral galego. Do mesmo xeito, este abandono progresivo dos areas produtivos reduce as calidades do sedimento que favorecen o asentamento e desenvolvemento de poboacións de bivalvos con interese comercial, feito ligado á baixa rendibilidade económica e ao decaemento da actividade laboral.

Para abordar este feito, a desaparecida Consellería do Mar puxo en marcha en 2010, e co horizonte de 2013, un Plan de Recuperación e adecuación de zonas marisqueiras improdutivas co obxectivo principal de aumentar a produción dos recursos marisqueiros en areas que actualmente son pouco produtivos debido a alteracións provocadas pola actividade humana, para o que se empregarán técnicas de restauración de ecosistemas. Estímase, nunha primeira análise, que se poderán recuperar arredor de 450.000 m².

Os pasos a acometer estiveron centrados na elaboración dun catálogo galego dos areas degradados nos que se documenta a perda de produción de moluscos bivalvos. Tratábase, a través desta acción, de identificar e cartografar os espazos degradados existentes na costa galega. En segundo lugar, procedeuse a elaborar plans de restauración para mellorar as condicións ambientais dos areas que teñen posibilidades de recuperación. En terceiro lugar, efectuarase un seguimento e avaliación dos plans de restauración seleccionados de cara a verificar a súa corrección e o alcance dos obxectivos ambientais e produtivos.

Estas accións están a realizarse en colaboración coas entidades representativas do sector e titulares das autorizacións de marisqueo, así como co apoio das asistencias técnicas destas entidades. De cara a redefinir a súa tramitación e desenvolvemento e de cohesionar máis se cabe a súa aplicación e integración das partes implicadas no seu desenvolvemento, prevese unha reformulación durante o primeiro trimestre de 2012.

Este plan está amparado por un soporte financeiro executado mediante unha orde de axudas, sendo unicamente subvencionables proxectos de acondicionamento e rexeneración para a mellora da produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción.

4.3.4. PLAN ESTRATÉGICO DO MEXILLÓN

A actividade mexilloeira representa arredor dos dous terzos do valor da produción acuícola galega e, o que é máis importante, configura un conglomerado de empresas produtoras, transformadoras e comercializadoras cuxa achega á economía dos municipios do litoral galego resulta esencial, máxime se se considera tamén a súa dimensión social cunha estrutura da propiedade moi amplamente distribuída entre pequenos e medianos produtores.

Diferentes traballos realizados nos últimos anos cifran a contribución deste conxunto de empresas en preto de 400 millóns de euros de facturación, correspondendo ao sector produtor entre un 20% e un 25% do total. Desta forma, a partir do produto extraído xéranse non só actividades orientadas á súa posta a disposición dos mercados senón que tamén se desenvolveron actividades de apoio nesa cadea de valor que resultan fundamentais:

- Centros tecnolóxicos vinculados ao control sanitario e ambiental, á transformación e á investigación mariña e unidades de I+D+i.
- Industria auxiliar relacionada.
- Centros de formación para o desenvolvemento da acuicultura.
- Consello Regulador e Denominación de Orixe Protexida.
- Unidades orientadas a velar pola calidade e trazabilidade do produto ea súa adecuada difusión e promoción.
- A propia administración e as súas diferentes unidades achegando o necesario apoio ao desenvolvemento deste conglomerado empresarial.

Este complexo empresarial supón unha importante xeración de valor (equivalente ao 30% da facturación das sociedades mercantís dos municipios do litoral), pero fundamentalmente trátase dunha estrutura que emprega dun modo especialmente eficiente as capacidades e recursos locais: emprego, coñecementos, etcétera, xerando máis de 10.000 postos de traballo que nalgúns municipios costeiros chegan a supor o 25% do emprego.

Aínda sendo un sector altamente competitivo, son moitos os retos que debe afrontar o conxunto da cadea mexilloeira; a globalización fai chegar novos produtos procedentes de terceiros países que afectan á competitividade das empresas



A elaboración dun Plan Estratéxico do Mexillón, no horizonte do primeiro cuadrimestre de 2013, pretende marcar a folia de ruta que oriente ao conxunto empresarial mexilloeiro galego cara a un futuro de competitividade e estabilidade, contando cun diagnóstico global do mesmo e determinando as actuacións a desenvolver nos próximos anos tanto a nivel global como en todos e cada un dos compoñentes da cadea de valor mexilloeira.



produtoras e, do mesmo xeito, dificulta a actividade das empresas transformadoras que atopan maiores dificultades para competir mentres que a distribución concéntrase e xera unha maior presión sobre as empresas produtoras e transformadoras.

Por outra banda os hábitos cambiantes do consumidor esixen unha permanente metamorfose nas empresas alimentarias; trazabilidade, seguridade alimentaria, coñecemento da orixe do produto, achega de maior valor engadido, novas presentacións, respecto ambiental e sostibilidade, etc., son conceptos que deben estar presentes na cultura empresarial debendo estenderse desde a extracción até o consumidor.

No actual momento de crise xeneralizada, o conxunto empresarial do mexillón está nunha situación de encrucillada que pode levar a este conglomerado empresarial clave para Galicia cara a auténticos parámetros de competitividade ou, pola contra, a converterse lentamente nunha actividade que perda peso e pase a ser marxinal con graves consecuencias sociais.

Cooperación, orientación ao cliente, achega de valor, emprego adecuado da I+D+i, desenvolvemento da comercialización, aposta por produtos de alto valor engadido e da orixe, capacitación e formación, desenvolvemento de estruturas profesionais e de carácter inequivocamente empresarial, serán as ferramentas que permitan acadar un futuro de competitividade para este amplo sector empresarial. E logralo supón un traballo intenso en esforzo que debe contar coa implicación do conxunto das empresas do conglomerado en xeral e nos pequenos produtores de modo moi especial. Só desde esta toma de conciencia xeral será posible afrontar os retos que estruturalmente están obrigados a afrontar todos os actores do sector mexilloeiro.

Así pois, atendendo á enorme importancia socioeconómica do conxunto empresarial que constitúe o sector mexilloeiro galego, resulta de todo prioritario que a presente Estratexia determine aqueles instrumentos de planificación que permitan a este sector, cando menos, manter a súa posición predominante na acuicultura galega cando non incrementar o seu papel dinamizador das zonas costeiras e afrontar o seu futuro coas debidas garantías de sustentabilidade e perdurabilidade.

Para iso, esta Estratexia propón a elaboración dun Plan Estratéxico do Mexillón, no horizonte do primeiro cuadrimestre de 2013, cuxo obxectivo global é *marcar a folia de ruta que oriente ao conxunto empresarial mexilloeiro galego cara a un futuro de competitividade e estabilidade, contando cun diagnóstico global deste e determinando as actuacións a desenvolver nos próximos anos tanto a nivel global como en todos e cada un dos compoñentes da cadea de valor mexilloeira.*



Litoral de Carnota. Costa da Morte

Este obxectivo global debe ser completado coa enumeración dos principais obxectivos específicos:

1. Estudar a estrutura da cadea de valor mexilloeira, determinando os puntos fortes e débiles dentro desta.
2. Obter un adecuado diagnóstico en todos e cada un dos elementos da estratexia (negocio e soporte), para cada un dos compoñentes da cadea de valor mexilloeira; a perspectiva interna requirirá do complemento indispensable da visión “obxectiva” do mercado.
3. Obter o diagnóstico individualizado para cada compoñente do conglomerado (actividades de apoio, comercialización, produción, etc.) e o seu correspondente plan de acción.
4. Integrar eses diagnósticos de compoñente nun diagnóstico de sector que defina o cadro de mando a desenvolver pola Administración en forma de un “plan de actuacións”.
5. Integrar neste deseño do plan de actuacións a todos e a todo, tanto ao mercado como aos distintos integrantes de cada unha das actividades intentando obter a máxima participación posible dos compoñentes do sector.



Golfo Ártabro

4.4. APOSTA POLA CALIDADE

4.4.1. GUÍAS DE BOAS PRÁCTICAS EN ACUICULTURA

Como desenvolvemento dos distintos instrumentos de planificación e xestión da ESGA realizaranse unha serie de Guías de Boas prácticas co obxectivo de favorecer a incorporación de novas metodoloxías e procesos aplicados á práctica da acuicultura.

Este conxunto de Guías enmárcanse no contexto dunha aposta decidida pola calidade e a innovación do sector. Todo iso desde a toma en consideración tanto do escenario actual como do marco futuro que se pretende alcanzar.

A primeira destas guías, xa en elaboración, é a **“Guía de criterios de sostibilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral”**, que favorecerá a implantación destas instalacións de forma racional e harmónica cos valores do territorio e a paisaxe no que se insiran.

O criterio para a elaboración destas guías será o de realizar documentos metodoloxicamente completos e, non obstante de fácil manexo, de tal forma que sexan accesibles para todo o público interesado con independencia da súa vinculación co sector.

O carácter destas guías é fundamentalmente práctico, non tratándose de documentos impositivos senón propositivos. Do mesmo xeito estas guías promulgan unha visión integradora da acuicultura noutras disciplinas.

*Ría de Arousa*

4.5. APOSTA POLA INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN

4.5.1. PANORAMA XERAL DA I+D+I EN ACUICULTURA

A acuicultura é unha actividade sectorial que, debido á súa recente expansión, evolucionou tecnoloxicamente de forma moi rápida, apoiada en innovacións procedentes doutros sectores produtivos ás cales se lle aplicaron as adaptacións precisas segundo as necesidades e particularidades do sector.

No contexto da industria alimentaria, a acuicultura é a actividade que está a experimentar o maior crecemento sendo, sen dúbida, unha das que máis demanda produce en termos de avance técnico e científico. Ademais, polo seu carácter novidoso a escala industrial e polo seu grao de crecemento continuo, precisa, en complemento á disposición técnica, a captación continua e crecente de científicos e tecnólogos que posibiliten a retroalimentación da evolución que se está producindo a escala mundial.

Polo tanto, como consecuencia da profunda diferenciación entre os distintos grupos de especies (moluscos, crustáceos e peixes, tanto mariños coma continentais) os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos nos que se basea o desenvolvemento dos cultivos de cada grupo caracterízanse pola súa enorme heteroxeneidade. Entre todas as especies, a actividade acuícola que maiores avances técnicos e máis coñecemento científico demanda é a acuicultura de peixes e, dentro destes, a de peixes mariños, debido tamén a que é a que maior valor engadido xera e a que menos avance tecnolóxico global manifesta, por ser o seu desenvolvemento dos máis recentes.

No caso do rodaballo a tecnoloxía de cultivo desenvolveuse na súa plenitude en España, cunha achega no cultivo larvario moi relevante da industria francesa; con todo, hoxe en día é unha tecnoloxía en mans de empresas galegas.



4.5.2. EVOLUCIÓN E CONTEXTO MUNDIAL DA I+D+I EN ACUICULTURA

No mundo, a acuicultura evolucionou ata distribuírse por áreas xeográficas atendendo á súa especialización sobre grupos de especies. Así, o cultivo de moluscos lévase a cabo de forma relevante en Asia, Europa e América do Sur. Os grandes centros de coñecemento e os desenvolvementos técnicos que se aplican a estes cultivos proveñen fundamentalmente de Europa, e no caso do mexillón, de Galicia.

Os crustáceos prodúcense maioritariamente en Asia e en América Central e do Sur. Os centros que xeran o coñecemento e a técnica de cultivo creáronse en Estados Unidos, aínda que se incorporaron outras áreas xeográficas que realizan avances neste campo.

Os peixes continentais cultívanse en todo o mundo, pero hai que destacar os cultivos que se fan en Asia, Norte de África e Europa; aínda que en América do Sur xa comezan a ser importantes os cultivos de tilapia e doutras especies de augas continentais. Segundo a área de cultivo, a especie máis producida é distinta, sendo en Europa a troita a especie máis relevante, seguida da carpa. O coñecemento desenvolveuse fundamentalmente en Europa, e aínda que en Asia están a realizarse avances moi destacados como en Malaisia, Filipinas, China ou Vietnam, cada vez son máis as empresas do norte de Europa, con orixe en centros de investigación ou de universidades, que están a achegar a tecnoloxía e o coñecemento para que os sectores públicos e privados de Asia ou de África desenvolvan a acuicultura de peixes continentais.

Trátase dunha situación de sumo interese, xa que en países como Noruega, Dinamarca ou Reino Unido, inicialmente con forte apoio de fondos públicos, xerouse unha sólida base de investigadores que serven e serviron para o desenvolvemento do seu sector acuícola; estes investigadores, ademais, diversificaron a súa actividade adaptando as tecnoloxías que desenvolveron para as especies cultivadas nos seus países de orixe a especies doutras zonas do mundo. Esta situación posibilitou a xeración de empresas que achegan tecnoloxía de cultivo a outros países xerando sinerxías e beneficios económicos mutuos, mediante acordos a longo prazo, evitando ademais que se xere nova competencia nos mercados dos seus países.

En canto aos peixes mariños, a especie que por volume e valor económico e que sen dúbida serviu como desencadeamento da maioría dos avances científicos en acuicultura foi, e aínda o segue sendo, o salmón (*Salmo salgar*). Esta especie cultívase en Europa, en Chile e Canadá. Outras especies mariñas de amplo cultivo son a dourada, a robaliza, o rodaballo, a solla en Asia e máis recentemente o linguado, a corvina, o bacallau, o abadexo ou o ollomol. Ademais, hai que engadir outras especies coma a troita que, ao igual que o salmón, pode cultivarse en auga doce ou salgada, polo que se pode desenvolver o seu cultivo nos dous espazos.

*Cetarias de Rinlo*

Todas estas especies son demandantes de recursos tecnolóxico-científicos. Nese aspecto é onde Europa destaca xa que a tecnoloxía do salmón desenvolveuse en Noruega e Reino Unido, fundamentalmente. A dourada e robaliza foron desenvolvidas polos países do sur de Europa, con especial relevancia para Francia e Grecia, aínda que nos últimos anos España incorporouse con forza.

No caso do rodaballo a tecnoloxía de cultivo desenvolveuse na súa plenitude en España, cunha achega no cultivo larvario moi relevante da industria francesa; con todo, hoxe en día é unha tecnoloxía en mans de empresas galegas. Hai que sinalar que esta é seguramente a especie cuxo cultivo é máis complexo e a que necesita de maiores recursos tecnolóxicos para ter unha produción estable no tempo.

Vinculado ao sector do rodaballo desenvolveuse a tecnoloxía de linguado (*Solea senegalensis*), onde inicialmente tiveron moita relevancia os traballos realizados en centros de investigación andaluces e as universidades portuguesas. Con todo, a aposta da industria galega por esta especie nos últimos oito anos conseguiu desenvolver as tecnoloxías críticas que permiten o desenvolvemento dun sector produtivo vinculado ao cultivo desta variedade e especie.

A acuicultura continental galega, de forte implantación a nivel autonómico e centrada na produción da troita, veu desenvolvendo o seu I+D+i nas áreas de xenética, nutrición e sanidade animal; e aspira a un marco regulador que lle permita diversificar cara novas especies, como a troita fario e o esturión, e novas operativas, como o cultivo de troitas en gaiolas mariñas, ao xeito dos principais produtores europeos da especie.



4.5.3. EVOLUCIÓN E CONTEXTO GALEGO DA I+D+I EN ACUICULTURA

Antecedentes e avances actuais

A acuicultura en Galicia está hoxe en día polarizada na mitilicultura por unha banda e a piscicultura de salmónidos e peixes planos, basicamente rodaballo, por outro. Ademais, estes cultivos complementáanse co desenvolvemento produtivo a moita menor escala de especies piscícolas como o ollomol, o linguado, o salmón. Pola súa banda, existen producións de cefalópodos como o polbo e importantes actividades acuícolas arredor de bivalvos como a ameixa (nas súas diferentes variedades) ou a ostra.

Avances no cultivo das principais especies

- **Mexillón**

O sector mitilicultor realizou avances no manexo do mexillón coa incorporación de maquinaria que aumenta a produtividade e a calidade final do produto, en sistemas construtivos dos artefactos de cultivo (bateas) con novos materiais e deseños máis modernos e eficientes. Do mesmo xeito, no aspecto ambiental e de protección da saúde pública melloráronse constantemente os sistemas de control, grazas a un mellor coñecemento da dinámica das rías, da oceanografía e dos procesos de acumulación de toxinas nos organismos e a nivel dos laboratorios na mellora dos sistemas de mostraxe, as técnicas analíticas e os programas de seguimento.

Nun segundo campo de actuación, toda a industria que rodea o sector produtor de mexillón, como as empresas depuradoras, cocedoiros e conserveiras, están en plans de desenvolvemento continuos enfocados fundamentalmente á mellora da maquinaria e as instalacións coa finalidade principal de incrementar a calidade do produto, reducir os impactos ambientais e ofrecer ao consumidor novos tipos de produtos.

- **Rodaballo**

O rodaballo é unha especie que en Galicia se desenvolveu inicialmente por iniciativa de centros de investigación, fundamentalmente do Instituto Español de Oceanografía (IEO), pero finalmente foi a industria a que desenvolveu a tecnoloxía de cultivo cun apoio moi relevante da Universidade de Santiago en aspectos relacionados coa minimización dos problemas patolóxicos nos cultivos. Máis recentemente vén aplicando intensamente o coñecemento xenético para a mellora da selección de reprodutores, tamén cun papel relevante da Universidade de Santiago, a través do seu Instituto de Acuicultura.

*Litoral de Muros*

- **Troita**

Desde finais do século XIX, a troita arco iris ten protagonizado os avances da piscicultura europea durante décadas. Entre os avances máis importantes hai que sinalar a fabricación de alimentos para alevíns e peixes adultos, e no atinxinte á saúde, os descubrimentos no ámbito dos medicamentos, as vacinas e a prevención.

Principais marcos de impulso da I+D+i

Os “Plans Nacionais de Cultivos Mariños” xestionados no seo da Xunta Asesora de Cultivos Mariños (JACUMAR), creada mediante a Lei 23/1984 de Cultivos Mariños, constitúense como actuacións, elaboradas de común acordo con todas as autonomías, que teñen por obxectivo o financiamento daqueles proxectos de desenvolvemento e innovación que se consideren precisos para lograr avances substanciais nos cultivos mariños a nivel nacional ou dunha parte significativa do seu territorio, constituíron e constitúen un elemento clave no desenvolvemento da acuicultura a nivel nacional e nos cales Galicia, dado o seu potencial investigador, desempeña ano tras ano un papel de coliderado.

No últimos dez anos, o CETGA, Centro Tecnolóxico das Empresas do Clúster da Acuicultura de Galicia, situouse na vangarda tecnolóxica do sector galego e nacional desenvolvendo novas vacinas, novos pensos, novos sistemas de engorde e sistemas de cultivo larvario. Actualmente centra parte dos seus traballos no desenvolvemento de novas ferramentas xenéticas e nas súas instalacións desenvolveuse a práctica totalidade da tecnoloxía de cultivo de linguado *Solea senegalensis*.



Vilanova de Arousa

A acuicultura galega en xeral goza dun amplo abanico de posibilidades de cara á incorporación de investigadores e grupos de investigación que posibilitan o desenvolvemento de novos produtos, procesos ou tecnoloxías. Con todo, persiste unha dinámica na cal a colaboración entre o sector produtivo e os centros de coñecemento non acaba de alcanzar o grao de integración e sinerxía que sería desexable ou de agardar nunha comunidade coa puxanza do sector industrial galego e un sector investigador, no campo das ciencias mariñas, tan amplo. As causas que provocan este feito son varias:

- Falla de espazos adecuados para que se poida producir o entendemento entre os sectores produtivos e investigador, e que se podería considerar como un factor de carácter cultural ou idiosincrático.
- Gran atomización do sector produtivo, o que dificulta, e mesmo impide, dispor de empresas co suficiente capital humano e económico para poder abordar proxectos de investigación de relevancia mentres que as asociacións carecen da suficiente masa crítica como para poder dispor dos medios necesarios. Iso provoca o efecto rebote quedando a investigación centrada nos grupos de investigación públicos, que polo xeral tenden a orientar os proxectos cara a aqueles temas que reverten nunha rendibilidade profesional para os propios investigadores non coincidente, polo xeral, cos intereses máis orientados á practicidade do sector empresarial.
- Atomización e falla de coordinación entre as propias unidades de investigación, o que unido á falta de presenza do sector empresarial nos órganos de decisión das políticas públicas de investigación, profunda igualmente na profusión dunha multiplicidade de proxectos de escasa viabilidade e/ou aplicabilidade industrial.

- Falla de substitución xeracional, feito que se revela como un dos máis importantes problemas a medio prazo. Non se aprecia unha substitución detrás do actual panel de investigadores galegos, coa perda de coñecemento consecuente a medio prazo.

En definitiva, en Galicia contamos cunha gran masa crítica no campo técnico-científico da acuicultura, con centros e recursos humanos e técnicos suficientes en moitas das áreas de coñecemento, pero moi deficientemente utilizados polos sectores produtivos.

Por estas razóns faise necesario un impulso, que debe ser liderado necesariamente desde a administración, que permita dispor da capacidade real de coordinación da oferta de I+D en acuicultura e no que participen administración, centros de I+D+i e sector privado, o que mellorará o uso dos medios dispoñibles para unha maior competitividade do sector. Ese impulso, que debería concretarse nalgún tipo de centro ou institución, propiciaría as condicións para poder abordar con garantías as previsións dos estudos de mercado que indican un 20% de crecemento anual mundial deste sector, obxectivo que só será acadable cunha continua e substancial potenciación da I+D+i en acuicultura polas vías da coordinación e o investimento.

Capacidades e infraestruturas tecnolóxicas actuais

A nivel xeral, tanto a Plataforma Tecnolóxica Europea da Acuicultura (EATIP) e a Plataforma Española da Pesca e Acuicultura (PTPEA) teñen como obxectivos a xeración de sinerxías e dos impulsos necesarios para o desenvolvemento da competitividade tecnolóxica da acuicultura mediante unha planificación estratéxica coordinada entre os organismos públicos de investigación, a administración e o sector privado (mediante os seus órganos asociativos).

A nivel galego, dispomos dunha importante rede de infraestruturas científicas e tecnolóxicas relacionadas coas ciencias do mar, a bioloxía, a enxeñaría e as industrias alimentarias; nunha proporcionalmente pequena porción do territorio nacional distribúese, con toda seguridade, a maior concentración deste tipo de infraestruturas a nivel nacional.

Cabe destacar, entre outros, os seguintes:

- **Organismos dependentes da administración pesqueira da Xunta de Galicia:**
 - Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (INTECMAR), centro de referencia no control e seguimento das condicións ambientais das augas para o desenvolvemento da acuicultura e no mantemento dos máis altos

Faise necesario un impulso, que debe ser liderado necesariamente desde a administración, que permita dispor da capacidade real de coordinación da oferta de I+D en acuicultura, e no que participen administración, centros de I+D+i e sector privado, o que mellorará o uso dos medios dispoñibles para unha maior competitividade do sector.





estándares de aseguramento da seguridade alimentaria dos produtos da acuicultura, especialmente no caso dos moluscos.

- Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) con funcións de coordinación da investigación mariña e xestión de proxectos.
 - Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) dedicado fundamentalmente á investigación básica (en aspectos como a patoloxía de peixes e moluscos, a dinámica das biotoxinas mariñas nos seus distintos aspectos) ou aplicada como apoio técnico para as decisións administrativas para a xestión dos recursos mariños.
 - Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) centro formativo en acuicultura orientado fundamentalmente cara á formación do persoal técnico de grao medio no sector da acuicultura, realizando tamén labores de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
 - Laboratorio Comunitario de Referencia de Biotoxinas Mariñas (LCRBM), que coordina as actividades da rede de Laboratorios Nacionais de Referencia. Foi designado para este labor en 1993, e desde 2004 depende da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN). Os seus ámbitos de actuación están centrados de forma especial na investigación e o desenvolvemento da metodoloxía aplicada ao control das biotoxinas mariñas en moluscos.
- **Organismos dependentes da administración central do Estado**
- Instituto Español de Oceanografía (IEO) que conta en Galicia con dous centros costeiros, situados na Coruña e Vigo, e que xogou un papel fundamental no desenvolvemento da acuicultura de rodaballo nos seus comezos. Na actualidade desempeñan un papel de gran actividade neste campo na procura de solucións e novas oportunidades de negocio para a súa transferencia aos sectores produtivos.
 - Instituto de Investigacións Mariñas (IIM) do CSIC, constitúese nun centro de referencia cunha alta capacitación tecnolóxica e humana, desenvolvendo diversos proxectos con incidencia directa na acuicultura nas súas dúas áreas funcionais.
- **Universidades; as tres universidades dispoñen dun enorme potencial de grupos de investigación relacionados, dunha maneira máis directa ou máis indirecta, co desenvolvemento da acuicultura.**

*Litoral de Ortigueira*

Neste senso, a Universidade de Santiago de Compostela puxo en marcha o Instituto de Acuicultura, centrado non só na investigación, senón tamén no asesoramento e transferencia da información obtida cos seus labores neste campo.

Do mesmo xeito, as universidades galegas están na orixe de varias empresas spin-off relacionadas coa I+D+i do sector e que xeran amplas posibilidades de transferencia.

Cabe destacar a recente creación do Campus do Mar, xestionado pola Universidade de Vigo coa participación das outras dúas universidades galegas e outras da eurorexión Galicia-Norte de Portugal e co que se pretende xerar un campus conformado por un conglomerado de centros, especializados no mar dende o punto de vista multidisciplinar e cuxo obxectivo é impulsar un desenvolvemento sustentable do seu territorio de influencia.

- **Organismos dependentes do sector produtor**

- Centro Tecnolóxico Galego da Acuicultura (CETGA): dependente do Clúster da Acuicultura de Galicia, desde a súa creación no ano 2002 constitúese no vínculo de unión entre os organismos de investigación institucionais, especialmente as universidades, e o sector empresarial dedicado ao cultivo de peixes mariños. Serviu como centro de desenvolvemento de numerosas solucións a problemas comúns do sector produtor, especialmente nos campos da loita contra as patoloxías, a enxeñaría dos sistemas de cultivo e das maquinarias de procesado e nos avances na nutrición dos peixes.

Toda esa dotación científica e tecnolóxica debe coordinarse co sector industrial para aumentar a eficiencia dos recursos públicos investidos en I+D, para conseguir a mellora do tecido produtivo e a xeración de novas liñas de negocio que xeren máis actividade económica e permitan manter a Galicia na primeira liña da acuicultura mundial. Así, os recursos e esforzos destinados a I+D+i en Galicia a medio prazo deberían orientarse sobre a base desta



cooperación formal entre o sector empresarial e as institucións, de acordo coas grandes liñas temáticas que se desenvolven a continuación para cada un dos campos de interese.

Liñas estratéxicas de actuación

As liñas básicas para os próximos anos deben abordar as diferentes problemáticas da acuicultura nos seguintes campos:

• Producción de peixes

- **Nutrición:** Constitúe un dos principais retos no cultivo de peixes sendo imprescindible o desenvolvemento de novas dietas que melloren os ritmos de crecemento, incrementen as taxas de asimilación e diminúan a susceptibilidade a enfermidades.
- Un dos principais problemas no cultivo de peixes, o desenvolvemento dunha dieta que incorpore todos os requirimentos nutricionais para cada especie e para cada fase de crecemento é fundamental para conseguir un bo ritmo de crecemento e diminuír a susceptibilidade a enfermidades. Esta liña debe incidir dunha maneira moi especial na mellora das dietas larvarias.
- **Patoloxía:** Sendo as enfermidades infecciosas unha das fontes máis importantes de perdas para o sector da acuicultura e tendo en conta que as medidas preventivas son o mellor método de loita contra elas, resulta fundamental orientar as liñas de investigación futuras ao desenvolvemento de novas vacinas e o deseño de tratamentos preventivos a través de mecanismos como a inmunoestimulación ou os probióticos.
- **Xenética:** As ferramentas xenéticas e a biotecnoloxía constitúen elementos fundamentais para obter novos avances no proceso de cultivo enfocados fundamentalmente a aumentar o propio rendemento produtivo mediante técnicas como a selección xenética e outras.

• Producción de moluscos

No que respecta ao cultivo de mexillón os retos de futuro aos que se enfronta a industria produtora galega deben ir enfocados en tres aspectos fundamentais:

- Combinar os coñecementos científicos sobre a dinámica do medio e dos propios organismos cunha maior

estandarización das técnicas de cultivo de forma que cada vez sexa máis factible ofrecer aos mercados un produto máis uniforme tanto nos tamaños como no rendemento.

- Mellorar o respecto e a integración ambiental dos cultivos de mexillón.
- Avanzar no coñecemento dos procesos de intoxicación-desintoxicación por biotoxinas mariñas de tal forma que sexa posible desenvolver modelos predictivos cada vez máis fiables que permitan minimizar os efectos dos episodios algais tóxicos.

No que ten que ver co cultivo de ostra plana é preciso realizar un inxente labor investigador, especialmente no relacionado cos graves problemas patolóxicos que afectan a esta especie nas augas galegas como base imprescindible para que Galicia poida recuperar o esplendor que a acuicultura desta especie tivo no pasado.

No caso do resto de moluscos, especialmente as distintas especies de ameixas, dous son os factores sobre os que se ha de incidir no futuro máis inmediato: mellora dos sistemas de produción de semente para a súa resemanteira nos bancos marisqueiros incidindo especialmente na mellora da tecnoloxía dos criadeiros así como na produción de microalgas para a alimentación masiva dos xuvenís e o desenvolvemento de ferramentas que permitan unha adecuada loita contra os problemas patolóxicos que incumben a este grupo de organismos.

- **Trazabilidade e seguridade alimentaria**

A seguridade alimentaria e a protección dos intereses dos consumidores é un aspecto que preocupa cada vez máis ao público en xeral, ao consumidor e aos produtores e, cada vez máis, a certificación da produción constitúe un signo distintivo equivalente a unha maior calidade do produto.

- **Automatización e deseño de instalacións**

Para que a acuicultura poida conseguir as taxas de desenvolvemento esperadas é fundamental desenvolver tecnoloxías que proporcionen equipos e artefactos cunha elevada aplicabilidade industrial e sustentabilidade ambiental. Neste sentido, son precisos deseños que minimicen os impactos ambientais (especialmente paisaxísticos e de ocupación do territorio), reduzan as necesidades de captación de auga e, polo tanto, os volumes de vertedura ao medio e sexan cada vez máis eficientes dende o punto de vista enerxético. Especial referencia á necesidade de atender ás melloras dos aspectos relacionados coa hidrobioloxía no caso da acuicultura continental.



Débase garantir o acceso a un financiamento suficiente tanto para os investigadores como para os centros de investigación e sempre desde a perspectiva do medio e longo prazo xa que neste campo as políticas a curto prazo non funcionan adecuadamente, sendo fundamental que os recursos financeiros proveñan tanto das administracións como do sector empresarial.



• Medio ambiente

O desenvolvemento da acuicultura debe necesariamente ter en conta os aspectos ambientais e sociais. A normativa ambiental prevese progresivamente máis estrita a curto-medio prazo, polo que se necesita facer unha análise permanente dos impactos ambientais e investigar en novas prácticas para optimizar paulatinamente a súa interacción ambiental, co obxectivo de manter os niveis de sostibilidade (ambiental e económica) nun escenario de crecemento continuo das explotacións acuícolas.

Financiamento

Débase garantir o acceso a un financiamento suficiente tanto para os investigadores como para os centros de investigación e sempre desde a perspectiva do medio e longo prazo xa que neste campo as políticas a curto prazo non funcionan adecuadamente, sendo fundamental que os recursos financeiros proveñan tanto das administracións coma do sector empresarial.

É un proceso longo, na medida en que implica un cambio cultural. Nos países máis avanzados, o financiamento privado da I+D conta cunha porcentaxe superior á pública no cadro de repartición dos fondos dispoñibles, polo que é necesario atraer ao sector privado cara a I+D.

A administración debe manter as estruturas de I+D, dando a estabilidade que os sectores privados non poden dar, e servindo de amortecedor para os momentos de menor demanda, xa que as estruturas de investigación non se improvisan senón que custa décadas pólas en marcha e dotalas de cohesión e coherencia no seu funcionamento.

Como mecanismo de financiamento para as empresas, existe a tradicional de subvención directa, que podería convivir durante un período, pero deberíase avanzar cara ao crédito reembolsable, creando un fondo de garantías que permitise obter créditos a tipo de interese vantaxoso con condicións de amortización adecuados ao ciclo de desenvolvemento dos proxectos; neste senso tamén é fundamental o desenvolvemento dunha política de incentivos fiscais á I+D.

Como mecanismo de incremento do financiamento dos centros públicos deberíase avanzar cara a progresiva simplificación da relación contractual coas empresas privadas, que nese novo contexto actuarían como impulsores dunha investigación máis práctica e útil orientada cara a solución dos problemas concretos do sector.



Faro de Candieira. Cedeira

4.5.4. PLAN GALEGO DE I+D+I DA ACUICULTURA

Considerando a importancia vital que a investigación ten para a acuicultura galega, necesítase desenvolver, ao abeiro desta Estratexia Galega da Acuicultura, un Plan Estratéxico da I+D+i da acuicultura, enmarcado no seo dunha acción máis ampla que dirixirá os seus obxectivos a impulsar este segmento de traballo no ámbito marítimo-pesqueiro, en conexión, ademais, coa planificación estratéxica dirixida á actividade pesqueira.

Esta sección específica terá como sustento o amplo consenso a xerar entre os organismos de investigación, a administración e o sector empresarial. Deste xeito, establecerase, de forma conexas co Comité Técnico de Acuicultura, un órgano ad hoc que marque as directrices que deben guiar as políticas públicas de I+D+i e fixe as liñas estratéxicas prioritarias no ámbito temporal da ESGA nesta materia.

Neste sentido, este plan estará orientado a conseguir avances nas liñas fundamentais de investigación e desenvolvemento marcadas en aspectos como xenética, nutrición, patoloxías, trazabilidade e seguridade alimentaria e automatización e deseño de instalacións, tanto na produción de moluscos como de peixes. Así, estableceranse accións especialmente dirixidas a definir aqueles elementos concretos de interese para o sector, da mesma maneira que se primará a transferencia e aplicación práctica dos avances tecnolóxicos ou biolóxicos obtidos.



Costa Sur. Municipio de Oia

4.6. MARCO FORMATIVO

Promover o futuro e o impulso da acuicultura debe pasar, en boa lóxica, por apontoar e desenvolver os elementos diferenciadores e de competitividade da actividade que conflúen no caso galego. Para acrecentar a nosa capacidade competitiva, faise necesario seguir traballando e afondar no dobre camiño no que estamos dende hai anos e que leva a apostar, ademais de en favor da I+D+i, por un programa amplo de formación dende diversos ámbitos e cara diferentes obxectivos.

Para tal fin, esta estratexia permitirá avanzar no marco da formación mediante a súa continuidade e impulso, regulada ou non, como postulado de mellora da calidade do emprego e no desenvolvemento de coñecementos e habilidades técnicas que axuden a progresar en termos produtivos.

4.6.1. ESTRUCTURA FORMATIVA E DE ASESORAMENTO

- **Órgano de asesoramento**

Como ben se sinalou anteriormente, o Comité Técnico de Acuicultura será posto en marcha co obxectivo fundamental de asesorar á administración no deseño e aplicación de medidas vinculadas a este sector, sendo o seu ámbito de traballo cinguido especificamente á actividade acuícola. Este ámbito tamén incluírá a definición de medidas formativas, así como a súa avaliación de cara a que os procesos de ensino sexan acordes coas necesidades e demandas do sector.

Ademais, este órgano estará vinculado ao marco formativo en canto a que estará composto por expertos de recoñecido prestixio e experiencia procedentes, entre outros ámbitos, das universidades e centros de ensino en materias acuícolas radicados en Galicia.

- **IGAFA e CIMA**


Entre os labores a desenvolver na mellora do marco formativo están as de continuar e mellorar os plans de ensino específicos nesta materia. Así, desde 1994 está a desenvolverse unha oferta formativa en materias acuícolas que están a ser impartidas no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA), e no que se establece unha planificación de estudos encamiñados á consecución dun título de Grao Superior en Producción Acuícola e de Grao Medio en Operacións Acuícolas.

Ambos os procesos formativos conducen ao alumnado a adquirir os conceptos e experiencias que lles permitan planificar, organizar, xestionar e controlar unha explotación acuícola conseguindo a calidade requirida, en condicións adecuadas de seguridade laboral e hixiene.

Ademais, esta oferta e apoio formativo contan coa complementariedade do labor desenvolvido polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), que desde o campo da investigación e a experimentación, contribúe a afianzar a adquisición de experiencia e coñecementos para persoas con formación en materias vinculadas á actividade acuícola.

- **Sistema Universitario Galego e Campus do Mar**

Desde o Sistema Universitario Galego, composto polas universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A





Praia do Esteiro. Ortigueira

Coruña, está a desenvolverse un importante labor de estudo e experimentación desde diversas ópticas e aproximacións, ben sexa a través dos propios plans de estudo das diferentes licenciaturas ou graos ou ben na conformación dos programas de doutoramento. Do mesmo xeito, as universidades de Vigo, Santiago de Compostela e A Coruña ofrecen un programa de máster e doutoramento interuniversitario en acuicultura, cuxo obxectivo fundamental é a formación de cadros de mando profesionais e investigadores dedicados á actividade acuícola.

Neste sentido, a Universidade de Santiago de Compostela puxo en marcha o Instituto de Acuicultura, centrado non só na investigación, senón tamén na formación continua.

Ademais, considérase que o desenvolvemento común, xunto a outras universidades do norte de Portugal e entidades do sector marítimo-pesqueiro galego, do Campus de Excelencia Internacional, Campus do Mar, na cidade de Vigo poderá acometer un labor de integración entre os esforzos desenvolvidos polo sistema universitario galego e Organismos Públicos de Investigación (OPIs) na comunidade, por canto centrará os seus traballos, entre outros, no estudo e investigación do proceso produtivo acuícola e no que poderían participar as universidades impulsoras do proxecto.

*Ría de Arousa*

4.6.2. ACCIÓNS A FUTURO

Organizar este conglomerado de coñecemento e orientalo cara ás necesidades da actividade acuícola en Galicia supón un reto a afrontar como proceso de mellora do ámbito formativo. Neste sentido, faise imprescindible abordar dúas liñas de traballo que leven, por unha banda, á coordinación daqueles plans de estudo que aglutinen materias vinculadas aos cultivos mariños e, por outro, a adecuar os plans de estudo na formación regulada de cara a incorporar novas necesidades do campo laboral e a adaptar as materias aos avances técnicos e produtivos do sector.

Así, e en referencia a estes obxectivos, faise necesario dispor dun órgano non permanente, asimilado ao órgano de asesoramento, que permita reunir a representantes das entidades encargadas da impartición da formación acuícola. Entre os fins deste grupo de traballo estarían os de efectuar tarefas de coordinación que leven a integrar nunha liña formativa todas as materias, de forma que se eviten disfuncións e se permita adecuar os procesos formativos á realidade do sector produtivo.

Ademais, é necesario o desenvolvemento dunha análise exhaustiva das materias que se imparten nos procesos de formación regulada (vg. IGAFa) de cara a adecuar os plans de estudo ás novas necesidades e tendencias do mercado laboral. Neste sentido, faise necesaria a colaboración entre sector e administración educativa para coñecer e implantar procesos de coñecemento e manexo de habilidades en novas materias como promoción e mercados, fomento da innovación de procesos, etcétera.



4.7. CONSOLIDACIÓN DO MARCO FINANCIERO

4.7.1. FONDO EUROPEO DA PESCA (FEP)

Definición e características

A Política Pesqueira Común ten como obxectivo a explotación sostible dos recursos acuáticos vivos e da acuicultura, no contexto dun desenvolvemento sustentable que teña en conta os aspectos ambientais, económicos e sociais de maneira equilibrada.

O Regulamento (CE) Nº 1198/2006, do Consello de 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo da Pesca, e o Regulamento (CE) Nº 498/2007 da Comisión, polo que se establecen as disposicións de aplicación do mesmo, definen o marco de apoio comunitario a favor do desenvolvemento sostible do sector pesqueiro e das zonas de pesca, co fin de contribuír á consecución dos obxectivos da política pesqueira común, obxectivos que non poden ser alcanzados de maneira suficiente polos Estados membros debido ás súas limitacións financeiras e aos problemas estruturais do sector pesqueiro.

As intervencións do FEP teñen como obxectivo, no que á acuicultura se refire:

- a. Apoiar a política pesqueira común a fin de asegurar a explotación dos recursos acuáticos vivos e apoiar a acuicultura para achegar a sustentabilidade necesaria nos planos económico, social e ambiental.
- b. Potenciar a competitividade das estruturas de explotación e o desenvolvemento de empresas economicamente viables no sector da pesca.
- c. Fomentar a protección e mellora do medio ambiente e dos recursos naturais cando exista unha relación co sector pesqueiro.
- d. Promover o desenvolvemento sostible e a mellora da calidade de vida en zonas con actividades no sector da pesca.
- e. Promover a igualdade entre homes e mulleres no desenvolvemento do sector pesqueiro e das zonas de pesca.

O Fondo Europeo de Pesca debe estar dotado dun enfoque estratéxico, por iso, cada Estado membro debeu adoptar un plan estratéxico nacional para o sector pesqueiro. Para aplicar as políticas e prioridades que debe cofinanciar o

FEP, cada Estado membro elabora un programa operativo coherente co plan estratéxico nacional, no cal se plasman as intervencións do FEP de acordo coa estrutura nacional propia.

As intervencións do FEP establécense a través de cinco eixos prioritarios:

- Eixo prioritario 1: Medidas de adaptación da frota pesqueira comunitaria.
- Eixo prioritario 2: Acuicultura, pesca interior e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura.
- Eixo prioritario 3: Medidas de interese público.
- Eixo prioritario 4: Desenvolvemento sostible das zonas de pesca.
- Eixo prioritario 5: Asistencia técnica.

Estes eixos prioritarios desenvólvense á súa vez en medidas, que son un conxunto de operacións dirixidas á execución dun eixo prioritario e en acción que concretan a actuación das medidas.

Medida 2.1, Acuicultura

O eixo prioritario 2 contén a medida 2.1, que desenvolve o ámbito de intervención do FEP para a produción en acuicultura. O obxectivo principal desta medida é a mellora da competitividade do sector acuícola e das súas empresas que xeren unha sustentabilidade económica a longo prazo e permitan aumentar a súa achega ao equilibrio da balanza comercial e ao abastecemento do mercado de produtos pesqueiros. O FEP poderá prestar asistencia específica á produción da acuicultura en catro accións específicas:

1. Medidas de inversión produtiva na acuicultura

O FEP poderá apoiar investimentos para a construción, ampliación, equipamento e modernización de instalacións de produción, con obxecto, en particular, de mellorar as condicións de traballo e hixiene, a saúde humana ou a sanidade animal e a calidade do produto, que limiten o impacto negativo ou melloren os efectos positivos sobre o medio ambiente. Os investimentos contribuirán á consecución dun ou máis dos seguintes obxectivos:

- a. Diversificación cara novas especies ou produción de especies con boas perspectivas de mercado.
- b. Establecemento de métodos de acuicultura que reduzan substancialmente as consecuencias negativas ou melloren os efectos positivos sobre o medio ambiente en comparación coas prácticas normais no sector da acuicultura.





c. Apoio a actividades tradicionais de acuicultura que contribúan a preservar e desenvolver o tecido económico e social e á protección do medio ambiente.

d. Apoio á adquisición de equipos para protexer as explotacións dos depredadores salvaxes.

e. Mellora das condicións de traballo e da seguridade dos traballadores da acuicultura.

As axudas ao investimento limitaranse só ás microempresas, as pequenas e medianas empresas, é dicir, ás empresas con menos de 750 empregados ou cun volume de negocios inferior a 200 millóns de euros.

2. Medidas hidroambientais:

O FEP poderá axudar á concesión de compensacións polo uso de métodos de produción acuícola que contribúan a protexer e mellorar o medio ambiente e á conservación da natureza. A axuda destinarase a promover:

a. O desenvolvemento de formas de explotación acuícola que inclúan a protección e mellora do medio ambiente, dos recursos naturais e da diversidade xenética, así como a xestión da paisaxe e as características tradicionais das zonas acuícolas.

b. A participación no sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais creado polo Regulamento (CE) nº 761/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, de 19 de marzo de 2001, polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS).

c. Unha acuicultura ecolóxica no sentido do Regulamento (CEE) nº 2092/91 do Consello, de 24 de xuño de 1991, sobre a produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios.

d. Unha acuicultura sostible compatible coas obrigas específicas no ámbito do medio ambiente que resulten da designación de zonas de Rede Natura 2000 con arranxo á Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Para acollerse a estas compensacións, os beneficiarios deberán comprometerse a cumprir, durante un período mínimo de cinco anos, requisitos hidroambientais máis estritos que a mera aplicación da boa práctica normal de acuicultura.

*Illas de Ons*

3. Medidas de saúde pública

O FEP poderá contribuír á concesión de compensacións aos produtores de moluscos pola suspensión temporal da colleita de moluscos cultivados. Poderá concederse esta compensación sempre que a contaminación dos moluscos debido á proliferación de plancto que produza toxinas requira, por motivos de protección da saúde pública, a suspensión da colleita durante un período superior a catro meses consecutivos ou cando as perdas sufridas a consecuencia da suspensión da colleita se cifren en máis do 35% do volume anual de negocios da empresa en cuestión, calculado sobre a base do volume de negocios medio da empresa durante o tres anos anteriores.

O período máximo de concesión da devandita compensación será de doce meses durante todo o período de programación.

4. Medidas de sanidade animal

O FEP poderá contribuír ao financiamento do control e a erradicación de enfermidades na acuicultura, de conformidade coa Decisión 90/424/CEE do Consello, de 26 de xuño de 1990, relativa a determinados gastos no sector veterinario.



Cantís de Loiba e Picón

Contribución financeira do FEP

No Programa Operativo recóllense as asignacións financeiras para o sector pesqueiro español no período 2007-2013, distinguindo entre rexións do obxectivo de converxencia e rexións non incluídas no obxectivo de converxencia.

O cadro financeiro para todos os eixos prioritarios no período 2007-2013 dispón dunha contribución pública total, para o conxunto de rexións do obxectivo de converxencia, de 1.561,5 millóns de euros, dos cales, 945,6 millóns corresponden á contribución do FEP.

A participación do plan financeiro de Galicia no cadro de financiamento global é do 45%, correspondéndolle unha contribución pública total de 702,6 millóns de euros, dos que 428,6 son a contribución do FEP e 274 a contribución nacional a partes iguais entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma.

A asignación financeira da medida 2.1 para o período 2007-2013 é de 107,1 millóns de euros de contribución pública total (65,7 millóns de contribución FEP).

4.7.2. O MARCO FINANCEIRO NA NOVA PCP (2014-2020)

No momento de presentar esta Estrategia Galega de Acuicultura está a ser avaliada a proposta que para o novo marco financeiro que desenvolverá a Política Pesqueira Común para o período 2014-2020 ten presentado a Comisión Europea, e que foi abordado para a súa presentación no Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea do mes de decembro de 2011. Esta proposta, denominada baixo o título de Fondo Europeo para os Asuntos Marítimos e da Pesca, dispón a dotación de máis de 6.700 millóns de euros para o período citado, mais destinados aos obxectivos xerais das políticas marítimas (Política Marítima Integrada e Política Común de Pesca).

Os obxectivos xerais do FEAMP para 2014-2020 estrutúranse en torno a catro piares:

1. Pesca intelixente e ecolóxica (xestión compartida)
2. Acuicultura intelixente e ecolóxica (xestión compartida)
3. Apoio á cooperación entre ciencia e pescadores (xestión compartida)
4. Política Marítima Integrada (xestión centralizada directa).


Deste xeito, e tras a presentación do borrador de regulamento da PPC o pasado 13 de xullo de 2011, a proposta da Comisión Europea consolida a liña amosada daquela e na que a acuicultura se constituirá nun dos eixos fundamentais do enfoque da ferramenta financeira da nova PPC, tendo en conta que este sector é un dos principais obxectivos de desenvolvemento e impulso contemplados na proposta de regulamento presentado.

En canto aos obxectivos secundarios contidos nesta liña xeral dedicada á acuicultura, estes estarán centrados no desenvolvemento tecnolóxico, da investigación e a transferencia de coñecemento, así como no reforzo da competitividade e viabilidade das empresas acuícolas. Asemade, tamén se estimulará e apoiará economicamente a obtención de coñecementos e a formación, especialmente a continua, e se postulará a mellora dos mercados dos produtos da acuicultura.

Neste sentido, o texto do proxecto de reforma prevé a concesión de fondos financeiros para a consecución dos obxectivos contemplados neste mesmo documento, e entre os cales se establece o de promover o desenvolvemento de actividades acuícolas na Unión co fin de contribuír á seguridade alimentaria e o emprego nas zonas rurais e costeiras. Este feito parece unido e coherente ao interese mantido pola Comisión Europea no avance acuícola en Europa, que se manifestou en anteriores declaracións e opinións, nas cales se recollía a proposta para outorgar financiamento específico para os ámbitos formativos e investigadores ligados á acuicultura, e así se recolle no documento que recolle a nova regulación dos fondos.

Tras a presentación do borrador de regulamento do PPC o pasado 13 de xullo de 2011 por parte da Comisión Europea, todo apunta a que a acuicultura se constituirá nun dos eixos fundamentais do enfoque da ferramenta financeira do nova PPC, tendo en conta de que este sector é un dos principais obxectivos de desenvolvemento e impulso contemplados na proposta de regulamento presentado





Litoral de Cee e Corcubión

Do mesmo xeito, este apoio é coincidente co reclamado polo Parlamento Europeo no Informe sobre un novo impulso á Estratexia para o Desenvolvemento Sostible da Acuicultura Europea (2009/2107(INI)), polo cal se establece unha liña xeral de propugnación deste marco financeiro positivo, máxime cando o órgano lexislativo europeo estará vinculado á decisión final sobre este aspecto en base ao proceso de codecisión sobre a nova Política Común de Pesca.

Entre as condicións sinaladas na proposta de regulamento do fondo económico, no caso da acuicultura aparece reflectida a necesidade de dispor en 2014 dun plan estratéxico para esta actividade de carácter nacional e plurianual, seguindo o disposto na proposta de regulamentación da PCP. Neste senso, Galicia, aínda non sendo obrigatorio o cumprimento desta condición no caso autonómico, estará en disposición de darlle cumprida resposta antes do prazo esixido mediante a aprobación deste documento.

En todo caso, tanto é así, e dado o interese mantido por Galicia en relanzar a súa acuicultura, que de acordo coas medidas postuladas por esta Estratexia, faise necesario artellar esta medida para conseguir acadar o apoio deste marco financeiro, de consolidarse a proposta da Comisión Europea, facendo dela unha vía de impulso fundamental para dar cumprimento aos obxectivos desta planificación. Particularmente, faise obrigatorio estimular os aspectos investigador e formativo, facendo deles o destino destes fondos, de maneira acorde coas propostas procedentes do ámbito europeo de decisión.

Doutra banda, faise necesario desenvolver unha importante vía de traballo destinada a acometer un cambio substancial no instrumento financeiro a futuro respecto do actual, xa que se estima indispensable a apertura das posibilidades de financiamento ás grandes empresas, agora vetadas no seu acceso, dada a súa maior capacidade de investimento e desenvolvemento de medidas de investigación e innovación e de xeración de emprego.

*Ría de Ferrol*

4.8. COMERCIALIZACIÓN E MERCADOS

A situación actual da actividade acuícola ten demostrado que o mercado dos produtos xerados ten unha importancia fundamental á hora de desenvolver a práctica produtiva empresarial. Neste senso, a comercialización é un elo decisivo na cadea produtiva da acuicultura, e nesa condición ha de ser incluída nesta avaliación estratéxica que rexerá a acuicultura galega para os próximos anos.

É necesario abordar a situación dos mercados de consumo (en relación á propia estrutura mercantil, de consumidores e de especies e as súas presentacións) e distribución dos produtos de acuicultura como paso previo á programación e desenvolvemento daquelas accións que poidan contribuír a soste e expandir a actividade acuícola galega en termos de valorización económica da súa produción.

Así, esta programación hase de establecer tendo en conta a necesidade de integrar aqueles aspectos que poidan condicionar o seu éxito, polo que ha de asumir o estudo da oferta e a demanda, as novas tendencias e cifras de consumo e as disposicións de produción adecuadas a estes parámetros, así como as fórmulas de diferenciación e promoción que aseguren a competitividade mercantil dos nosos produtos nos mercados nacionais e internacionais.



4.8.1. ASPECTOS POSITIVOS E NEGATIVOS DA SITUACIÓN COMERCIAL PARA OS PRODUTOS DE ACUICULTURA

De cara a adecuar as accións a futuro faise necesario avaliar a situación actual da produción acuícola galega e os aspectos que marcan, de forma positiva e negativa, a interrelación entre produción e comercialización.

Valoración e análise

Neste sentido, poderíanse agrupar os elementos e feitos que suman vantaxes para a comercialización dos produtos de acuicultura, así como aqueles que supoñen inconvenientes ou obstáculos a superar con vistas a unha correcta e rendible explotación comercial da acuicultura.

Entre os aspectos positivos que podería aproveitar a acuicultura como panca comercial estarían:

- **Apertura de mercados polos produtos da pesca:** os axentes comercializadores e os establecementos que interveñen na cadea de subministración de peixe en Galicia viñeron encargándose dende hai décadas da distribución, transformación e venda dos produtos que se desembarcan nos portos galegos ou que se producen nas súas zonas costeiras.

Estas cadeas comerciais e transformadoras son o principal puntal sobre o que se asenta a capacidade exportadora española cara ao exterior, estrutura que debe ser aproveitada para dar curso comercial aos produtos da acuicultura galega.

- **Consumo de peixe na Unión Europea:** o consumo medio de produtos acuícolas na Unión Europea é de 22,3 kg/persoa/ano, cifra sensiblemente superior (nun 35,9%) ao consumo medio de peixes e mariscos a escala mundial.

Este factor marca un enorme potencial de mercado xa que os produtos de acuicultura poderían contribuír amplamente a paliar o déficit de bens acuáticos de consumo que ten a Unión Europea, e que se cifra nun 65%, máxime cando a expansión pesqueira está lastrada seriamente polas posibilidades de captura.

Así, a acuicultura tampouco suporía un competidor vantaxoso para a pesca, xa que esta actividade está a explotar especies que, de forma xenérica, son complementarias ás obtidas mediante a pesca ou o marisqueo extractivo. Neste sentido, a captura de especies acuícolas fundamentais como o rodaballo, o ollomol, o linguado, o salmón ou a ostra plana é testemuñal, co cal non se entraría en competencia comercial directa entre ambas as actividades.

- **Capacidade de I+D+i e achega de produtos de calidade:** as demandas do mercado europeo de produtos acuáticos centráronse en bens de calidade sostida que deben presentar unha seguridade alimentaria probada e derivada dunhas altas condicións hixiénico-sanitarias de produción e manipulación transformadora ou comercial.

Neste sentido, a acuicultura europea, e dentro dela a galega, posúe capacidades máis que suficientes para poder dar resposta a estas demandas cunha oferta de produtos variados e sumamente controlados en canto á seguridade alimentaria, existindo na nosa comunidade autónoma unha ampla experiencia no desenvolvemento dun sistema de control periódico e exhaustivo que asegura estes termos.

Ademais, esta experiencia e capacidade de produción de bens de consumo de calidade e seguros alimentariamente falando, podería supor tamén a posibilidade de abrir novos mercados en áreas de alto consumo de peixe e marisco que contan cun nivel de esixencia similar ou superior ao europeo, caso dos Estados Unidos de América ou Xapón.

- **Sostibilidade comercial da oferta:** a acuicultura, en canto a que supón un sistema de cultivo, posúe a posibilidade de establecer unha oferta de produtos de maneira estable cara aos mercados, sendo esta una das claves que permiten diferenciar e tomar vantaxe comparativa sobre outras fórmulas produtivas como a pesca extractiva, especialmente nos caladoiros europeos.

Aínda a pesar dos ciclos biolóxicos naturais dos peixes e mariscos, débese seguir traballando no seu coñecemento co fin de formular unha produción sostida que permita, en función da produción buscada, achegar ás cadeas comerciais e transformadoras unha cantidade de produtos que permitan abastecelas dunha maneira estable, o que redundará nun afianzamento do valor e interese da acuicultura nos espazos comerciais.

Do mesmo xeito, a acuicultura galega, de maneira semellante á desenvolvida no contexto europeo e español, posúe vinculacións de compoñente negativo que lastran a súa evolución comercial, e entre as cales estarían:

- **Visión negativa dos produtos de acuicultura:** durante anos, e de forma especial en relación cos produtos de piscicultura, desenvolveuse entre os consumidores galegos e españois unha valoración subxectiva de carácter negativo dos produtos de acuicultura, feito que se produce de maneira importante na comparación coa mesma avaliación persoal dos peixes e mariscos procedentes da actividade extractiva.

Neste sentido, esta visión estaría sustentada, en boa maneira, pola asimilación da actividade acuícola con





Rías Altas

outras fórmulas de produción de bens de consumo como a avicultura intensiva, así como polo coñecemento do desenvolvemento de prácticas de cultivo en áreas como o Sueste asiático con serias deficiencias hixiénico-sanitarias, visión que se estende por analogía á acuicultura desenvolvida en Galicia de forma inxusta e equivocada.

Así, faise imperiosa a necesidade de diferenciar de forma clara os produtos de acuicultura xerados na nosa comunidade autónoma, de maneira que se divulguen as circunstancias da produción acuícola galega, en especial nos termos de calidade e seguridade hixiénico-sanitaria e no relativo ao respecto

ao benestar animal durante o proceso de cultivo, sen esquecer os altos estándares de respecto ambiental dos que está dotada a actividade en Galicia.

- **Escasa transformación e adecuación comercial dos produtos de acuicultura:** durante os últimos anos producíronse profundas transformacións na estrutura da demanda de peixe e marisco derivadas de cambios na sociedade de consumo. Neste sentido, hoxe en día xérase unha ampla demanda de produtos do mar listos para o seu consumo, así como de transformados que eviten o procesado no fogar.

A acuicultura e a súa cadea comercial non é allea a esta demanda, aínda que non se integrou de forma importante no proceso transformador para dar resposta aos novos formatos que require o mercado, condición que si cumpriron outros países e produtos de menores calidades nutritivas (vg. o pangas e a carpa do Nilo).

Por iso é necesario abordar un dobre avance na vertente comercial da acuicultura galega e que ten que ver coa inserción e integración da produción a través do elo transformador e coa diversificación das especies de produción en prol de ampliar o abano de oferta para autoabastecer os mercados interiores sen recorrer ao exterior.

- **Competencia internacional:** a liña expansiva da produción acuícola mundial, e especialmente o aumento da produción acuícola de países de produción masiva como China ou a India, xerou unha gran competencia polos mercados internacionais. Neste sentido, estes países achegan unha produción acuícola sometida a menos controis e requisitos hixiénico-sanitarios, ambientais e laborais, o que, en moitas ocasións, raia o dumping con respecto á produción europea en xeral e galega en particular.

Se a este factor lle engadimos a mínima capacidade de autosuficiencia dos mercados europeos da pesca e acuicultura, que alcanza só un 35% do total, así como a existencia de facilidades da Unión Europea para a inserción de produtos de acuicultura, tales como os acordos cos países de África, Caribe e Pacífico (ACP) e os pactos recoñecidos dentro do Sistema Xeneralizado de Preferencia (SXP), temos unha situación de seria competencia comercial que só pode ser contrarrestada coa diferenciación e a reclamación dun marco comercial igualatorio.

Por iso, a acuicultura galega ha de avanzar cara a demandas como o reforzo dos mecanismos de inspección e control das fronteiras, así como debe propugnar a simplificación da etiquetaxe, demandando de forma especial a clarificación da información sobre o país ou área de orixe do produto. Pero tamén dende o sector débense dar pasos cara á diferenciación e promoción dos produtos propios.



Desenvolverase o Plan Estratéxico da Comercialización dos Produtos do Acuáticos, enmarcando a análise e definindo as recomendacións e accións a executar no ámbito dos mercados dos produtos mariños.



4.8.2. NECESIDADES DE ACTUACIÓN: PLAN ESTRATÉXICO DA COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS DA ACUICULTURA

Coñecidas as necesidades e posibilidades que se abren ante a acuicultura galega na súa dimensión comercial, é necesario abordar unha análise prospectiva que nos achegue a conexión coas accións prácticas que se deben desenvolver para afianzar a actividade acuícola nesta faceta que se revelou fundamental para a súa viabilidade e sustentabilidade.

Para isto, e en coherencia, conexión e desenvolvemento da Estratexia Galega da Acuicultura e do seu equivalente da Pesca, desenvolverase o Plan Estratéxico da Comercialización dos Produtos Acuáticos, enmarcando a análise e definindo as recomendacións e accións a executar no ámbito dos mercados dos produtos acuáticos.

Esta ferramenta estará composta de dúas partes, unha centrada nos produtos da actividade extractiva e outra centrada nos da acuicultura, na procura da conformación de sinerxías e de modo que se eviten competencias entre ambos os tipos de produtos mariños. Ambas as seccións serán elaboradas coa participación e o concurso dos actores principais de cada un dos sectores, con obxecto de dar continuidade e coherencia á capacidade de organización e xestión comercial que sobre os produtos do mar outorgarase, de maneira preferente, ás Organizacións de Produtores Pesqueiros na nova Política Común de Pesca.

Así, a liña de análise correspondente á acuicultura formará parte desta Estratexia, e nela estudaranse, entre outros, os seguintes aspectos:

Definición prospectiva dos mercados no futuro, tanto na dimensión nacional como internacional: neste senso, faise precisa a análise das posibilidades e potencialidades das diferentes especies cultivadas, así como das novas sobre as que se investiga en busca de lograr o peche da súa cadea de cultivo. Do mesmo xeito, e en relación ás especies, hase de estimar a capacidade de asunción comercial da produción, poñendo en relación o crecemento das producións e dos mercados.

Definición das canles de comercialización e acceso ao mercado: a definición das mellores estruturas de distribución e loxística, así como a determinación da subministración continuada e sostida de produtos de consumo é un dos aspectos fundamentais na análise a realizar. De forma específica, hanse de analizar as fórmulas que outorguen competitividade en referencia aos produtos procedentes da importación.

Estudo das tendencias nos mercados nacionais e internacionais: neste marco deberanse analizar tanto a dimensión da oferta como da demanda, definindo as consecuencias e posibilidades de concentración, as evolucións e requirimentos do mercado ou a posibilidade de obtención de economías de escala e valor engadido para os produtos da acuicultura.

Ferramentas de promoción e difusión e novas estratexias empresariais para a mellora da competitividade:

a este respecto, débense abordar as posibilidades e viabilidade económicas e produtivas da diversificación como desenvolvemento de novos produtos e/ou especies. Do mesmo xeito, e atendendo ás necesidades de avantaxar á competencia exterior, analizaranse e promocionarán aquelas estratexias de diferenciación que permitan xerar valor intanxible aos produtos. Por último, definiranse as estratexias de vendas acordes e coherentes con estas análises, en forma de promoción e divulgación dos valores dos produtos acuícolas.

En todo caso, o desenvolvemento destes estudos e a aplicación das súas conclusións e propostas desenvolveranse en coordinación coas organizacións de produtores, en función e aplicación do papel preponderante que a nova Política Común de Pesca e a Organización Común dos Mercados parece outorgarlles. Neste sentido, adecuaranse a estes fins aquelas ferramentas conferidas a estas entidades, tales como a capacidade e competencia para a análise e, no seu caso, posta en práctica dos mecanismos de intervención legalmente autorizados (retiradas, adiamentos; e ademais prezos mínimo e “disparador”, que cubra os custos de produción no primeiro caso e provoque actuacións comerciais no segundo), axustando tamén o seu emprego ao marco das normativas comunitarias anti *dumping* e tuitiva da competencia.

Por último, e a fin de avaliar en continuo os mercados de forma instantánea e en prospectiva, levará a cabo a creación dun Observatorio galego de mercados de produtos acuícolas a escala global, de modo que poida abordar o estudo dos mercados nacionais e internacionais reais ou potencialmente destinatarios dos nosos produtos.

Este observatorio, integrado por representantes do sector acuícola e comercializador levará adiante a constitución dunha Mesa oficial de seguimento permanente da evolución dos parámetros fundamentais da comercialización do produto acuícola (vendas e prezos), que estará coordinada pola consellería competente en materia de acuicultura e integrada polas asociacións representativas do sector.

Levarase a cabo a creación dun Observatorio galego de mercados de produtos acuícolas a escala global, de modo que poida abordar o estudo dos mercados nacionais e internacionais reais ou potencialmente destinatarios dos nosos produtos





Litoral de Porto do Son

5. DESENVOLVEMENTO E PARTICIPACIÓN

Na sociedade do coñecemento e da información, o cidadán non pode ser un mero espectador das accións públicas, senón que se converte no verdadeiro actor da xestión e a toma de decisións.

Para que sexa eficaz, a Estratexia debe contar co apoio de todos, xa que a visión e os obxectivos que contén deben ser reforzados e secundados polas autoridades públicas a escala nacional e rexional, polo sector e pola sociedade en xeral.

Para iso esta Estratexia xorde cunha clara vontade de servir de base e marco de todas as iniciativas e colectivos vinculados coa acuicultura. Por iso os seus instrumentos de xestión e desenvolvemento iranse actualizando nunha web creada ao efecto.

Do mesmo xeito abriranse distintos procesos e foros de participación asegurando así a comprensión do modelo previsto e fortalecendo o seu coñecemento e divulgación.

Entre eles, destácase a apertura dun proceso de participación pública no cal se outorgará, a todos os actores interesados e á sociedade en xeral, a posibilidade de achegar melloras sobre o documento da Estratexia Galega da Acuicultura. Este paso non superará, na procura da necesaria axilidade, o mes de duración.

Nesta Estratexia a participación concíbese como un mecanismo de coñecemento profundo da realidade socioeconómica e como unha ferramenta de xestión que involucre ao sector e a sociedade na consecución dos obxectivos económicos, ambientais e sociais previstos.

6. PLANIFICACIÓN TEMPORAL E CRONOGRAMA

ACCIÓNS A ACOMETER DENTRO DA ESTRATEGIA GALEGA DE ACUICULTURA

Realizadas en 2011 ou anteriores:

1. Declaración de interese público de primeira orde da acuicultura

Este trámite xa está realizado, sendo tomado o acordo de declaración o pasado 26 de maio de 2011 por parte do Consello da Xunta. Neste sentido, este paso supón unha das bases de desenvolvemento desta Estrategia.

2. Reorganización interna da desaparecida Consellería do Mar

Realizado mediante a publicación do Decreto 150/2011, de 21 de xullo, polo que se introducen unha serie de modificacións na estrutura competente en materia acuícola de modo que todas as áreas administrativas relacionadas coa acuicultura se integran dentro dunha mesma Dirección Xeral.

Neste caso, contéplase a posibilidade de modificar as estruturas administrativas no desenvolvemento das ferramentas contidas nesta Estrategia e para conseguir unha máis eficaz e eficiente actuación da administración no seu uso.

3. Creación da Comisión do Mexillón

Foi creada mediante a Orde de 28 de decembro de 2010 e trátase dun órgano colexiado e permanente de representación e consulta, sendo dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar. Mantén un funcionamento periódico e positivo.

En previsión para 2012

1. Órganos de consulta:

a. Consello Galego de Pesca: O Decreto 123/2011, de 16 de xuño, vén a reformular a estrutura interna e de funcionamento do Consello Galego de Pesca, e dispón a estrutura en pleno, composto por un presidente, un





vicepresidente, un secretario e 52 vogais, ademais de 10 comisións sectoriais, das cales unha está dedicada á acuicultura e integrada por representantes da actividade acuícola. Prevese que antes de acabar o mes de marzo se realice o pleno constitutivo que poña en práctica esta reforma.

b. Comité Científico Galego de Pesca: O Decreto 72/2011, de 31 de marzo, modifica a composición e funcionamento do Comité Científico Galego de Pesca, que estará composto por 15 membros, entre os cales existe un presidente, un vicepresidente, un secretario e 12 vogais. Prevese que este órgano se constitúa antes de acabar o mes de marzo e entre en funcionamento práctico.

2. Reformulación do Plan de Recuperación de Zonas Improdutivas

A desaparecida Consellería do Mar puxo en marcha en 2010, e co horizonte de 2013, un Plan de Recuperación e adecuación de zonas marisqueiras improdutivas co obxectivo principal de aumentar a produción dos recursos marisqueiros en áreas que actualmente son pouco produtivos debido a alteracións provocadas pola actividade humana.

De cara a redefinir a súa tramitación e desenvolvemento e de cohesionar máis se cabe a súa aplicación e integración das partes implicadas, prevese a súa reformulación durante o primeiro trimestre de 2012.

3. Constitución do Comité Técnico de Acuicultura

Será posto en marcha de forma paralela ao desenvolvemento da Estratexia Galega da Acuicultura e nacerá baixo a forma xurídica de orde, sendo recollido e adecuado posteriormente no seo da Lei de Acuicultura.

Este órgano colexiado estará composto, de forma similar ao Comité Científico Galego de Pesca, por expertos de recoñecido prestixio e experiencia procedentes do sector acuícola e das súas entidades representativas e de asesoramento, así como das universidades galegas. Será conformado e posto en marcha no primeiro trimestre de 2012.

a. Órgano de asesoramento formativo: desenvolvido no seo do Comité Técnico de Acuicultura, e desenvolvido cos seus mesmos prazos temporais, este órgano ad hoc estará encargado da coordinación de materias universitarias vinculadas á acuicultura e á adecuación dos plans formativos na formación regulada.

4. Decreto de ordenación de parques de cultivo

Este texto normativo tomará forma en exercicio da facultade para ordenar os establecementos de cultivos nas zonas de litoral asumida mediante o Decreto 169/1982, de 15 de decembro e integrada no ordenamento xurídico galego a través da Lei 15/1985, de 23 de outubro, de Ordenación Marisqueira e Cultivos Mariños.

Así, substituirase o Decreto 158/1991, de 16 maio polo que se regula o procedemento de revisión e reordenación dos parques de cultivo de moluscos de Carril, xa que, 20 anos despois, este texto normativo non alcanzou os seus obxectivos.

Prevese a redacción e consulta do texto durante o primeiro cuadrimestre de 2012, prevéndose a súa aprobación e publicación en maio deste mesmo ano.

5. Novo decreto de confrarías

Prevese a redacción, de cara a actualizar e racionalizar os seus criterios e disposicións de funcionamento, do texto normativo que substituirá ao Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías e das súas federacións.

Así, e de cara a harmonizar o proceso electoral e o funcionamento interno das confrarías e de adecualo ás tendencias a recoller na modificación da lei, establécese a necesidade de redactar e someter a consulta o texto durante o primeiro semestre de 2012, prevéndose a súa aprobación durante o mes de xullo dese mesmo ano.

6. Plan Director de Acuicultura Litoral

A necesidade de dar curso a unha das actividades que máis dinamismo económico e laboral achegou a Galicia e de facelo en condicións de seguridade xurídica e firmeza administrativa lévannos á elaboración do Plan Director de Acuicultura Litoral, que marcará o desenvolvemento desta actividade no ámbito físico do litoral.

Así, prevese que, unha vez iniciada a súa tramitación, no mes de abril, para a declaración de incidencia supra-municipal e dados os pasos necesarios no ámbito administrativo, se adopte a aprobación definitiva no horizonte de setembro-outubro de 2012.

Neste sentido, a súa aprobación e elaboración levará o acompañamento de varios instrumentos que permitan unha mellor calidade dos establecementos de acuicultura:





a. Guía de criterios de sostibilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral: a presentar antes da finalización do ano en curso.

b. Guía de boas prácticas en acuicultura: a presentar de forma conxena e coincidente coa aprobación definitiva do Plan Director de Acuicultura Litoral, no mes de xullo de 2012.

7. Plan de Ordenación de Cultivos na Zona Marítima

O profundo desenvolvemento e evolución das prácticas de cultivos mariños no ámbito marítimo deron lugar á necesidade de reformular e integrar as súas previsións de futuro, de maneira que se incorporen os cambios producidos tanto na mitilicultura como na piscicultura mariña, e se dea curso a novas actividades de forma coordinada e harmónica cos preexistentes.

Neste sentido prevese, despois dun amplo traballo de análise e diagnóstico da situación actual e as previsións de futuro, ultimar a redacción e consulta do Plan de Ordenación de Cultivos na Zona Marítima no terceiro trimestre de 2012, de forma que se poida aprobar durante o mes de outubro deste mesmo ano e se dea continuidade á planificación integral da acuicultura en todos os ámbitos físicos.

8. Plan de Ordenación de Cultivos na Zona Marítimo-Terrestre

En canto a que xa se dispón do primeiro paso de cara á correcta ordenación dos espazos de actividade mediante a xeorreferenciación e o cartografiado dos bancos marisqueiros do litoral galego, así como unha avaliación do potencial produtivo, pódese establecer xa a adopción do seguinte paso dentro do plan.

Este novo avance ha de estar centrado na planificación das tarefas de cultivo ou semicultivo, para o que se redactará, dende a aprobación da Estratexia Galega da Acuicultura e en conexión cos materiais dispoñibles e en coherencia e coordinación co decreto de ordenación dos parques de cultivo, o Plan de Ordenación de Cultivos na Zona Marítimo-Terrestre, que se consultará durante o terceiro trimestre de 2012 para dispor a súa aprobación durante o mes de novembro deste mesmo ano.

9. Lei Galega de Acuicultura

De acordo co establecido neste documento de planificación, existe a necesidade de levar adiante a redacción dunha lei de acuicultura que deberá establecer un sistema regulatorio pleno para a actividade no territorio

galego, e que se baseará no principio estratéxico e de interese socioeconómico preferente que a acuicultura ten en Galicia.

Este texto legal será ultimado na súa redacción durante o primeiro semestre de 2012, de cara á súa consulta e consensuado co sector no terceiro trimestre deste mesmo ano. Atendendo a este proceso, procederíase ao seu rexistro e tramitación no Parlamento de Galicia no último trimestre de 2012, prevéndose a súa aprobación definitiva en decembro deste mesmo ano.

A aprobación desta lei provocará o seu desenvolvemento normativo conexo e a necesidade de dar forma ás ferramentas condensadas nela, e que cuxo proceso de conformación, execución e posta en marcha tomará boa parte do primeiro semestre do ano 2013.

En previsión para 2013

1. Desenvolvemento normativo e práctico dos elementos contidos na Lei Galega de Acuicultura:


a. Adecuación do funcionamento e regulación, se procede, do Comité Técnico de Acuicultura: adecuando a regulación xurídica ao desenvolvemento da Lei Galega de Acuicultura. Levarase a cabo no primeiro bimestre de 2013.


b. Observatorio galego de mercados de produtos acuícolas: estará deseñado para realizar as análises a escala global, de modo que poida abordar o estudo dos mercados nacionais e internacionais real ou potencialmente destinatarios dos nosos produtos.

Integrado por representantes do sector acuícola e comercializador, levará adiante a constitución dunha Mesa oficial de seguimento permanente da evolución dos parámetros fundamentais da comercialización do produto acuícola. Prevese a súa conformación no primeiro cuadrimestre de 2013, así como a súa posta en marcha durante o mes de maio dese mesmo ano.

c. Órgano centralizado de xestión: en función do disposto na Lei Galega de Acuicultura e de acordo coa Declaración de Interese Social de Primeira orde da Acuicultura, é necesario dispor de ferramentas administrativas para axilizar e priorizar a tramitación de proxectos de implantación de instalacións de produción acuícola.

Estes órganos serán desenvolvidos mediante a fórmula normativa correspondente e derivada da propia lei, e conducirán á creación de dous órganos ou estruturas administrativas dedicadas integramente á acuicultura:





Establecemento dunha comisión única de tramitación: redacción da norma durante o primeiro semestre de 2013 e aprobación desta no mes de xullo dese mesmo ano.

Apertura dunha xanela única para a consecución de licenza ou autorización acuícola: redacción do texto normativo regulador no terceiro trimestre de 2013 e posta en marcha durante o mes de outubro dese mesmo ano.

2. Estudo e desenvolvemento de liñas de financiamento ao abeiro da ferramenta financeira que acompañe á Política Común de Pesca

A aprobación, nos últimos meses do 2012, e entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 2013, da nova Política Común de Pesca traerá consigo, como o fixo ata agora, un novo instrumento financeiro que acompañará o desenvolvemento desta nova planificación.

Dado que a acuicultura apunta a ser unha das liñas fundamentais a financiar neste novo escenario, faise necesario estudar, durante o primeiro semestre do ano, as disposicións económicas e normativas que regularán este novo marco financeiro, de cara a poder publicar, no segundo semestre de 2013, as primeiras vías de financiamento para actividades acuícolas.

3. Plan Galego de I+D+i na acuicultura

Terá como sustento o amplo consenso a xerar entre os organismos de investigación, a administración e o sector empresarial. Deste xeito, establecerase, de forma conexas co Comité Técnico de Acuicultura, este órgano ad hoc que marque as directrices que deben guiar as políticas públicas de I+D+i e fixe as liñas estratéxicas prioritarias no ámbito temporal da ESGA nesta materia. A súa redacción terá lugar durante o segundo e terceiro trimestre do ano, sendo posteriormente aprobado durante o mes de novembro de 2013.

4. Plan Estratéxico de Comercialización dos Produtos Acuáticos

Enmarcará a análise e definirá as recomendacións e accións a executar no ámbito dos mercados dos produtos mariños, con especial atención dunha das súas partes ás procedentes da actividade acuícola. Ademais, farase necesario estudar as mellores vías que, en relación a este ámbito comercial, parece indicar a nova Política Común de Pesca e que podería ser referendada polo seu instrumento financeiro.

Este Plan será elaborado coa participación e o concurso dos actores principais do sector durante o segundo semestre de 2013, presentando as súas conclusións e liñas de acción no mes de decembro dese mesmo ano.

5. Plan estratéxico do Mexillón

Co obxectivo global de marcar a folia de ruta que oriente ao conxunto empresarial mexilloeiro galego cara a un futuro de competitividade e estabilidade, contando cun diagnóstico global deste e determinando as actuacións a desenvolver nos próximos anos, tanto a nivel global como en todos e cada un dos compoñentes da cadea de valor mexilloeira.

Comezarase a elaborar durante 2012 para dispor del ao finalizar o primeiro cuadrimestre de 2013, e estará en consonancia, conexión e coherencia con outras planificacións para o espazo físico marítimo e cos desenvolvidos para a I+D+i e a comercialización.

6. Reforma da Lei de Confrarías

Unha vez que as confrarías de pescadores sexan actualizadas e racionalizadas nos seus criterios e disposicións de funcionamento mediante a reforma do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías e das súas federacións, e celebrado o conxunto dos procesos electorais nestas entidades e nas súas federacións, poderase afrontar a modificación da lei reguladora destas.

Neste sentido, abordarase a reforma da Lei 9/1993, de 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia durante o primeiro trimestre de 2013, procedéndose a redactar e consultar o texto legal co sector. Posteriormente, promoverase a súa tramitación parlamentaria no segundo trimestre dese mesmo ano de cara á súa aprobación definitiva en xuño.

a. Redefinición de funcións internas de agrupacións de mariscadores: de acordo co establecido na proposta formulada pola Comisión Europea para a nova Política Común de Pesca, é necesario reconducir as potencialidades das agrupacións de mariscadores e mariscadoras cara a un maior goberno, fomentando as súas capacidades de xestión das actividades de cultivo e formulando os mecanismos legais necesarios para administrar de maneira autónoma, eficiente e eficaz os seus intereses económicos e as funcións de mellora comercial dos seus produtos.

Dado que estas novas liñas de orientación estarán contempladas na reforma do texto legal regulador das





confraría de pescadores, prevese a execución desta redefinición no mesmo horizonte temporal disposto para a reforma da propia norma.

En previsión para 2014

1. Instrumento prospectivo de dimensión cualitativa e cuantitativa: unha vez que se determina o horizonte temporal da Estratexia, que se estima en 2030, é necesario establecer unha referencia da evolución acuícola con e sen a influencia desta ferramenta, así como establecer a fórmula para introducir as inevitables correccións e reformulacións que a evolución e cambios xurdidos no escenario aconsellen acometer no desenvolvemento desta Estratexia.

Así, e en canto a que estas referencias se marcan no plano cuantitativo e cualitativo:

É necesario establecer unha medición de diversos parámetros significativos e representativos da actividade, que se porán en relación coa situación actual mediante o establecemento de indicadores numéricos claros e adecuados a estes parámetros. Para iso é preciso determinar os plans a desenvolver en cada ámbito físico e pór en marcha cada un dos instrumentos que acolle esta Estratexia.

Do mesmo xeito, en termos cualitativos, faise congruente a determinación dun seguimento do cumprimento dos plans estratéxicos a desenvolver nos ámbitos da I+D+i e da comercialización, así como da necesidade de acometer cambios normativos ou administrativos para adecualos aos cambios que se puidesen producir noutros ámbitos administrativos e que tivesen cumprimento ou asimilación obrigatoria.

Neste sentido, esta ferramenta avaliadora e prospectiva será elaborada ao longo do segundo semestre de 2013, en conxunto e como parte integrada e conexas coas restantes medidas contidas nesta Estratexia, de maneira inmediata polo Comité Técnico da Acuicultura en colaboración coa administración e o sector, e levará á práctica no primeiro semestre de 2014 cos seguintes labores:


Determinación de medicións en termos cuantitativos: superficies de instalacións acuícolas, produción, facturación, investimento, etcétera.

Establecemento de seguimentos en termos cualitativos: adecuación legal e normativa, aplicación de progresos de I+D+i e formación, etc.

CRONOGRAMA

2011	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XULL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
Declaración de interese público de primeira orden da acuicultura												
Reorganización interna da Consellería do Mar												
Creación e posta en marcha da Comisión Mexillón	En funcionamento dende decembro 2010											
2012	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XULL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
Guía de criterios de sostibilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral												
Reforma e posta en marcha do Consello Gallego de Pesca												
Reforma e posta en marcha do Comité Científico Galego de Pesca												
Reformulación do Plan de Recuperación Zonas Improdutivas												
Creación e constitución do Comité Técnico de Acuicultura												
Órgano de asesoramento formativo												
Decreto de ordenación de parques de cultivo												
Reforma do decreto de confrarías												
Plan Director de Acuicultura Litoral (aprobación definitiva)												
Guía de Boas Prácticas en acuicultura												
Plan de Ordenación de Cultivos na Zona Marítima												
Plan de Ordenación de Cultivos na Zona Marítimo - Terrestre												
Lei Galega da Acuicultura												
2013	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XULL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
Adecuación e regulación do Comité Técnico de Acuicultura												
Observatorio gallego de mercados de produtos acuícolas												
Órgano centralizado de xestión												
• Establecemento de comisión única de tramitación												
• Apertura de xanela única para licencias ou autorizacións												
Estudo e desenvolvemento de liñas de financiamento												
Plan Galego de I+D+i na acuicultura												
Plan Estratéxico de Comercialización de Produtos Acuáticos												
Reforma da Lei de Confrarías												
• Redefinición de funcións internas das agrupacións de mariscadores												
Instrumento prospectivo de dimensión cualitativa e cuantitativa 2030												
2014	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XULL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
Instrumento prospectivo de dimensión cualitativa e cuantitativa 2030												

	Redacción-elaboración		Aprobación		Tramitación parlamentaria		Aprobación e publicación de ordes de axuda
--	-----------------------	--	------------	--	---------------------------	--	--



1. BIBLIOGRAFÍA:

7.1. DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

- Reglamento del Parlamento y el Consejo sobre la Política Pesquera Común (COM (2011) 425 final)
- Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo y al Consejo: “Construir un futuro sostenible para la acuicultura. Nuevo impulso a la Estrategia para el desarrollo sostenible de la acuicultura europea” (COM(2009) 162 final)
- Dictamen del Comité Económico y Social Europeo sobre la «Comunicación de la Comisión al Parlamento Europeo y al Consejo — Construir un futuro sostenible para la acuicultura — Nuevo impulso a la Estrategia para el desarrollo sostenible de la acuicultura europea» COM(2009) 162 final.
- Informe del Parlamento Europeo sobre un nuevo impulso a la Estrategia para el Desarrollo Sostenible de la Acuicultura Europea (2009/2107(INI))
- Comunicación de la Comisión al Consejo y al Parlamento Europeo “Estrategia para el desarrollo sostenible de la acuicultura europea” Bruselas, 19.9.2002 COM(2002) 511 final
- Libro Verde sobre la Reforma de la Política Pesquera Común. Bruselas, 22.4.2009 COM(2009)163 final
- Plan Director de Acuicultura de la Comunidad Autónoma del País Vasco. AZTI-Tecnalia, Gobierno Vasco. Diciembre 2008.
- Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Consellería do Medio Rural. Santiago de Compostela, 2011
- Plan Galego de Acuicultura (revisión do Plan Sectorial dos Parques de Tecnoloxía Alimentaria na costa galega). Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Santiago de Compostela, 2007
- Plan sectorial de parques de tecnología alimentaria en la costa gallega. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Santiago de Compostela, 2005.



7.2. PUBLICACIONES Y LIBROS

- Estudio sobre restricciones legales y reglamentarias de la acuicultura europea. Dirección General de Políticas Interiores. Departamento Temático Políticas Estructurales y de Cohesión. Diciembre 2009
- Manual “Gestión de espacios Natura 2000. Disposiciones del artículo 6 de la Directiva 92/43/CEE sobre hábitats”. Comisión Europea. Bruselas, 2000.
- La política pesquera común en cifras. Información estadística básica. Edición 2010. Comisión Europea. Asuntos Marítimos y Pesca. Bruselas, 2010
- FAO Anuario 2008. Estadísticas de Pesca y Acuicultura. FAO. Roma, 2010
- Os hábitats de Interese Comunitario en Galicia. Fichas descriptivas. IBADER – USC. Lugo, 2008
- La acuicultura marina en el marco de la planificación litoral. María Rosa Chapela Pérez. Boletín del Instituto Español de Oceanografía. Madrid, 2020.
- Georreferenciación y cartografiado de los bancos marisqueros de Galicia. Evaluación del potencial marisquero. Serie técnica Los recursos marinos de Galicia. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela, 2005.

7.3. LIGAZÓNS WEB

- www.gacetajuridica.com.pe
- www.pescadegalicia.com
- www.fao.org
- www.europarl.europa.eu/studies
- www.europa.eu
 - eur.lex.europa.eu
 - ec.europa.eu
 - publications.europa.eu
 - epp.eurostat.ec.europa.eu
- www.europarl.europa.eu
- www.boe.es
- www.cetmar.org
- www.marm.es
- www.igafa.es
- www.intecmar.org
- www.conselleriadefacenda.es/plan-estratexico
- www.xunta.es
 - traballo.xunta.es
 - conselleriamar.xunta.es
 - [/diario-oficial-galicia](http://diario-oficial-galicia)
 - [/litoral](http://litoral)
 - cmati.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/2467

